



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 23

V lexislatura

Serie Pleno

Sesión Plenaria 12 de maio de 1998

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto 1.º.-

- Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, formulada polo G.P. Mixto, sobre a dispoñibilidade da propia vida (núm. 1.534).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 73, do 17-4-1998.

Punto 2.º.- Mocións:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Eduardo Gutiérrez Fernández, sobre as medidas que se deben adoptar no relativo á cesión de emisoras de frecuencia modulada (núm. 3.165. Interpelación núm. 2.225).

Publicación da interpelación: BOPG núm. 59, do 27-3-1998. Debate da interpelación: 22-4-1998, DSPG núm. 22, do 22-4-1998. Publicación da moción: BOPG núm. 85, do 8-5-1998.

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as comparecencias do Sr. presidente da Xunta de Galicia na Cámara (núm. 3.229. Interpelación núm. 2.040).

Publicación da interpelación: BOPG núm. 55, do 23-3-1998. Debate da interpelación: 22-4-1998, DSPG núm. 22, do 22-4-1998. Publicación da moción: BOPG núm. 85, do 8-5-1998.

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Javier Losada de Azpiazu, sobre a adopción de medidas para a disolución das fundacións de desenvolvemento comarcal (núm. 3.238. Interpelación núm. 2.061).

Publicación da interpelación: BOPG núm. 56, do 24-3-1998. Debate da interpelación: 22-4-1998, DSPG núm. 22, do 22-4-1998. Publicación da moción: BOPG núm. 85, do 8-5-1998.

Punto 3.º.- Proposicións non de lei:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.ª María Pilar García Negro e D. Xesús Vega Buxán, sobre a docencia en idioma galego na universidade (núm. 922).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 29, do 7-2-1998.

- Do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Vila Pérez, sobre o establecemento de convenios de colaboración e vixilancia para o control das descargas dos topes establecidos para a pesca de cerco nos portos galegos e do Cantábrico (núm. 1.446).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 40, do 21-2-1998.

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Emilio López Pérez e dous deputados e unha deputada máis, sobre a solicitude de parali-

zación pola Axencia Tributaria das actuacións pendentes respecto dos montes veciñais en man común e o establecemento dun réxime tributario específico para eles (número. 1.990).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 55, do 23-3-1998.

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Pérez Touriño e D. Ismael Rego González, sobre a defensa polo Goberno galego ante as administracións central e comunitaria do enlace do trazado da autovía do Cantábrico tanto coa autoestrada do Atlántico coma coa autovía do Noroeste (número. 2.220).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 59, do 27-3-1998.

Punto 4.º.- Interpelacións:

- De D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o criterio do Goberno galego respecto da situación legal do transporte escolar na provincia de Lugo, as medidas adoptadas respecto das irregularidades detectadas no aseguramento dos vehículos na Comunidade Autónoma e a necesidade dun novo regulamento do transporte escolar (número. 2.316).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 64, do 2-4-1998.

- De D. Emilio López Pérez e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o descontrol orzamentario do gasto nas obras do Plan Courel (número. 2.517).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 67, do 6-4-1998.

- De D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios do Goberno galego para a aplicación dun novo imposto sobre o consumo de auga para o uso doméstico (número. 2.766).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 74, do 18-4-1998.

Punto 5.º.- Preguntas:

- De D.ª María Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a compatibilidade das responsabilidades do Sr. delegado da Consellería de Medio Ambiente coa presidencia da Federación de Asociacións de Veciños Limiar e coa dirección do Centro de Educación de Adultos de Ourense (número. 1.902).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 51, do 14-3-1998.

- De D. Antón Louro Goyanes, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a construción de infraestruturas de comunicación na comarca do Morrazo e a súa conexión coa autoestrada do Atlántico (número. 2.081).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 56, do 24-3-1998.

- De D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as declaracións do Sr. presidente da Xunta de Galicia a propósito das listas de aprobados e contratados na Deputación de Ourense (número. 2.223).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 59, do 27-3-1998.

- De D. Xosé Henrique Tello León, D. Xosé Henrique Rodríguez Peña e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do aeroporto de Alvedro (A Coruña) ante o anuncio da restricción dos servizos aéreos (número. 2.309).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 64, do 2-4-1998.

- De D. Francisco Trigo Durán e D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego para a execución das programacións de planeamento dos cascos históricos (número. 2.563).

Publicación da iniciativa: BOPG número. 70, do 11-4-1998.

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, formulada polo G.P. Mixto, sobre a dispoñibilidade da propia vida. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.). (Páx. 1.462)*

Rolda de grupos para fixar posicións: *Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 1.465), Sr. Ferreiro Abelleira (BNG) (Páx. 1.467) e Sr. Sotelo Villar (P). (Páx. 1.468)*

Posición do presentante: *Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.). (Páx. 1.470)*

Votación da toma en consideración da proposición de lei: *rexeitada por 20 votos a favor, 38 en contra e 9 abstencións. (Páx. 1.471)*

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Eduardo Gutiérrez Fernández, sobre as medidas que se deben adoptar no relativo á cesión de emisoras de frecuencia modulada. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación: *Sr. Gutiérrez Fernández (BNG). (Páx. 1.472)*

Rolda de grupos non emendantes: *Sr. Pazos Varela (Mx.) (Páx. 1.473), Sr. Cortizo Nieto (S) (Páx. 1.474) e Sr. Barata Quintas (P). (Páx. 1.476)*

Posición do presentante: *Sr. Gutiérrez Fernández (BNG). (Páx. 1.477)*

Votación da moción: *rexeitada por 20 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 1.477)*

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as comparecencias do Sr. Presidente da Xunta de Galicia na Cámara. (Punto segundo da orde do día.)

O señor secretario (Pedrosa Vicente) le unha emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación. (Páx. 1.477)

Presentación: *Sr. Suárez Canal (BNG). (Páx. 1.477)*

Rolda de grupos emendantes: *Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 1.480)*

Rolda de grupos non emendantes: *Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.) (Páx. 1.482) e Sr. Pita Varela (P). (Páx. 1.483)*

Posición do presentante: *Sr. Beiras Torrado (BNG). (Páx. 1.485)*

Suspéndese a sesión ás doce e trinta minutos da mañá e reiníciase á unha da tarde.

O señor Beiras Torrado (BNG) intervéñ para unha cuestión técnica. (Páx. 1.487). Respóndelle o señor Presidente. (Páx. 1.487)

Votación da moción (coa incorporación da emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación): *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 1.487)*

O señor Beiras Torrado (BNG) intervéñ para manifesta-la protesta do seu grupo pola postura do Grupo Parlamentario Popular ante esta iniciativa, e anuncia o abandono do salón de sesións. (Páx. 1.487)

(Os señores deputados do G.P. do Bloque Nacionalista Galego abandonan o salón de sesións.)

(Neste momento desprégase unha pancarta nas tribunas do público cun texto alusivo ó Concello de Ares. O señor presidente ordena que a retiren.)

O señor Pérez Touriño (S) explica a posición do seu grupo ante o resultado desta iniciativa. (Páx. 1.489). O señor Guerreiro Carreiras (Mx.) intervén sobre esta cuestión. (Páx. 1.489). O señor Pita Varela (P) intervén para facer unhas puntualizacións (Páx. 1.489). De novo, intervén o señor Pérez Touriño (S) para aclaracións (Páx. 1.490) e, finalmente, o señor presidente le o artigo 144 do Regulamento da Cámara. (Páx. 1.490)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Javier Losada de Azpiaz, sobre a adopción de medidas para a disolución das fundacións de desenvolvemento comarcal. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación: Sr. Losada de Azpiaz (S). (Páx. 1.490)

Rolda de grupos non emendantes: Sr. Ruíz Rivas (P). (Páx. 1.492)

Posición do presentante: Sr. Losada de Azpiaz (S). (Páx. 1.494)

Votación da moción: rexeitada por 14 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 1.495)

Modificación da orde do día

O señor presidente manifesta que, por non estar presentes os autores da primeira proposición non de lei que figura na orde do día, sobre a docencia en idioma galego na universidade, considérase decaída, e somete esta decisión ó asentimento da Cámara. (Páx. 1.495). A Cámara amosa o seu asentimento. (Páx. 1.495)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Vila Pérez, sobre o establecemento de convenios de colaboración e vixilancia para o control das descargas dos topes establecidos para a pesca de cerco nos portos galegos e do Cántabrico. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor secretario (Pedrosa Vicente) le a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, de adición dun novo apartado. (Páx. 1.495)

Presentación: Sr. Vila Pérez (P). (Páx. 1.496)

Rolda de grupos emendantes: Sr. Louro Goyanes (S). (Páx. 1.498)

Posición do presentante: Sr. Vila Pérez (P). (Páx. 1.500)

O señor Louro Goyanes (S) intervén para unha cuestión de orde. (Páx. 1.501)

Votación da proposición non de lei: aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 2 abstencións. (Páx. 1.501)

Suspéndese a sesión ás dúas e quince minutos da tarde e reiníciase ás catro e trinta minutos da tarde.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Emilio López Pérez e dous deputados e unha deputada máis, sobre a solicitude de paralización pola Axencia Tributaria das actuacións pendentes respecto dos montes veciñais en man común e o establecemento dun réxime tributario específico para eles. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor secretario le a emenda do G.P. Popular de Galicia, de substitución. (Páx. 1.502).

Presentación: Sr. Vega Buxán (BNG). (Páx. 1.502)

Rolda de grupos emendantes: Sr. Castro García (P). Páx. 1.504)

Rolda de grupos non emendantes: Sr. Pazos Varela (Mx.) (Páx. 1506) e Sr. Sineiro García (S). (Páx. 1.508)

Posición do presentante: Sr. Vega Buxán (BNG). (Páx. 1.510)

Votación da proposición non de lei: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 1.511)*

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Pérez Touriño e D. Ismael Rego González, sobre a defensa polo Goberno galego ante as administracións central e comunitaria do enlace do trazado da autovía do Cantábrico tanto coa autoestrada do Atlántico coma coa autovía do Noroeste. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación: Sr. Rego González (S). (Páx. 1.511)

Rolda de grupos non emendantes: Sr. Pazos Varela (Mx.) (Páx. 1.513), Sr. Trigo Durán (BNG) (Páx. 1.514) e Sr. Casares González (P). (Páx. 1.515)

Posición do presentante: Sr. Rego González (S). (Páx. 1.518)

O señor Rego González (S) intervéñen para puntualizacións. (Páx. 1.519)

Votación da proposición non de lei: *rexeitada por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 1.519)*

Interpelación de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o criterio do Goberno galego respecto da situación legal do transporte escolar na provincia de Lugo, as medidas adoptadas respecto das irregularidades detectadas no aseguramento dos vehículos na Comunidade Autónoma e a necesidade dun novo regulamento do transporte escolar. (Punto cuarto da orde do día.)

Exposición: Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 1.519)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria. (Páx. 1.522)

Rolda de grupos para fixar posicións: Sr. Pazos Varela (Mx.) (Páx. 1.524) e Sr. Tello León (BNG) (Páx. 1.526)

Réplica do autor: Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 1.528)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria. (Páx. 1.529)

Interpelación de D. Emilio López Pérez e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o descontrol orzamentario do gasto nas obras do Plan Courel. (Punto cuarto da orde do día.)

Exposición: Sr. López Pérez (BNG). (Páx. 1.531)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro da Presidencia e Administración Pública. (Páx. 1.533)

Rolda de grupos para fixar posicións: Sr. Sineiro García (S). (Páx. 1.535)

Réplica do autor: Sr. López Pérez (BNG). (Páx. 1.536)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro da Presidencia e Administración Pública. (Páx. 1.539)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado polo vicepresidente primeiro, vicepresidente segundo e polo secretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e polo letrado señor Caride Puente.

Ocupan o banco do Goberno o conselleiro da Presidencia e Administración Pública; o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e o conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.

O señor PRESIDENTE: Señoras e señoras deputados, bos días. Ábrese a sesión.

A lectura da orde do día ímola evitar porque xa teñen todos vostedes unha copia. Non hai ningunha comunicación oficial de inasistencias.

DEBATE DE TOMA EN CONSIDERACIÓN DA PROPOSICIÓN DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS, FORMULADA POLO G.P. MIXTO, SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DA PROPIA VIDA.

O señor PRESIDENTE: Para a defensa desta proposición de lei ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señorías, os deputados de Esquerda Unida-Esquerda Galega, en nome dos cales falo hoxe desde esta tribuna, presentamos ó abeiro do artigo 163 do vixente Regulamento unha proposición de lei para que, en virtude do artigo 10.1 f), do Estatuto, poida ser presentada perante a Mesa do Congreso dos Deputados. A dita proposición de lei afecta a dúas normas existentes, o artigo 143.4 do Código penal vixente e os artigos 10 e 11 da vixente Lei xeral de sanidade, a fin de despenaliza-la eutanasia e de poder dispoñer da propia vida.

Este debate está, como se sabe, na base mesma da nosa democracia, que afecta a dous conceptos inseparables, indisolublemente inseparables: o dereito á vida digna e o dereito á liberdade. Dous son os supostos que debe de contemplar o que queremos que contemple este proxecto de despenalización. Primeiro, o daqueles que, pensando que non merece a pena conti-

nuar adiante, perdida toda esperanza, razoada e racionalmente solicitan axuda para que quen llela preste non estea de ningún modo inmerso en ningunha violación dun dereito protexible, como é o dereito á vida e o de quen quere dispor dela. O outro suposto é o daqueles que xa non teñen sequera ocasión de poder pronunciarse por atoparse en estados de coma irreversible, con perda absoluta de toda clase de facultades, e que deben de ter dereito, se así o dispuxeron no seu día, de adianta-lo que é irremediable. Estes son os obxectivos que pretende esta proposición de lei. Xa dixen antes que o debate non é novo, nin no noso país nin noutros países do noso ámbito nin en países de fóra do noso ámbito. Pero si debemos de recoñecer que un recente feito, a morte do señor Sampedro, deu un impulso formidable a este debate.

Cando o día 16 de abril deste mesmo ano presenteí e defendín diante da Comisión de Sanidade unha proposición non de lei para poñer en vigor o chamado "testamento vital" fun acusado polo representante do Partido Popular de utiliza-la figura do señor Sampedro para facer propaganda política. Non, señores do Partido Popular, nós non utilizamos nin utilizaremos nunca as persoas, e menos persoas como o señor Sampedro. Pero Sampedro amosou de xeito serio, reflexivo e de forma continuada un desexo e planteounos un reto con enorme coraxe cívica e democrática. Deixa un legado, e iso é o que nós queremos defender, un legado democrático, que amplíe a nosa democracia, os dereitos contemplados e necesariamente regulados, ampliando o horizonte das liberdades e da democracia no noso país. Persoas coma el —díciálle eu entón, o 16 de abril, ó representante do Partido Popular— son os que fan avanza-la sociedade, os que introducen novas cotas de liberdade e de civilización nas nosas sociedades.

Polo tanto, esta lei é intentar plasma-lo espírito do señor Sampedro, facer realidade o seu legado, que é a mellor homenaxe de respecto a esa persoa que, dunha forma lúcida, fixo unha reflexión sobre a liberdade e a dignidade humana.

Pero, señorías, situacións como a de Sampedro son unha realidade cotián, non son unha excepción; hai moitos homes e mulleres, moitos concidadáns, que viven sen esperanza e con enormes sufrimentos. E fronte a esa realidade, os lexisladores, os representantes do pobo, non podemos mirar cara a outro lado e igno-

rar esa realidade de sufrimento. Hai que solucionala, hai que poñer en marcha solucións que acaben con esas situacións de sufrimento e de coacción á propia liberdade e autodeterminación persoal.

Pero nós somos conscientes de que buscar unha saída non é unha cuestión fácil, tratándose como se trata dun tema, o da vida, no seu sentido personalizado ou individualizado —porque é un feito irrepetible—, e de que, polo tanto, hai que ter capacidade e tolerancia democrática para buscar unha saída a un problema que existe e que non inventamos nós, nin desde logo este modesto deputado. Pero para buscar esa saída cremos que hai que compatibilizar, ou deben ser combinadas, tres ideas básicas. Penso eu que a nosa proposición de lei combina esas tres ideas básicas sen as cales non se pode resolver este problema ou problemas similares. ¿Cales son esas ideas?

Primeiro, que temos que dilucidar e acouta-lo tereiro do necesario consenso ético para poder resolver este problema. Repito, temos que dilucidar e facer entre todos un esforzo para acoutar con precisión o necesario consenso ético para resolver e abordar este problema.

Segundo, temos que analiza-la capacidade normativa do Estado nesta materia.

Terceiro, temos que definir unha proposta xurídica que non teña máis límites que calquera outra norma, é dicir, que non teña máis límites que a nosa Constitución.

Esas son as tres ideas básicas que combinadas deben de dar solución a este importante problema.

Sobre o consenso ético, ó noso modo de ver, o principio da análise ética debe de basearse exclusivamente na moral civil, exclusivamente na moral civil. A dita moral civil sempre será, polo tanto, plural e necesariamente tolerante; subliño, plural e necesariamente tolerante. Pero ó tempo ten que ser unha moral civil autónoma de intromisións e de influxos, particularmente autónoma respecto dos influxos de carácter relixioso. Non significa isto, señorías, que nós lles pidamos ós cidadáns e cidadás que renuncien ás súas crenzas, de ningunha maneira. Simplemente plantexamos que isto ten que basearse na ética e na moral civil

porque esas crenzas respectables non poden ser impostas ó conxunto da sociedade democrática.

Respectámo-las crenzas relixiosas, pero opoñémos-nos terminantemente a que esas crenzas sexan impostas a quen non as ten, a quen non as comparte, a quen non participa delas. Polo tanto, ese é un principio básico: consenso ético, pero sobre a moral civil, plural, democrática e tolerante.

Da mesma maneira, a moral ou a ética civil é produto da historia, non é unha verdade revelada que se nos dá para sempre nun acto único, é produto da evolución cultural, é produto da historia dos nosos países e das nosas sociedades. Esas son, ó noso xuízo, as coordenadas nas que debe de estar situado o problema do consenso ético.

Na nosa situación histórica, no noso produto cultural histórico, hai unha altísima valoración da vida, sen ningunha dúbida, como non podía ser doutra maneira nunha sociedade altamente civilizada. Pero esta alta valoración da vida está plenamente relacionada coa dignidade da propia vida, o cal incorpora outro valor, que é o valor da autodeterminación persoal e da liberdade como un valor permanente e inderrogable; non hai posibilidade de derrogar ese valor da autodeterminación e da liberdade persoal.

Na súa relación coa eutanasia, este é o campo de valores determinante. Non debe de violentarse a conciencia de ninguén pero tampouco se pode impedir, pola invasión do Estado, a autodeterminación e a liberdade persoal de ninguén. E é precisamente a actual invasión legal do Estado a que impide o desenvolvemento de principios éticos *insoslayables*, neste caso dispoñer da propia vida.

Polo tanto, primeiro punto, creo que pode comparirse ou non, pero está claramente explicado: o intento de busca-lo necesario consenso ético; pero o campo dese consenso ético ten que estar no campo da ética civil, no campo da moral civil produto da evolución histórica e cultural das nosas sociedades.

Segundo punto fundamental: a capacidade normativa do noso Estado. ¿Existe ou non capacidade normativa do Estado? Ó noso xuízo a Constitución vixente é a expresión dese substrato de ética civil, plural e tolerante, e acolle perfectamente unha lexisla-

ción sobre a dispoñibilidade da propia vida. Non só é unha apreciación persoal do noso grupo parlamentario que a Constitución como substrato desa ética civil dea acollida perfectamente legal a unha lexislación sobre este tema. Non so é, insisto, unha apreciación persoal. O Goberno do Partido Popular do Estado acaba de presentar un proxecto de lei de reforma do título VIII do libro segundo do Código penal e na súa exposición de motivos incorpora unha sentenza do Tribunal Constitucional que di literalmente o que acabo de pronunciar. Se quere, lémosla logo no debate, teño aquí a literalidade da sentenza que incorpora o propio Goberno do Partido Popular na exposición de motivos da reforma do título VIII do libro segundo do vixente Código penal. Dito doutra maneira: a Constitución española permíteo perfectamente, acolle, dá amparo e ten espazo para a lexislación sobre a dispoñibilidade da propia vida, pero as únicas sentencias sobre este tema do Tribunal Constitucional avalan esta tese e mesmo o Grupo Popular incorpora nun proxecto de lei esta sentenza do Tribunal Constitucional.

Así, pois, hai capacidade normativa do Estado para abordar e resolver este problema. Non hai ningún impedimento na Constitución española para abordar, resolver e legislar democrática e civilmente para resolver-lo problema que estamos aquí plantexando.

En efecto, as primeiras palabras do título I da Constitución son para recordar que a dignidade das persoas é o fundamento da nosa orde xurídica e da paz social. A vida non pode, pois, transmutarse de dereito en deber so pena de entrar en contradición coa integridade moral das persoas e dos cidadáns.

Neste contexto os poderes públicos deben de velar polo respecto á vida, sen dúbida ningunha, pero cun límite: o límite da autodeterminación persoal.

Non é a xuízo do noso grupo parlamentario que a liberdade sexa un valor superior á vida. Pero neste conflito entre a propia vida e a liberdade debe de asegurarse a dignidade e sempre debe de quedar ese necesario espazo de autodeterminación e de liberdade persoal.

Ese é o noso xuízo o segundo punto que faculta, ó lado do consenso ético, as posibilidades reais de le-

xislación do actual ordenamento xurídico da nosa Constitución.

E finalmente, no terceiro punto, definimos unha proposta xurídica clara, que é a que contempla esta proposición de lei, que, como queda dito, afecta ós artigos 143.4 do Código penal e ós artigos 10 e 11 da Lei xeral de sanidade.

O primeiro despenaliza a conduta dos que mediante actos necesarios ou de cooperación activa faciliten a morte digna e sen dor por petición expresa, libre e inequívoca desta, en caso de enfermidades graves que conduzan necesariamente á morte, produzan graves sufrimentos ou incapaciten permanentemente para valerse por si mesmo. Esas son as condicións.

E o artigo 2 modifica parcialmente a Lei xeral de sanidade para introduci-lo dereito do paciente a decidir libremente, unha vez informado, con toda clase de cautelas e garantías e sempre expresando a súa vontade de xeito fidedigno e manifesto.

Así, pois, creo eu que a nosa proposición de lei contempla os requisitos básicos dunha sociedade moderna e desenvolvida, democrática e tolerante; dá solución ós tres grandes problemas combinados que hai que resolver: o campo e o espazo do consenso ético, a capacidade indiscutible da posibilidade de legislar que contempla a nosa Constitución e o noso ordenamento xurídico, e facemos unha proposta xurídica, que non debe de ter outro límite que o que dixeran ó principio, os límites que ten toda norma xurídica, é dicir, os límites da nosa Constitución, que non quedan polo tanto en entredito con esta proposta.

Pensamos sinceramente que isto vai ser, de aprobarse —e en si mesmo este debate—, aborda-la maioría de idade das nosas democracias. Sei que son temas sensibles, atravesados ademais por sentimentos atávicos que hai que resolver, pero non dándolle as costas á realidade e ós sufrimentos humanos. Hai que dar un paso máis na construción e na regulación dos dereitos que as sociedades modernas van demandando e que configuran precisamente esa modernidade e esa civilidade.

Creo eu sinceramente que de ser aprobado daremos un paso na autodeterminación das persoas, que,

en definitiva, señorías, é a base dunha democracia moderna.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

¿Rolda a favor? *(Pausa.)*

¿Rolda en contra? *(Pausa.)*

Rolda de portavoces.

Ten a palabra o señor Méndez Romeu polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías, o debate que ten hoxe lugar nesta Cámara é un debate que transcende amplamente o que é o significado do debate político nun Parlamento ou nunha Cámara lexislativa.

Hoxe aquí témo-la oportunidade, logo da iniciativa do señor portavoz, do señor voceiro do Grupo Mixto, de debater sobre os principios fundamentais que están detrás da vida política, o principio do dereito á vida e, consecuentemente, o seu correlato, o principio do dereito a unha morte digna, e de facelo precisamente despois do exemplo persoal dun cidadán, dun galego, que ó longo dunha longa batalla xurídica, en circunstancias persoais excepcionais conseguiu e foi quen a trasladar ó conxunto da sociedade, non só do noso país senón tamén moito máis aló das nosas fronteiras, unha situación especialmente lacerante, unha situación especialmente preocupante, dando testemuño coa súa propia vida, coa súa propia obra, dun esforzo de reflexión absolutamente singular. Un esforzo que tivo como consecuencia a apertura dun debate social no que estamos agora mesmo inmersos, pero que tivo tamén consecuencias preocupantes sobre as que todos estamos obrigados a reflexionar.

Tivo, entre outras consecuencias, unha atención excepcional dos medios de comunicación, unha atención que se ben foi quen a dar conta desa situación e destes plantexamentos que facía un cidadán galego a prol dunha morte digna, tamén foi quen a crear unha situación de acoso mediático en torno a persoas achegadas, en torno a familiares, en torno a persoas que de boa fe estaban a cooperar con esta persoa, con este ci-

dadán, para que fora quen a dar fin ós seus obxectivos. E a partir de aí producíronse situacións que evidentemente ofenden o recto sentido da xustiza e, desde logo, ofenden os valores éticos máis fondos. Que persoas que cooperan cun cidadán que está a dar un exemplo exemplar —valla a redundancia— logo sexan perseguidas e colocadas baixo a óptica dos medios de comunicación espertando unha situación morbosa, e que ó mesmo tempo algunhas desas persoas teñan que sufrir cadea por ter cooperado para conseguir que unha persoa alcance a súa plena realización, é algo que evidentemente ofende a sensibilidade e que está a reclamar cambios lexislativos que impidan que esas situacións se poidan repetir.

Ben é certo que outras persoas en circunstancias semellantes se manifestaban neses mesmos días mantendo posicións éticas e persoais diferentes. Ben é certo que o debate se levou nese sentido dentro duns límites de corrección e dentro duns límites de debate ético e filosófico sen acudir ás descualificacións, o que, tratándose dun tema de tanta gravidade, indica que cando menos no no noso país hai xa un nivel de madurez importante en torno a esta cuestión.

Tampouco podemos esquecer que este é un debate que transcende absolutamente a capacidade desta Cámara. Trátase de promover-la modificación do Código penal, o que evidentemente non é competencia da Cámara autonómica; trátase de promover-la modificación da Lei xeral de sanidade, o que non é tampouco competencia desta Cámara. En calquera caso, e como consecuencia desta situación, este debate estase dando agora mesmo —e nel están participando as forzas políticas— no Senado do Estado. Estase dando a través dunha iniciativa conxunta que trata precisamente de facer posible un novo regulamento desta situación. E cómpre dicir —e desde logo teño que dicilo, no nome do Grupo Socialista— que nós estamos claramente a favor de que este debate se poida dar no foro axeitado, neste caso no Senado; que estamos a favor de que se estableza un novo regulamento que afecte a estas circunstancias; que estamos a favor de que isto se faga co máximo consenso social posible e, polo tanto, de que o debate se espalle en tódolos ámbitos; e que estamos a favor de que na nova regulación participen tódolos sectores afectados. Pero estamos tamén a favor de que isto se faga coa tutela xurídica necesaria. E temos que dicir, señor Guerreiro,

que o proxecto que se presenta non ten ou non contempla esa tutela xurídica. E estamos, ademais, a favor de que isto se faga dun xeito que poderíamos resumir en dous grandes principios: que ninguén sexa forzado a face-lo que non quere, e que ninguén sexa impedido de face-lo que desexa facer.

Trátase, polo tanto, de uni-lo principio de liberdade individual, que pode aínda estenderse moito máis aló, co principio do respecto ós profesionais e ás persoas que teñen que participar en procesos destas características; e facelo de xeito que ninguén se sinta violentado na súa conciencia e de xeito que exista esa tutela xurídica dabondo nun novo regulamento destas características.

É certo que estamos ante un debate no que, como en debates que van máis aló do marco político, como cando se fala da despenalización do consumo das drogas ou como cando se fala da interrupción voluntaria do embarazo, entran en xogo crenzas íntimas, entran en xogo sentimentos, entran en xogo valoracións éticas e non soamente tomas de posición políticas. Trátase, polo tanto, de asuntos que precisan do consenso social máis importante e non soamente de tomas de posición conxunturais derivadas do propio xogo político ou derivadas das circunstancias nas que se está a produci-la vida política ou a vida parlamentaria. Somos, polo tanto, partidarios de que este debate se produza a fondo, co tempo suficiente e no marco apropiado, que neste caso, se xa está escomenzado no Senado, nos parece que alí debería de continuar.

Polo tanto, o noso grupo, aquí e hoxe, neste intre, vai optar por unha postura de abstención para facilitar que sexa nese outro marco onde se poida conqueri-lo acordo.

Pero non podemos tampouco esquencer que, cando se fala deste asunto aquí, hai derivacións e hai aspectos que son competencia estricta da Comunidade Autónoma e que tampouco están reflectidos na proposición de lei que se somete a consideración. Hai aspectos que son competencia estricta da Consellería de Sanidade, e nese sentido algunhas cuestións si que se poderían facer. O noso grupo ten presentadas proposicións non de lei para que no seu momento poidan ser debatidas e nas que precisamente se contemplan aspectos colaterais do dereito á morte digna.

Nun ensaio recente dun filósofo da cultura e da civilización occidental moi relevante, Norbert Elías, fala baixo un título xa en si mesmo fermoso da soidade dos moribundos. E fala neste ensaio de que hoxe a morte nas sociedades contemporáneas ten dúas características que a diferencian de como era no pasado. En primeiro lugar, porque a morte hoxe é un feito clínico. A meirande parte das persoas van morrer baixo condicións de protección, ou condicións de cautela, ou condicións de atención ou como consecuencia de decisións positivas ou por omisión da ciencia médica. E en segundo lugar, porque a diferenza do pasado, a morte vai ser un fenómeno privado; non se morre en público, mórrese en privado.

Pois ben, arredor desas dúas condicións é onde se poden tamén tomar algunhas medidas no plano estritamente das competencias da Xunta de Galicia. O noso grupo, a través da iniciativa de dous deputados, ten presentada unha proposición para que se melloren as condicións de atención nos hospitais de Galicia que dependen do Sergas para as persoas que se atopan precisamente neste *trance* final da súa vida e que teñen dereito non só á mellor atención clínica —que a teñen, evidentemente—, senón que teñen dereito tamén a un conxunto de atencións de carácter psicosocial que non se están a producir hoxe nos hospitais de Galicia e que son competencia estricta da Comunidade Autónoma.

Poderíamos, así, comentar algunhas outras cuestións que teñen que ver precisamente coa eficacia deste dereito á morte digna, que é o que ó final se está a discutir aquí hoxe na Cámara.

Pero evidentemente cremos que, pola complexidade e pola repercusión deste debate, non se pode suscitar ou resolver sumariamente mediante un texto que por outra banda, se entráramos a fondo nel, teríamos que formularlle algunhas observacións de carácter xurídico en orde á meirande protección dos valores e dos dereitos individuais, e que, polo tanto, cómpre impulsar un consenso social máis amplo, mante-lo debate na Cámara na que xa está iniciado e paralelamente plantexar que en Galicia se aborden estas outras cuestións complementarias que afectan tamén ás condicións nas que se produce a morte digna.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Méndez.

Ten a palabra o señor Ferreiro Abelleira, polo Grupo Parlamentario do BNG.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: Gracias, señor presidente.

Señorías, a decisión que xerou o cidadán galego Ramón Sampedro, cando menos, cumpriu dous obxectivos: un, a súa determinación de poñer fin a unha situación que el consideraba que non era unha vida digna e, o segundo, e o que nos interesa e sobre o que nos temos que posicionar, é nin máis nin menos que suscitar un debate que logrou na súa totalidade, que é nin máis nin menos que falar da eutanasia. Ramón apelou a todas as instancias, instancias xurídicas, relixiosas e políticas. En ningunha delas, para o seu entender, obtivo unha resposta satisfactoria. É máis, nós coidamos que incluso houbo unha certa hipocrísia á hora de abordar precisamente temas de gran transcendencia.

E aquí podemos falar de que a decisión que tomou este galego non foi precisamente unha desas tomadas como produto dunha situación de desesperación, senón que foi un longo traxecto moi meditado e moi calibrado. O que si é verdade é que esta decisión e a súa consecuencia final xerou gran sensibilidade, e de feito temos aquí multitude de cidadáns que se están autoinculpando á hora de asistilo.

Nós mesmos, o BNG, plantexamos tamén unha proposición non de lei aquí mesmo, e tamén no Congreso en Madrid, que non foi tomada en consideración. De todas as maneiras isto non é óbice para que dalgunha maneira se teña que estar insistindo nesta dirección. ¿Por que? Porque nós temos algo que dicir ao respecto, non podemos ocultarnos. E coido que hai que fuxir precisamente de todas aquelas connotacións que levan inherentes estes casos cando se implican cuestións de índole moral, de índole relixiosa e, sobre todo, cunha certa hipocrísia social.

E eu teño que dicir que a concepción —que cada un interpreta como pode— respecto da eutanasia e da súa definición, é a de "morte sen sufrimento físico". Así o di a Real Academia da Lingua. "Morte fácil e indolora, morte piadosa provocada nunha persoa que

sofre unha enfermidade incurable e dolorosa", segundo o diccionario médico Dorland; ou morte natural, suave, indolora, sen agonía.

En todo caso, calquera de nós ou calquera cidadán deste país pode entender que iso é ao que aspira calquera. Entón aquí temos que facer unha diferenciación en canto ao espírito que se plantexa neste proxecto de lei. Nós entendemos que estamos de acordo na filosofía. Podíamos discrepar neste momento en canto ao propio articulado e habería que facer distintas matizacións ao respecto do dobre concepto que se pretende. Por un lado, a rectificación ou a modificación do Código penal no seu título I. Pero coidamos que aí habería que facer unhas puntualizacións e nós coidamos que non é o momento axeitado agora, senón entrar na filosofía para suscitar o debate.

Tivemos tamén a oportunidade de, parcialmente, debatelo en Comisión, e vimos tamén naquel momento que efectivamente había unhas discrepancias por parte do Grupo do Partido Popular. O que se pretende é nin máis nin menos que cada persoa tome unha decisión libre; polo tanto, non condiciona a ninguén e polo tanto cada un pode ter reservas incluso dos seus condicionantes relixiosos e morais.

Fálase de que tamén hai unha parte absolutamente técnica en canto á modificación da Lei de sanidade naqueles supostos en que se pretende que, dalgunha maneira, aquelas situacións irreversibles se contemplan. Polo tanto, partindo tamén de que entendemos que hai que matizar moi ben cales son os límites deste plantexamento, pero entendendo fundamentalmente que esta decisión é unha decisión que debe ser libre, e entendendo como liberdade que a vida é un dereito pero que en todo caso se pode cuestionar a súa obrigación en determinadas situacións, e partindo tamén de que nós entendemos que non vulnera para nada ningún criterio de índole moral, coas modificacións que pretendemos que se fagan no texto, apoiamos por coincidencia na filosofía.

Hai que dicir que o señor Sampedro, na súa reflexión, nas súas últimas vontades que plantexou á sociedade, falaba nos seguintes termos: "Señores xuíces, autoridades políticas e relixiosas, non é que a miña conciencia se atope atrapada na deformidade do meu corpo, atrofiado e insensible, senón na deformidade, atrofia e insensibilidade das vosas conciencias".

Eu coido que esta reflexión hai que tela en consideración nesta Cámara. ¿Por que? Porque cando se nos implica e se nos incita a que dalgunha maneira tamén tomemos parte nesas decisións que neste caso afectan a un principio ao que ten liberdade todo o mundo de acceder nun sentido ou noutro, parécenos tamén interesante que cando menos tomemos un posicionamento, e de aí que nós apoiemos basicamente a filosofía, sen entrar para nada neste momento no que poden ser os distintos posicionamentos, porque si que teríamos discrepancia á hora da interpretación incluso do propio articulado que se plantexa, que nós coidamos que ten bastantes eivas.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Ferreiro.

Ten a palabra o señor Sotelo Villar polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor SOTELO VILLAR: Señor presidente, señorías.

Señor Guerreiro, hoxe si que sen tapadeiras nos enfrontamos ó tema da eutanasia. Por certo, un tema que polo que se ve pode dar lugar a moitos titulares.

E empezarei manifestando que da múltiple documentación revisada de traballos de prensa e debates, sobre todo dos últimos meses, hai unha cuestión que me chamou a atención. Opinan presidentes de asociacións, políticos, xuíces, ata filósofos, pero unha das partes que ó meu entender tiña que dicir bastante, estoume referindo ós profesionais médicos, escasos comentarios fixeron, escasa participación tiveron nos debates que se celebraron despois da morte de Ramón Sampredo; que, todo hai que dicilo, marcou un antes e un despois neste debate que ten aberto a sociedade sobre o dereito á eutanasia.

¿Que significa esta ausencia, este silencio? Podía significar que os médicos non temos nada que dicir porque a cuestión está clara. Hai unha prohibición legal da eutanasia, e disfráceno como o disfracen, segue sendo neste momento un delito. Aínda que desde a reforma do Código penal do ano 1995 as penas foron atenuadas. Por outro lado, hai unha clara prohibición deontolóxica da eutanasia. O código de ética e

de deontoloxía médica declara a eutanasia, o homicidio por compasión, contrario á ética médica. Pero debo recoñecer que sería pouco realista dicir que en virtude desta prohibición legal e deontolóxica o problema está resolto. Esta conclusión é tan errónea como a deducida de certas enquisas simplistas e cegas á complexidade moral, que din xusto o contrario: que os médicos na súa maior parte están a favor da legalización da eutanasia e da axuda médica ó suicidio.

Da documentación revisada do que din os diferentes códigos de ética sobre os catro grandes problemas da ética da fin da vida, da eutanasia, da axuda médica ó suicidio, do (...) terapéutico e da atención paliativa, de 39 países, 22 de Europa e 17 de América, os resultados son elocuentes. E aínda que os códigos son variados tanto no contido como no estilo non teñen ningunha fisura común na tradición do rechazo á eutanasia e á axuda médica ó suicidio. Direilles máis, un dato significativo: as regras de conducta para os médicos da progresista Real Sociedade Holandesa de Médicos, á cal xa aludín en determinados momentos no pasado debate —creo recordar que do 16 de abril— sobre o testamento vital, garda un silencio absoluto sobre a relación do médico co paciente terminal, un silencio que ó meu entender quere dicir moito. Esta unanimidade tanto no tempo como no espazo sobre a intanxibilidade da vida humana que se acaba débennos facer pensar a todos. Sei que os tempos en que vivimos non son adecuados para propoñer normas morais absolutas, ou simplemente fortes. Non só non están de moda senón que ese posmodernismo, que aparentemente domina os valores éticos da nosa sociedade, parece que é incompatible con conviccións duras.

Pero permítanme que lles diga que, desde o punto de vista médico, o respecto á vida terminal pertence a ese mínimo ético que define a profesión médica. Por moi diferentes camiños, chégase nas diferentes áreas culturais á mesma e firme prohibición da eutanasia. Se aplicámo-lo que din os códigos, parece deducirse que a eutanasia é máis unha cuestión de filosofía, de filósofos, que de médicos. E como xa dixen o pasado 16 de abril cando debatemos sobre o testamento vital, os promotores da eutanasia, da súa despenalización, da súa práctica, saben que o señor Sampredo entrou nesa galería dos símbolos e tratan de sacarlle todo o partido posible á súa morte. Pero non tódolos casos

son o do señor Sampedro. Podo lerlles tres titulares de xornais que nos deben facer reflexionar: "El caso Sampedro no responde a la situación real de los parapléjicos", afirmaba o xefe da unidade de lesionados medulares do Juan Canalejo. "Nilo Villamarín lleva 50 años encamado pero desea vivir", "Los lesionados medulares piden ayudas, no la muerte".

Podemos falar tamén do caso de Holanda, caso que nos serve un pouco para escarmentar en cabeza allea. Miren, hai pouco máis dun ano no Congreso de Médicos Alemáns, unha xuntanza multitudinaria e acostuada a votar todo canto pode ser votado, acordouse por unanimidade expresa-la súa preocupación polo que está pasando nos Países Baixos. E dicíano con estas verbas, leo textualmente: "Nos preocupa hondamente la evolución práctica y la regulación legal de la eutanasia en Holanda, y aunque las motivaciones humanitarias puedan jugar un papel en esa evolución, vemos que, sin que nadie lo evite, poner fin a la vida de los pacientes terminales se está convirtiendo en parte integral del oficio del médico holandés".

Eu creo que estas verbas son moi fortes. Creo que é moi forte esta reflexión. Creo que a calquera que teña un mínimo de sensibilidade, esta conclusión debe facelo pensar. É máis, dado este abuso legal que nos Países Baixos se fai da eutanasia, a Real Sociedade Holandesa de Médicos está escomenzando xa a recomendarlles ós médicos que abandonen estas prácticas. A desconfianza dos anciáns cara ós médicos e hospitais é xa un fenómeno estendido neste país.

A experiencia holandesa dinos que a comprensión sen racionalidade xustifica conductas que xa non respectan a profesionalidade do médico, o seu xuízo obxectivo.

E xa entrando na proposición de lei, señor Guerreiro, eu dígolle con todo o meu respecto á súa persoa —porque a verdade é unha persoa digna de admirar por sobrevivir como sobreviviu vostede politicamente, que evidentemente ten o seu mérito—, pero un pouco en broma: ¿que faría vostede se a eutanasia se aplicara na política? Porque vostede si que estaba en fase terminal hai máis dun ano (*Murmurios*.) e aí está tan fresco. ¿Aplicaríámoslle o Código penal a Esquerda Unida ou ó Partido Socialista? Pero xa en

serio, hai un principio, evidentemente, que é un tema moi serio... (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!

O señor SOTELO VILLAR: Parácese que poderei falar, señor presidente.

Pois xa en serio, señor Pazos... Non se sulfure, señor...

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Sineiro, non forma parte do debate. Por favor.

O señor SOTELO VILLAR: Hai un principio que é básico: o valor da vida. E aínda que, como vostede reflicte nesta proposición de lei, o artigo 15 da Constitución di que todos teñen dereito á vida, non se inclúe o dereito á propia morte, como quere facernos ver na exposición de motivos o señor Guerreiro. En distintas sentencias do Tribunal Constitucional ponse de manifesto que o dereito á vida ten un contido de protección positiva que impide configuralo como un dereito de liberdade que inclúa o dereito á propia morte. Vostede pretende, coa proposición de lei, que no artigo 1 se modifique o artigo 143 do Código penal, despenalizando as persoas que practicasen a eutanasia activa nos casos de enfermidade grave e con petición expresa. Fágolle unha pregunta: ¿cal é o límite da gravidade a partir do cal poderíamos aplica-la eutanasia? ¿Cantas persoas viven cun cancro ou cunha enfermidade grave, que cuns coidados viven anos e anos, e que nun momento de depresión desexan a morte? ¿Cantas enfermidades graves hai que irremediamente hai uns poucos anos conducían á morte e neste momento teñen solución? ¿Parouse a pensar niso? Exemplos como determinados tipos de leucemia, insuficiencias renais ou hepáticas, fibroses pulmonares, que hoxe en día, coa evolución das técnicas e dos tratamentos médicos, teñen solución. A medicina evoluciona, e problemas que hai uns poucos anos eran irresolubles hoxe teñen, cando menos, unha mínima esperanza de solución.

No seu artigo 2, no que vostede propón como artigo 2, pretende modifica-la Lei xeral de sanidade cunha nova redacción sobre a libre elección entre as posibilidades terapéuticas. Non parece entrar de principio

en grave confrontación co espírito da lei aínda que inclúa o consentimento verbal en caso de urxencias por risco vital ou lesións irreversibles, que na práctica xa é unha realidade. Sen embargo, na Lei xeral de saúde recóllese que no caso de negarse a consentir un tratamento debe solicitar a alta voluntaria e asinar dito documento. Vostede pretende modificar este feito, pero se un paciente se nega ó tratamento que se lle subministra nun hospital para agudos, non parece desde o noso punto de vista necesario que permaneza ocupando unha cama sen unha finalidade asistencial concreta.

E respecto da incorporación dun artigo 10 bis creo que, ademais do que vostede expón, se debería valorar, deberíamos valorar, as implicacións legais e de conciencia que lle ocasionarían ó persoal sanitario. Incide vostede outra vez en conceptos pouco definidos como pode se-la afección incurable, enfermidades de morte, etc.

E remato xa con toda seriedade. O debate sobre a eutanasia non fixo máis que escomenzar, que é un tema que a todos nos debe facer reflexionar e non deixarmos levar polos falsos sentimentos de solidariedade. E o Grupo Parlamentario do Partido Popular considera que non é o momento oportuno para aprobar esta proposición de lei, que na actualidade está constituída unha Comisión de estudo no Senado que terá que tomar unha decisión que marcará as actuacións neste tema do sistema sanitario en España.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Sotelo.

Réplica por parte do portavoz do Grupo Parlamentario Mixto, señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Grazas señor presidente.

Señor Sotelo, que a medicina evoluciona enormemente é evidente; por iso vostede ten esperanza de solución, sen dúbida, grazas á evolución da medicina.

Mire, eu, sinceramente, escoitei con atención ó señor Sotelo. Xa o escoitara o 16 de abril e xa lle dixen

entonces que nós non queriamos ningún *tapuxo* sobre a eutanasia, que aquilo era sobre o testamento vital e que traeríamos aquí o tema da eutanasia. ¿Díxenllo, verdade? Non hai *tapuxo* ningún. Nós non andamos con cortinas de fume, dámo-la cara con claridade e sen ambigüidades sobre o que cremos que é necesario. Pero mire, eu escoiteno e é vostede máis reaccionario ca Pío XII, e peor cá Conferencia Espiscoal Española; aínda que eu entendo que iso debe de ser pola invasión masiva deste Parlamento por membros da prelatura persoal, comprendoo perfectamente. Pero é vostede máis reaccionario ca Pío XII.

Segundo, eu o remate da súa intervención non o entendín moi ben. Primeiro larga vostede unha diatriba contra a nosa proposta, en termos de principio, e agora di que non é o momento, que hai unha comisión no Senado. Señor Sotelo, ¿non é o momento ou nunca é o momento? Porque se vostede recoñece que hoxe non é o momento pero seguramente mañá pode selo, non sei a que vén todo o seu discurso principista e reaccionario. ¿Non ve que é unha contradicción? ¿Non é o momento ou nunca é o momento? Porque se vostede me di que esperemos a que madure a sociedade española e logo veremos, entón ¿a que vén todo o seu discurso fundamentalista e principista sobre a ética médica e relixiosa? Non vén para nada. É vostede unha pura contradicción, quizais vostede non se dea conta; aínda que algún día, pola evolución da medicina, poderá vostede ser normal e comprendelo, seguramente.

Vostede vén con outro argumento que me repetiu hoxe un cura na radio, non sei quen: "Non hai que obrigar a ninguén, outros tetraplécicos queren vivir". ¡Naturalmente! Nós nin obrigamos nin queremos obrigar a ninguén a practicala eutanasia, e se me apura, nin sequera a recomendamos; pero é necesario que ese dereito exista. Veñen vostedes co mesmo argumento que sobre o aborto. O aborto é un dereito das mulleres. Non van de festa cando van abortar, a Lei do aborto vixente non obriga a ninguén a abortar, ¿ou vostede pensa que algunha muller que vai abortar — que é un drama persoal — vai obrigada?

A nosa proposta, tanto no caso do aborto coma nesta, non violenta a conciencia de ninguén, pero fai respecta-la autodeterminación de todo o mundo.

E mire vostede, señor Sotelo, nós non estamos dispostos a que en virtude de certos procesos ou de certos preceptos relixiosos, ou falsamente morais, ou parcialmente morais, nos obriguen a nós a crer en milagres nin a esperar sen esperanza nin a confundi-lo sufrimento cun sufrimento redentor, señor Sotelo, como fai tamén a prelatura á que me acabo de referir. O sufrimento non é un sufrimento redentor, como vostede pretende, señor Sotelo, nin nós admitimos iso.

Finalmente, convén que vostede se aclare. Eu intentei poñer en relación —creo que moderadamente— tres conceptos.

Primeiro, o campo do consenso ético. Vostede recoñeza, señor Sotelo, que o necesario consenso ético que hai que ter para este problema non pode se-la base da moral relixiosa, nin pode se-la moral médica, ten que se-la moral civil, produto da evolución cultural e histórica das nosas sociedades, da que é expresión a nosa Constitución. Esa é a única moral que pode barallarse nestes casos, non hai outra moral posible; a moral civil, que é plural e tolerante, que respecta o dereito de todo o mundo, que non pode obrigar a ninguén neste terreo pero que debe de respecta-la autodeterminación e a liberdade persoal.

Mire vostede, señor Sotelo, neste caso estase producindo un feito curioso. Vostedes, que son uns liberais impenitentes no económico, son totalmente intervencionistas nos dereitos públicos, nas liberdades públicas. Vostedes, que din que o Estado ten que desaparecer de todo o proxecto económico ou social, que non debe de protexer ningún ben económico, que deben de se-las partes, a competitividade, o valor persoal —producindo un grave *desgarro* social—, sen embargo, aquí piden a intervención do Estado para invadi-lo campo dos dereitos inalienables persoais, as liberdades individuais e a autodeterminación persoal. Son vostedes intervencionistas nos dereitos que queren limitar e son vostedes naturalmente liberais no tema económico e social; ó revés que o deputado e o grupo que fai esta proposta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Si, señor presidente, só un par de cuestións máis.

Señor Sotelo, eu sei que estes problemas son complicados, e nós pertencemos ó tipo de persoas e de políticos que a pesar de todo queremos que avance a sociedade, e hai que da-la cara. Vostedes son daquelas persoas que nunca queren cambia-la sociedade. E xa lle dixen: ¡gracias que os nosos antepasados, os de vostede e os meus, tiveron actitudes como a que eu defendo!; porque, se non, coas súas ideas aínda ese grupo que se vai opoñer á nosa proposta andaría co anel no nariz, como lle dixen naquela ocasión. Afortunadamente hai quen tira, quen cambia a sociedade, quen encarna valores de renovación, de ética civil e de democracia neste país e no mundo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Quero dicir, señorías, que está claro quen manda neste grupo, quen é quen tira dos principios, quen impón os principios morais nesta Cámara: o Opus Dei. Iso está bastante claro. Pero con isto pasaralles a vostedes como co divorcio e co aborto: irá adiante a pesar da súa resistencia. E gracias a nós, e gracias a moita xente coma nós, vostede acabará sen un anel no nariz tamén neste período histórico.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Procedemos a vota-la proposición de lei que foi debatida neste momento.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición de lei.

MOCIÓN DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, POR INICIATIVA DE D. EDUARDO GUTIÉRREZ FERNÁNDEZ, SOBRE AS MEDIDAS QUE SE DEBEN ADOPTAR NO RELATIVO Á CESIÓN DAS EMISORAS DE FRECUENCIA MODULADA.

O señor PRESIDENTE: Existe unha emenda que por unanimidade da Mesa se declarou non congruente coa moción.

Para a defensa da moción ten a palabra o señor Gutiérrez Fernández.

O señor GUTIÉRREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Como aínda está moi recente a interpelación que motiva esta moción, as súas señorías lembrarán os termos nos que foi exposta, os termos xustos para unha iniciativa parlamentaria que pretendía coñecer as razóns e os motivos concretos dunha determinada acción do Goberno, neste caso a adxudicación de 41 emisoras de frecuencia modulada e a non adxudicación de 5. Lembrarán tamén que, pese á convicción que temos de que o proceso de concesión obedece a comenencias partidarias, situamos entre parénteses a nosa carraxe e centramos a crítica na disonancia existente entre os criterios que figuraban e figuran no prego de bases e o resultado do proceso; ou sexa, na perda de oportunidade para conformar un espazo radiofónico propio —propio do país—, porque para o Bloque Nacionalista Galego a vertebración do país como tal é condición necesaria para o exercicio da política, un país coas súas institucións, Xunta e este Parlamento, coas súas empresas —e, desde logo, entre elas as da comunicación— e co seu espazo radiofónico propio.

Pois ben, daquela o señor conselleiro de Cultura a xeito de resposta laiouse de que foran poucas as empresas galegas de comunicación presentes no concurso. Así que cómpre, primeiramente, preguntarse polas razóns deste feito, ou sexa, por esa suposta atonía do empresariado galego da comunicación. ¿Será porque é norma da Xunta a súa actuación con absoluta neutralidade nos procesos de adxudicación? ¿Ou será quizais porque, como galegos que son, os empresarios osmaban xa o que ía pasar?

Ou sexa, ¿trata por igual a Xunta de Galicia, por exemplo, os concellos do PP e os restantes concellos no relativo á concesión, non de emisoras, senón de subvencións, poño por caso? Pois ben, velái a virtualidade da nosa proposta: comenar o proceso de novo e, a través do establecemento de garantías, animar os grupos empresariais galegos a concorrer.

E de garantías cómpre tamén falar. Hai quince ou vinte días, con motivo da interpelación, expuxemos aquí varios casos de conculcación clamorosa das condicións da anterior adxudicación. E o señor voceiro do PSOE citou un caso concreto, o de Foz. E eu o que vou facer é emendarlo, porque de feito non é aínda como dixo o señor Cortizo daquela, senón que é bastante peor, moito peor.

En Foz, concello do norte de Lugo, concédeselle á COPE unha emisora coa frecuencia 106.0. Pois ben, tal emisora —e xa digo que é un exemplo— está transmitindo utilizando un centro emisor situado no monte Mondigo, en Ribadeo —noutro concello, a certa distancia—; ou sexa, que está incumprindo a condición do emprazamento. E en segundo lugar, carece de programación propia. As desconexións aténdense desde Madrid cun programa idéntico para todas as emisoras que están no mesmo caso. Ou sexa, estase dando a mesma circunstancia que nós denunciabamos o outro día, pero estase dando cunhas emisoras que aínda non tiñan por que empezar a funcionar.

¿Onde queda, pois, o criterio número 1 que cita o artigo 16 do prego de bases, o fomento dos valores e da identidade cultural e social de Galicia e, en especial, o emprego do galego na programación? ¿Onde a porcentaxe de programación propia?

Tamén cando o outro día interviñemos aquí en demanda dese espazo de comunicación propio e necesario para a nosa cultura e para a nosa lingua, ou sexa, para a nosa identidade, o señor conselleiro de Cultura fíxonos un agasallo: recoñecer que as nosas palabras saían do corazón. Estimámoslle o agasallo, pero rexeitamos esas palabras o que teñen de idealismo, de pensamento falso. Os laios respecto da presenza do galego nos medios —da súa escasa presenza, queremos dicir— saen da crúa razón, e non se van conxurar con lirismos, desgraciadamente. Sería demasiado fácil, aínda que difícil sexa compoñer poemas. Se a programación netamente galega das emisoras (*Pronúciase palabras que non se perciben.*) non chega ao 25% e a presenza da lingua se produce unicamente dentro deste tramo do 25%, creo que non debe tomarse como anecdótico e si como sintomático a presenza cada vez máis abundosa de castelanismos no galego popular cando antes eran frecuentes os galeguismos ao falar en español. Pasouse do "no dieron llegado" nos galegos empurrados a cambiar de lingua

ao "non habían chegado" ao falar na lingua propia. As súas señorías desculparán o didactismo, por así dicir, pero é que o problema é moi serio, as linguas non están quedas nin inermes, evolucionan e cambian; e aquí no noso país existe un conflito lingüístico e a súa dinámica prexudica a nosa propia lingua.

De aí a primeira das nosas propostas de resolución, instar a Xunta á revisión de todo o proceso de concesión de emisoras de modulación de frecuencia retrotraendo o expediente á redacción dun novo prego de bases no que se prime a formación dun espazo radiofónico galego con garantías de que o fomento dos valores e da identidade propia de Galicia e o uso do idioma galego sexan requisito e mérito preferente.

E en segundo e en terceiro lugar, as nosas propostas pretenden establecer garantías para o cumprimento tanto desa programación propia como de todos os aspectos legais, particularmente o relativo á presenza do galego. E desde logo, tamén que se informe a este Parlamento sobre o actual grao de cumprimento deses preceptos ou condicións, pois parécenos a nós que é unha base, un dato capital, para mellor valorar as ofertas que se poidan presentar. E tanto o outro día como hoxe, a título de exemplo, unicamente, nós fixemos mención de varios casos —e poderían ser moitos máis— de conculcación da legalidade vixente.

En principio, máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Gutiérrez.

¿Grupos que queiran intervir? (*Pausa.*)

Ten a palabra o señor Pazos Varela polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor PAZOS VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, mágoa que non estea o conselleiro de Cultura e Comunicación Social, simplemente porque quería empezar cunhas manifestacións que fixo o outro día, cando a interpelación, nas que parece que de corazón se laiaba de que fora unha mágoa que non fructificara unha "operación Xerais" ou unha "operación Galaxia", e niso baseaba en parte o tema da concesión das emisoras. Laiábase de que ningún grupo

galego de comunicación, agás o Grupo Voz, participase nese proxecto. En principio, non dicía a verdade, porque hai outros proxectos con base en Galicia —aínda que poida ser capital doutro lado— con moitos máis méritos que grupos de comunicación como o que foi visiblemente beneficiado —estamos a falar da COPE, por exemplo—.

Ó que non respostou o señor conselleiro en ningunha das dúas intervencións que tivo foi a plantexamentos deste grupo nos que se falaba —á parte de que se perdera unha oportunidade histórica para consolidar un grupo de comunicación galego— de pluralismo democrático, de equidade e, realmente, de democracia. A eso non contestou porque non podía facelo, porque os conceptos de xustiza, de equilibrio, de pluralismo, son palabras que están no vocabulario pero, desde logo, non están no fondo da política da Consellería de Cultura ou de "descultura e descomunicación social".

Desde logo, o concepto de comunicación e de cultura ten, á parte dunha dimensión cultural, unha dimensión sociopolítica e unha dimensión económica que se están a burlar nesta adxudicación de emisoras. Desde logo, perdeuse unha oportunidade de construír en Galicia un espazo propio de comunicación, e perdeuse precisamente porque o que se fixo coa adxudicación destas emisoras foi pagar favores que ó mellor nin sequera debe o Goberno da Xunta, senón favores que debe o Goberno "amigo" de Madrid; Goberno "amigo" para o cal o Goberno galego é o Goberno "primo" —vai da amizade á primacía—. Debe se-lo que falaba o outro día un voceiro do Partido Popular da especial sintonía que existe entre o Goberno de Madrid e o Goberno galego, e esa sintonía levou a pagarlle favores, regalando, outorgando sintonías, neste reparto de favores, neste reparto irregular que non se sostén baixo ningún concepto.

Porque o proceso foi irregular, e quedou demostrado aquí o outro día. Primeiro porque non se cumpriron as condicións básicas de adxudicación, ningunha delas: nin en horarios de emisión propia nin no tocante ó fomento da cultura e do idioma galego nin no tocante á pluralidade, ó equilibrio, á equidade nin á xustiza. Non se cumpriu ningún dos conceptos que se enumeraban nas bases e que o señor conselleiro nos reenumerou —en vez de facer unha intervención política fixo unha intervención técnica, de técnico de

Cultura—, ningún deses preceptos se cumpriu. Sen falar xa da irregularidade de que determinadas emisoras estaban preparadas para abrir, ou estaban abertas xa, mesmo antes da adxudicación; ou abriron nun día ou abriron en dous días ou en tres días.

O obxectivo da adxudicación está clarísimo e cumpriuse ó cento por cento: era cerna-lo pluralismo democrático e ó mesmo tempo pagar favores doutros gobernos —que ben llelos deben— para acceder ó poder; primar determinadas amizades ideolóxicas para contrarrestar —e o conselleiro díxoo aquí— outros grupos que tiñan unha determinada presenza e que non son monaguillos nin deste Goberno nin do Goberno de Madrid. Ese é o obxectivo, e ese obxectivo, desde logo, cumpriuse.

Falaba o señor conselleiro —díxeno antes e non estaba— de que non había grupos galegos que se presentaran. Pois mire, ó Grupo Voz, que vostede nomeou como o único grupo galego, concedéuselle o 17% das emisoras que pediu; co cal, se realmente se quixese primar un grupo de comunicación galego, puido concedérselle máis. E é un exemplo. A Editorial Compostela si, o 100%; ó Grupo Faro, o 22% das emisoras que pediron. ¿Onde está o de primar grupos galegos?

E é máis, repito, á parte de favorecer unha determinada cadea estatal, repartíronse outras emisoras a grupos de comunicación que o que van propiciar é ou asociarse a esta ou crear outro grupo de comunicación distinto pero sempre controlado polo Partido Popular, sempre afín ideoloxicamente ás ideas do Partido Popular.

O que se persegue, señor conselleiro, está clarísimo, e vostede é un mestre: é o control ideolóxico dos medios de comunicación cara á uniformidade. Eu aínda diría máis: cara á uniformización, é dicir, a poñer uniforme do pensamento, a todo pensamento, por parte de quen considera este país unha leiriña asociada a un latifundio máis grande que lle chaman España e no que queren asentar un determinado señor con bigote para que se perpetúe no poder, como vostedes, por outra parte, queren perpetuarse aquí.

Eu rescatei para isto un artigo dun intelectual galego, dun gran escritor galego, do que vou ler un par de parágrafos. Di algo así como: "A política de comu-

nicação da Xunta, como se patentiza nas concesións radiofónicas, responde máis a unha mestura de apaño provinciano e interese partidario que a un concepto amplo e futurista do país. E é o que caracteriza tamén a política cultural, intervencionista —e ¡de que maneira!— onde non debería selo e absentista onde se bota en falta. A comunicación, como a cultura, ten hoxe unha dimensión socioeconómica decisiva para un país. O 75% dos postos de traballo creados nos Estados Unidos nos últimos anos ten algo que ver co eido das telecomunicacións. Esa visión é a que explica tamén o milagre irlandés, onde sobrancean desde a informática ata a produción fílmica. ¿Cando se entenderá, por exemplo, que ter unha lingua propia equivale a un tesouro futurista, a un recurso natural, a unha materia prima? Tempos tan propicios están a ser desaproveitados; sen concepto, sen grelo, desta política acabará por dicirse no futuro o que o epitafio dun fidalgo portugués: 'O mal fíxoo ben, e o ben fíxoo mal'."

E remato, señor conselleiro, falando do proceso e dicíndolle que algo cheira a podre, pero desta vez non en Dinamarca senón neste noso país.

E desde logo o cheiro é un cheiro que se suma ó da celulosa ou ó próximo cheiro, que tamén é a podre, do Plan Sogama.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pazos.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías, a esixencia da legalidade debería ser un dos elementos fundamentais deste Parlamento. Como lexislativo, desde logo, non cabe ningunha dúbida de que esta Cámara debería de se-la primeira defensora do cumprimento da legalidade en tódolos seus aspectos. Lamentablemente non sempre é así.

Señor propoñente, eu incluso lle podo aumenta-los datos, cousas curiosas nesto das emisoras. Por exemplo, os milagres da técnica e os milagres do Vicedo; non vou falar dalgúns especiais que todos recordan pero si que a través do Vicedo, por exemplo, a emiso-

ra da COPE de Ribadeo se oe en Viveiro por outra frecuencia. É outra das cousas curiosas, pero, en fin, non é o caso de aumenta-los datos que ilustran o nivel de "chapuza" —entre aspas, ó mellor non é tanta chapuza o que se fai nesta cuestión—.

Na miña intervención con motivo da interpelación eu sinaléi uns feitos que demostraban, se eran certos, unha flagrante violación da legalidade, e mesmo para facer aquilo existían uns motivos relacionados con beneficios políticos ou económicos, en todo caso, evidentemente, dentro dun concepto moi claro e moi contundente, que é o da corrupción, sexa cal sexa o tipo de beneficios que se obteñen, ou se son os dous. Feitos que significaban que había unha empresa que, cos datos na man, tiña que saber varios meses antes da adxudicación das emisoras que lle ían ser concedidas, o cal implicaba complicidades, o cal implicaba trampas, fraudes, violación dos preceptos legais, non só dos preceptos legais que rexían o concurso de adxudicación de emisoras senón moitos outros.

Nunca foron desmentidos aquí nesta Cámara os datos. Non se dixo que é falso que ocorrera esto, que é falso que as emisoras estiveran emitindo ás 24 horas da súa adxudicación, que é falso que non se teña feito esto ou o outro. Ningún dos datos dados foi desmentido.

En troques, o conselleiro de Cultura ameazou con non sei qué cousas —que non as dixo— para que este deputado mantivese a boca cerrada: "Cale vostede que, se non, vou traer eu aquí datos con nomes e apelidos e non sei cuántas cousas máis", cunha técnica bastante frecuente en política, tan frecuente como indeseable. Se un ten datos de calquera tipo de irregularidade, o que ten que facer é denuncialos publicamente neste foro se un se atreve, e se non se atreve, no xulgado, ou nos dous lados. Eso é o que hai que facer nestes casos.

Pero non se desmentiron os datos; polo tanto, non se conseguiu ese obxectivo, que se podía conseguir se se desmenten os datos, e tampouco o de que este deputado deixara de dici-lo que dixo. Polo cal as ameazas tampouco valeron de moito, francamente.

Tamén é verdade que vostede tivo a sorte de que o señor conselleiro dixera o agradable que era debater con vostede en lugar de con outros. Non sei se voste-

de o tomou como mérito ou como demérito, pero tamén se dixo.

O normal nesta situación sería que este deputado, que denunciou politicamente aquí uns datos que demostraban incumprimento da lei —e xa non incumprimento, senón violación flagrante da lei, que induce a pensar na obtención de escuros beneficios e na satisfacción de escuros intereses—, o puxese, para ser congruente e coherente co que digo, en coñecemento da xustiza na instancia oportuna. Isto sería o que este deputado tería que facer despois de denunciálo politicamente e non obter unha resposta que clarexara a cuestión.

E este deputado intentou, efectivamente, que esa denuncia, esa posta en coñecemento da fiscalía, se fixese por acordo deste Parlamento. E presenteí unha emenda á súa moción, unha emenda na que propoño que o Parlamento acorde enviar ó fiscal un escrito que recolla os datos e que diga: "Non foron desmentidos, demóstrase esto, e faga vostede o que queira con estes datos; investigue ou non investigue, decida ou non decida se os autores e os cómplices desta actuación cometeron ou non violación de leis e se detrás hai algún tipo de intereses que non se deberan permitir".

A realidade foi que a pesar de que o artigo 51 desta Cámara permite que nunha moción a Cámara manifeste a súa posición, a Mesa da Cámara, por unanimidade, excepto a miña, claro —por unanimidade dos dous grupos que están e dos catro membros que a forman—, decidiron que a emenda non era aceptable porque textualmente constitúe un relatorio de feitos —loxicamente plantexábase un escrito anexo—, así como que o destinatario da moción é o Executivo e non o Ministerio Fiscal.

Evidentemente eu non comparto en absoluto esta decisión, pero acéptoa porque non me queda máis remedio. Pero tamén é verdade que esta é unha das poucas ocasións nas que, no seu caso, se fose admitida a emenda, e aínda que a votasen en contra nesta Cámara, eu podía permitirme o gusto de envialo despois, co cal a votación en contra non valería de nada para os efectos de envia-lo escrito á fiscalía anticorrupción. Pero ademais poñería de manifesto se se quere ou non se quere transparencia. Pero neste caso a decisión da Mesa, que eu respecto e acato con toda rotundidade, tampouco me supón ningún contratempo

excesivo, porque efectivamente nas próximas horas enviarémo-lo escrito á fiscalía cos datos para que decida se hai ou non hai; eu non prexulgo, pero que a fiscalía decida se isto é normal —a fiscalía anticorrupción, ¡Deus me libre de envialo a outras!—.

A min parécenme unha torpeza os intentos de ocultación, ben porque non se admita a emenda ben porque non se contesten as cousas, cando os datos son tan evidentes. É moito máis sinxelo en política aclarar-las cousas. Non se quixo facer. Eu voulle apoiar a súa moción, ¡faltaría máis!, e dareime o gustazo de que por unha vez a decisión desta Cámara — neste caso a través da decisión da súa Mesa— non impedirá face-lo que quería facer, que era envialo escrito á fiscalía anticorrupción.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Cortizo.

Ten a palabra o señor Barata Quintas polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor BARATA QUINTAS: Señor presidente, señorías, afirma o profesor Martín Serrano que a comunicación constituíuse xa nun compoñente estratégico de calquera actividade relacionada coa produción e a reprodución social. A información é, segundo este profesor, a un tempo cemento da integración social e materia prima na produción de bens e servizos. De feito, ata hai moi pouco tempo a comunicación pública era unha das poucas actividades que aínda non se xestionaban con criterios de mercado. Isto está sen dúbida chegando á súa fin.

O sistema de produción para o mercado xa opera coa información na súa condición doutro ben de consumo, na medida en que o valor de cambio da información se pode calcular con criterios de custo e beneficio, como se fai con calquera outro produto.

O artigo 3 do Decreto 281/1997, do 9 de outubro, polo que se regula o procedemento de contratación da xestión indirecta do servizo de radiodifusión sonora de carácter comercial en ondas métricas con modulación de frecuencia en determinadas localidades da Comunidade Autónoma de Galicia, resalta o carácter comercial da convocatoria. Á convocatoria presentá-

ronse 486 solicitudes para as 46 emisoras, feito que xa foi subliñado aquí polo conselleiro. O artigo 22 do prego de bases administrativas e de condicións técnicas estipula: "As cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación coa interpretación, modificación, resolución, efectos e execución do contrato someteranse á xurisdicción contencioso-administrativa perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, renunciando o adxudicatario ó foro propio que puidera corresponderlle".

Para rematar é preciso traer aquí o artigo 18 do prego de condicións: "Normativa aplicable: a) A Constitución e o Estatuto de autonomía; b) A lei 31/1987, do 3 de decembro, de ordenación das telecomunicacións; c) O Decreto 156/1989, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento de concesión de emisoras de radiodifusión; d) O Real decreto 1.388/1997, do 5 de setembro, polo que se aproba o incremento de frecuencias para a xestión indirecta de emisoras; e) O Decreto 281/1997, do 9 de outubro, que regula o procedemento de contratación da xestión indirecta do servizo de radiodifusión sonora; f) Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos da Administración pública e Real decreto 390/1996, de desenvolvemento parcial; g) Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; h) Prego de bases administrativas e de condicións técnicas.

Finalmente, o artigo 23 establece que o contrato polo que se rexe o presente prego ten carácter administrativo.

Señor presidente, señorías, sen entrar en consideracións que afecten ó fondo da cuestión, chamo a atención de todos vostedes neste senso.

Tal e como está formulada a iniciativa, nin o Goberno da Xunta de Galicia nin ningún goberno ten competencia para anular, excepto os procedementos que se sinalan no ámbito xurídico de aplicación, agás o réxime establecido excepcionalmente nunha concesión administrativa como é esta, un acto administrativo que poida supor dano a intereses de terceiros. Esta, señor presidente, señorías, é a razón fundamental pola que imos rexeitar esta iniciativa á marxe de calquera outro tipo de consideración que puideramos facer.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Barata.

Ten a palabra o señor propoñente.

O señor GUTIÉRREZ FERNÁNDEZ: Gracias, señor presidente.

Ocorréseme, en relación coa intervención do señor Barata, que en todo caso, xa que esa é a única razón, o segundo e terceiro punto da nosa interpelación serán votados favorablemente polo Grupo Popular, porque en absoluto entran en contradición coa súa postura. Supoño que sexa así. Xa sería algo.

De todos os xeitos, tamén en relación coa súa intervención, quería dicir que a cita que fixo acerca do mercado, dos custos e beneficios, para nós todo iso está en clave do país, da súa lingua, da súa cultura, etc. Nós insistimos no que xa dixemos: perdeuse unha oportunidade de conformar ese espacio radiofónico que era vital para a nosa cultura, para a superación do conflito lingüístico. Insistíamos en que non chega coa radio pública; capta moi pouca audiencia, un 10%. A presenza importantísima da radiodifusión pública en Galicia, coas diversas canles de Radio Nacional de España, ten unha moi reducida programación propia. Unicamente a Radio Galega está integramente producida aquí, mentres que Radio 2 e Radio 3 non teñen programación galega e as restantes, unhas cinco emisoras, non acadan o 20% desa programación. Insistimos tamén en que é contradictoria a porcentaxe de programación propia que se está dando coa porcentaxe das concesións. Véxase e compárese, xa se dixo algo disto, que a COPE ten aproximadamente o 11% de programación propia mentres que Radio Voz ten un 60% de programación propia. O espacio radiofónico —e remato— está case saturado e por iso esta era unha oportunidade importante. E con esta decisión estase dificultando mesmo o futuro, e as palabras do señor Barata tamén o confirman. A decisión da Xunta lémbreme quizais o primeiro decreto no que se establecía o monopolio do Estado no relativo ás comunicacións eléctricas, que é de 1908, no que se dicía que ese monopolio se estendía a todos o procedementos similares xa inventados ou que poidan inventarse no porvir; ou sexa, que parece que a única vía que se abre é a vía xudicial.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Gutiérrez.

Procedemos a vota-la moción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

MOCIÓN DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SOBRE AS COMPARECENCIAS DO SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NA CÁMARA.

O señor PRESIDENTE: Existe unha emenda a esta moción presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, da que dará lectura o señor secretario da Mesa.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado José Luis Méndez Romeu, ó abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de modificación á moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as comparecencias do señor presidente da Xunta de Galicia na Cámara:

“1.- O Parlamento de Galicia insta o presidente da Xunta de Galicia a comparecer en cada Pleno ordinario da Cámara para responder a preguntas dos grupos parlamentarios sobre temas de actualidade ou que causen inxenuidade social.

2.- O Pleno da Cámara acorda constituír unha ponencia conxunta dos distintos grupos parlamentarios para a reforma do Regulamento do Parlamento que contemple a comparecencia devandita no punto anterior”.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Suárez Canal para a defensa da moción.

O señor SUÁREZ CANAL: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, na presentación da interpelación argumentamos cómo, desde o punto de vista da normativa existente, o dereito de control do presidente, que este responda diante do Parlamento da súa xestión política, é un dereito substantivo, esencial nas democracias e que non se pode conculcar procedementalmente, como se fai neste Parlamento, como fan vostedes. Vostedes utilizan perversamente a maioría absoluta para impedir as comparecencias e o presidente escúdase na colexiación da Xunta para non contestar as interpelacións nin as preguntas. Fundamentalmente, no día de hoxe, voume referir a estes aspectos da xustificación de impedir un dereito substantivo democrático con base nos votos e con base na maioría absoluta.

Só quen non ten conviccións democráticas e ten unha concepción instrumental da democracia pode utilizar a maioría absoluta para violar e conculcar dereitos fundamentais e substantivos. Estamos a falar, señoras e señores deputados, de corrupción política dos principios democráticos. O presidente, ¡como non!, hoxe ausente outra vez, tan acostumado a xustificar os casos de corrupción no seu partido como menores, non se dá conta de que el mesmo é titular da peor corrupción que pode existir nun sistema democrático, que é a corrupción política que atenta contra os dereitos fundamentais e contra as regras de xogo.

As patentes de corso eran cédulas que se utilizaban para saquear os botíns dos barcos opositores en nome do rei. Vostedes utilizan a maioría absoluta como unha patente de corso, como unha cédula para entrar no botín dos dereitos fundamentais da democracia. E voulles pedir ós deputados desta banda, ós señores deputados e deputadas do Partido Popular, un pequeno exercicio de intelixencia, penso que non será moito pedirilles, non o sei. Matinen por un momento que cinco dos deputados desta banda modificaran, por discrepancias co seu grupo, o seu comportamento e pasaran ao Grupo Mixto, e que a nova maioría configurada na Cámara impedira as comparecencias solicitadas polo presidente ou por algún conselleiro, impedira as comparecencias do presidente. Sería un escándalo, ¿verdade? ¡Sería un escándalo! Máis escándalo aínda é que a maioría absoluta utilice os votos para impedir as comparecencias solicitadas pola opo-

sición, porque ao fin e ao cabo a Xunta, os conselleiros, terían maneira, terían recursos, para responder publicamente da súa actividade política, pero é que o pobo, a sociedade, os grupos da oposición, o pobo galego, deposita nesta Cámara, a través dos votos que lle dá á oposición, o dereito de controlar o Executivo, e ese é o dereito que se está conculcando en nome da maioría absoluta. Trátase, pois, dunha perversión da utilización da maioría absoluta e dunha vulneración flagrante das regras de xogo. Iso é o que se está a facer neste Parlamento.

A actitude do presidente da Xunta, señor Fraga, de non querer saír á luz, de permanecer oculto permanentemente na toupeira da maioría absoluta, é escandalosamente grave. Pero a actitude dos deputados desta Cámara, que cos seus votos denigran e adultan as regras de xogo ao non aceptar comparecencias do presidente, é cómplice da denigración da dignidade deste Parlamento; practican o silencio dos cordeiros, queren protexer co seu silencio cómplice o presidente e permitirlle adoptar unha actitude autista respecto do Parlamento. Porque el fala moito, fala nos medios de comunicación, onde non ten contraste, onde non hai oposición. Aquí, que é onde debía de falar, onde debía dar conta das súas responsabilidades, práctica o autismo.

Vostedes, coa utilización da maioría absoluta pretenden protexer do control da oposición o presidente; pensan como o Quixote, e, coa súa actitude de prote-xelo, colócanlle un *yelmo de mambrino* que o fai invulnerable aos ollos dos deputados da oposición desta Cámara, e cada vez máis aos ollos da cidadanía galega. O engano é claro, e ese *yelmo* xa empeza a parecer evidente que se trata dunha bacía de barbeiro. Mesquindades da democracia, diría eu.

Os votos, señoras e señores deputados do PP, non dan dereito de pernada, iso pensaba Hitler. Nas democracias non se debe pensar así. Os votos non poden conculcar dereitos substantivos e fundamentais, e iso é o que se está a facer nesta Cámara. Deámoslle a volta á aseveración: a maioría absoluta e os votos que vostedes sacaron é o que permite que o señor Fraga non compareza. E eu pregúntome, deámoslle a volta, ¿por que a maioría absoluta impide o control do presidente? ¿Cal é a razón? A razón é evidente, non soporta nin soportou nunca o contraste, a crítica. Para el o importante é a *pleitesía*, a adulación, o *peloteo*. Por

iso ningún medio público deste país publica nunca unha crítica directa e sería ao presidente da Xunta, e moitos privados, con base na presión que exerce, tampouco o fan. Aquí non existe a crítica ao presidente, e o presidente non tolera esa crítica e non está disposto a responder, como prescriben as nosas normas, da súa responsabilidade política no Parlamento.

No esencial, o señor presidente ten vocación de cabo furriel. Todos son recrutados, e os recrutados, nin *rechistar*; iso si, como bo cabo furriel, aos seus superiores el tampouco lles rechista, mesmo cando estean en xogo os intereses fundamentais do noso país.

Cando se utiliza e se instrumentaliza a maioría para non comparecer, o que se está, en definitiva, é sometendo este Parlamento ao bochorno de ver cómo se conculcan dereitos fundamentais. É unha curtidade de miras e unha miseria política.

Que se saiba que se vostedes hoxe non aproban esta modosa e moderada moción que reclama que a Xunta arbitre un procedemento, nin sequera ten que ser en todos os plenos, senón un procedemento para que poidamos dialogar, discutir e esixirlle responsabilidades ao señor Fraga, fundamentalmente é porque Fraga non quere contestar neste Parlamento, Fraga non quere comparecer, Fraga non quere someterse ao control e Fraga non quere dar a cara e responder da súa responsabilidade política; Fraga é, pois, un antidemócrata autoritario e un irresponsable.

Hoxe non hai practicamente ningunha Cámara, nin sequera das autonómicas do Estado español, que non teña establecidos métodos de comparecencia do Executivo e do presidente para responder das súas responsabilidades políticas. É un dereito substantivo e está recollido practicamente en todas as cámaras, mesmo do Congreso. Pero aquí, o señor Fraga e a maioría absoluta que vostedes teñen, fai que sigamos na prehistoria da democracia, diría eu, no pleistoceno. Para o señor Fraga a democracia é un casino onde hai que trucar as regras do xogo para que o xefe gane sempre.

Vulnérans as regras de xogo do pluralismo informativo cos datos lastrados dos medios de comunicación pública galega; vulnérans as regras de xogo ao non aceptar nin sequera as *suxerencias* e indicacións de organismos de contrapeso equilibradores de demo-

cracias, como son o Consello de Contas ou o Valedor do Pobo, e convértese iso nunha ruleta adulterada; e vulnérans as regras de xogo cando se elabora un regulamento e se interpreta ese mesmo regulamento pola maioría para conculcar un dereito substantivo xerando cartas marcadas.

En definitiva, quen vulnera os xogos constantemente chámase claramente tramposo porque vulnera dunha forma reiterada dereitos fundamentais.

Fíxense o que leva ocorrido nesta lexislatura: comparecencias do señor Fraga, ningunha; interpelacións dirixidas a el contestadas, ningunha; preguntas dirixidas a el contestadas, ningunha; comparecencias neste Pleno solicitadas por outros grupos da oposición, ningunha; atrásanse comparecencias en Comisión catro e cinco meses para impedir que teñan virtualidade, temporalidade e actualidade do que se reclama e non se responde a comparecencias en comisións. En definitiva, adulteráanse as regras de xogo democráticas.

E remato, señor presidente. Nós temos claro que estamos ante un feito substantivo e fundamental: ou se acepta por parte de quen goberna que o dar conta das súas responsabilidades no Parlamento é un piar sobre o que se debe asentar a democracia, ou se están conculcando, como ocorre na Xunta de Galicia, dereitos fundamentais. E non son peticións *baladís* as que fai a oposición, son para cousas fundamentais. Pedimos comparecencias do presidente para que explique a composición do seu Goberno, para que nos fale do problema do paro, para que nos fale da cota láctea, para que nos fale do convenio do ferrocarril, para que nos fale do financiamento sanitario, da política de emprego, dos compromisos de goberno saídos do retiro da Armenteira. A todos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL: ...os ollos da cidadanía galega son cuestións fundamentais que implican directamente a responsabilidade do presidente do Goberno e, desde logo, o presidente négase reiteradamente a comparecer e a dar conta das súas responsabilidades.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL: Remato, señor presidente, dicindo que a moción non é nin máis nin menos que reclamar un cumprimento que está nas normas e que vostede reiteradamente, apoiándose nos votos, se nega a cumprir. Coa súa actitude autista no Parlamento e de charlatanería permanente fóra, nos medios de comunicación, o señor Fraga desvela claramente cal é a súa concepción da democracia. Ten unha concepción de república bananeira.

Máis nada e moitas gracias.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Suárez Canal.

Para a defensa da emenda ten a palabra o señor Méndez Romeu polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías, hai só quince días, no último Pleno desta Cámara, falabamos aquí, desde o Grupo Socialista, do déficit democrático que se estaba implantado en Galicia, da asfixia á que estaban sendo sometidas as institucións representativas, e falabamos tamén do desprezo que o Partido Popular e o Goberno da Xunta amosaban polo Parlamento de Galicia. Quince días despois, non temos se non que reiterar esas mesmas apreciacións. Nestes quince días novamente o Grupo Popular acaba de impedi-la comparecencia diante do Pleno solicitada polo Partido Socialista. Ó día de hoxe, transcorrida xa a décima parte desta lexislatura, o Grupo Socialista non obtivo nunca a presenza diante do Pleno dun responsable do Goberno ou do propio presidente da Xunta de Galicia, absolutamente nunca. Esa é a resposta que o Partido Popular, a Xunta de Galicia, o ausente señor Fraga Iribarne, lle adican a este Parlamento de Galicia; un Parlamento que está progresivamente marxinado das decisións da vida política galega, se é que nalgún momento tivo ese peso. Hoxe, en Galicia, estamos instalados nunha cultura autoritaria. O presidente da Xunta de Galicia non fala nunca diante do Pleno, evidentemente nunca tampouco a petición da oposición, e cando fala, dende lonxe, dende algún deses países remotos e alleos á nosa economía, adoita facelo para descualificar, para insultar, para aldraxar, nunca para responder ós problemas que ten plantexados a sociedade galega. Esa é a triste situación na que nos atopamos neste momento.

Señor presidente do Parlamento de Galicia, no momento actual esta Cámara é unha ficción da vida parlamentaria. O Regulamento existente non se cumpre, o Partido Popular, abusando da súa maioría, con desprezo ás formas democráticas, con ignorancia do papel que lle corresponde á oposición, fai tábula rasa dese mesmo Regulamento, como se acaba de expoñer aquí. Dá igual a iniciativa que propoña a oposición, se se fai unha petición de documentación, dereito mínimo dun parlamentario, segundo o Estatuto, non vai ser respostada. Se se fai unha pregunta escrita non se sabe se lle tocará ser respostada, normalmente non, e cando é positiva pasan meses para recibir unha resposta simple, breve, allea ó que se está a preguntar. Nin falemos de interpelacións, proposicións e mocións, que seguen o seu triste destino nas distintas comisións co ritmo cansino que lle imprime o Partido Popular.

Señor presidente, o actual Regulamento da Cámara non serve porque o que non está a funcionar é a propia institución parlamentaria. Estamos nun Parlamento que para o Partido Popular é absolutamente prescindible, innecesario; poderíase existir sen el na concepción que ten o Grupo Popular, o Goberno da Xunta e o señor Fraga Iribarne.

É por iso que o Grupo Socialista presenta unha emenda á moción do Bloque Nacionalista Galego; unha emenda que tenta de completa-la iniciativa deste grupo. Porque na súa moción, señor Suárez Canal, plantexan vostedes que a Xunta reflexione e acepte preparar un sistema para que o presidente compareza. É un bo desexo e nós compartímolo, pero parécenos que o Parlamento se debe un respecto a si mesmo, débelle sobre todo ós cidadáns que representa e, polo tanto, o Parlamento ten que tomar *per se* unha decisión. E nós propoñemos que esa decisión teña dúas partes: unha, fixar un calendario de comparecencias sistemáticas do señor Fraga Iribarne. Non é ningún desdouro para o señor Fraga Iribarne, faise en tódolos parlamentos democráticos que se teñen por tales, faise mesmo nas Cortes do Estado, onde o presidente do Goberno se somete sistematicamente ás preguntas de control da oposición, que para iso está a oposición. En Galicia iso é impensable. O señor Fraga Iribarne, fundador do seu grupo, marca aquí regras de xogo ben distintas ás que se fan no resto do país ou ás que se fan noutros parlamentos, evidentemente coa con-

vencia e o aplauso das señoras e señores deputados do Grupo Popular. E nunha segunda proposta plantexamos que, se o impedimento é o Regulamento, se aborde ese Regulamento nese aspecto concreto. Cuestións as dúas ben sinxelas. Trátase simplemente de que o presidente renda contas aquí dun billón de pesetas que os cidadáns galegos poñen nas súas mans para administrar, que renda contas aquí diante dos problemas importantes que están plantexados na sociedade galega e que o faga de acordo cos principios de oportunidade, de inmediatez, de importancia. Non se trata de que veña aquí responder un presidente da Xunta —tan ocupado— de cuestións menores, non, que o faga dos problemas da actualidade, dos que están a causar preocupacións na sociedade, dos que se están a debater nos medios de comunicación, dos que están a suscitarlo debate político, e que o faga dun xeito normal, sistemático, periódico, evidentemente para que teña que escoita-la voz da oposición. Para iso está esta figura de control. E non volvamos falar das figuras de impulso, das que ningunha absolutamente serve no momento actual para nada.

Estamos nun momento crucial no Parlamento de Galicia; estamos vendo que, logo destes meses de lexislatura, estamos xa na posición da lexislatura anterior; estamos, polo tanto, diante dunha oportunidade que se o Partido Popular, a Xunta de Galicia e o señor Fraga Iribarne non aproveitan terá que levar á oposición a reconsiderar cál é o seu papel dentro desta Cámara e a considerar que nesta Cámara é imposible face-lo labor que os cidadáns lle dan á oposición, o labor de control do Executivo. Non é o labor de obstaculización, é o labor de control, de coñecemento, de información, de posta diante de toda a sociedade galega dos problemas que lle preocupan a esa sociedade.

E, desde logo, para o Grupo Socialista esta cuestión é fundamental. Se esta cuestión non ten unha resposta pronta, favorable, positiva, razoable, o Grupo Socialista terá que replantexar cál é a súa función nunha Cámara na que tódalas súas iniciativas son desprezadas.

Queixábase vostede, señor Suárez Canal, do papel no que teñen reducida á oposición, pois quíxese vostede, que aínda lle admiten ó seu grupo sistematicamente algunha comparecencia, que aínda lle admiten unha presenza preponderante nas comisións parlamentarias. ¿Que pode dicir o Grupo Socialista, que

está marxinado na composición das comisións, que está alleo ás presidencias das mesas, que está sobre todo vetado para pedir calquera comparecencia? Non quero, evidentemente, entrar en confrontacións neste tema co Bloque Nacionalista, con quen compartímoloo fondo da cuestión: o desprezo pola oposición neste Parlamento e a ausencia de regras democráticas de xogo.

O señor Fraga Iribarne, unha vez máis ausente, párecese cada vez máis ó xove señor Fraga Iribarne. Coma el, prefere un sistema autoritario, prefere a represión policial. ¿Teñen as súas señorías reflexionado sobre o feito importante de que nunca houbo tantos conflitos de orde pública como nos dous últimos anos baixo o Goberno Popular en tódalas administracións, estatal, galega e en moitos concellos de Galicia? ¿Son vostedes conscientes de que se está voltando a unha situación de conflictividade que non tiña precedentes nos anos recentes en Galicia?

Isto ten tamén algo que ver con esta situación de instalación sistemática no autoritarismo. Censura de novo, como nos vellos tempos do franquismo. Basta ve-lo que está ocorrendo nos medios de comunicación públicos —e algún día falaremos polo miúdo— para atoparnos con mostras de manipulación que están documentadas en tódolos libros que, por exemplo, estudian o fenómeno da manipulación da imaxe baixo o estalinismo. Fanse desaparecer mesmo das imaxes os personaxes incómodos.

Estamos nunha situación na que a todas estas características se une a máis querida aparentemente polo señor Fraga Iribarne: a dun Parlamento que sexa como as vellas Cortes que el coñeceu, un Parlamento que exerza unicamente a función de aplauso, a función de cámara de resonancia do poder establecido, a función de gratificación do gobernante autoritario, a función fundamentalmente de servilismo diante das consignas emanadas dende o poder. ¿Cre realmente o Grupo Popular que é admisible que o Parlamento de Galicia estea reducido a esta condición? ¿Ata cando vai continuar esta posición? ¿Que cómpre facer para que o Grupo Popular, o Goberno da Xunta e o señor Fraga Iribarne comprendan que esta situación é insostenible?, ¿vir aquí tódolos días cunha pancarta?, ¿encadearnos diante das portas dun Parlamento aldraxado e marxinado?, ¿ou acudir aínda a outro tipo de medidas? Realmente, ¿en que situación estamos aquí?

¿Que reflexións fan vostedes?, ¿que van proseguir así os próximos tres anos e medio? ¿Para que queren entón o Parlamento?

Esta é unha situación gravísima, reitérolo e con isto finalizo. O Grupo Socialista non está disposto, por respecto ós votos que representa nesta Cámara, ás cidadás e cidadáns galegos que representa, a consentilo por máis tempo e, evidentemente, se hoxe novamente é rexeitada esta proposición, teremos que considerar que vostedes están botando a oposición fóra dunha cámara democrática que ten que ter, necesariamente, a función de control.

Máis nada e moitas gracias.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Méndez.

¿Grupos parlamentarios que desexen intervir?
(Pausa.)

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señorías, moitas gracias.

Eu vou ser breve porque está practicamente todo dito; sobre todo a experiencia destes meses non deixa lugar a dúbidas sobre a intención, a estratexia e o horizonte que quere reservarlle a esta Cámara o Partido Popular e o Goberno presidido por Manuel Fraga. Baste dicir e repetir contundentemente que é obvio que, non só como dicía o deputado señor Méndez, é prescindible esta Cámara para eles, é que é molesta, porque hai un control democrático e queren evita-lo control democrático. Non só é prescindible, é molesto. Para vostedes é evidente que calquera tipo de control, calquera tipo de debate democrático invade o que pensan que é monopolio seu, o poder político. Non hai división para vostedes do poder político, hai un poder omnímodo, que xa nin sequera é a Xunta de Galicia na súa concepción, é o seu presidente, e o presidente é Galicia, o presidente é o todo, non ten necesidade de dar ningún tipo de explicación nin de someterse a ningún tipo de control. Esa é a filosofía, esa é a intención.

Certamente iso vén ocorrendo nesta Cámara. É unha Cámara que queren vostedes reducir, como dixemos moitas veces, a un elemento ornamental, reducila á mínima expresión, evitar, polo tanto, a expresión e a vitalidade democrática centrada na principal institución do país. Disto non hai ningunha dúbida. Agora ben, o problema é que aquí con isto coincide calquera persoa que leve observando este Parlamento, sen embargo, creo eu que o Partido Popular está desenvolvendo unha estratexia política que consiste en intentar dividi-la oposición, e eu quero facer un chamamento neste sentido. É verdade que non hai control, que limitan o control, pero, por exemplo, teñen a seguinte estratexia. Nos últimos nove plenos ó Bloque Nacionalista Galego se lle aceptan as comparecencias que pide e ó Partido Socialista de Galicia e a Esquerda Unida-Esquerda Galega ningunha, en dez plenos, para que a oposición nos enfrontemos. Esa é a estratexia, que nos enfrontemos para logra-lo que vostedes cren que é fundamental, que é que esta Cámara non exista.

Pero ademais hai outra razón política que eu quero dicir nesta tribuna. A estratexia da Xunta de Galicia está clara, non está xa en función de Galicia, está en función das próximas eleccións xerais. Están vostedes supeditados á estratexia de Aznar, que consiste en que a esquerda, que estamos naqueles bancos, non consigamos importante número de escanos estatais porque son a única alternativa estatal ó Partido Popular. Esa é a estratexia da Xunta de Galicia, dividi-la oposición, enfronta-la oposición, e eu digo que a oposición debe de manterse unida, e debe de manterse unida non só na denuncia —que somos unánimes neste feito— de querer reducir a este Parlamento, senón tamén nas accións conxuntas que debemos desenvolver, porque se non as desenvolvemos conxunta e consensuadamente conseguirán dividir e enfronta-la oposición e conseguirán tódolos seus obxectivos.

Polo tanto, eu creo, efectivamente, que algo hai que facer. É evidente que levamos dez plenos sen que as comparecencias do PSdeG-PSOE e de Esquerda Unida-Esquerda Galega sexan aceptadas, é verdade que vostedes queren reducir todo tipo de control parlamentario, e que o señor presidente do Goberno non compareceu nunca nesta Cámara, nada máis que a esixible comparecencia da sesión de investidura. Todo iso é certo, pero eu fago un chamamento á oposición

para que fagamos unha resposta conxunta e meditada, que sexa ben entendida pola opinión pública e, sobre todo, que sexa unha acción conxunta da oposición. Nós estamos dispostos a ese consenso, así llelo explicamos ós outros portavoces parlamentarios, pero merece a pena pensalo conxuntamente, merece a pena que non haxa ninguén que se atribúa ningunha representación que non lle corresponde, e merece a pena que manteñamos unha estratexia consensuada de longo alcance, sostida no tempo, para volver restablecer a centralidade do Parlamento e frustra-las intencións da Xunta de Galicia, que son dividirmos, enfrontarnos e logra-los seus obxectivos.

Eu fago aquí pública expresión da miña vontade e da vontade do noso grupo de empezar a partir de hoxe, hoxe mesmo, a reunirmos, a oposición, para deseñar conxunta e consensuadamente unha estratexia política. Iso sería o que demostraría que pensamos no Parlamento e na restauración da democracia e non en intereses partidistas. Á miña disposición, o consenso da oposición, o meu rexeitamento a calquera protagonismo partidista.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Pita Varela polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, señorías, en primeiro lugar, no nome do Grupo Parlamentario Popular, o noso respecto máis profundo ós medios de comunicación, a todos, cos que discrepamos, que ás veces discrepamos, e cos que non discrepamos.

Falouse aquí de que non estaba hoxe, de que non se atopa nesta Cámara o presidente do Goberno galego. Non, porque hoxe, como onte e como mañá, e como tantos outros días, por mandato popular, está traballando arreo e a prol de Galicia, e nunca fixo o que fixeron outros, é dicir, viaxes a la *dolce vita*. Señor Guerreiro, o exemplo —xa que botou o discurso sobre a unión— de unión por descontento xa o deu vostede no seu momento. Non sei, creo que o discurso llo dirixiu a esa banda; nós, desde logo, non lle recollémo-lo seu discurso por se acaso, por se acaso.

O señor voceiro do Partido Socialista pois, entre outras cousas, á parte do que dixo, presentou unha emenda máis aló do que se plantexa na propia moción, é dicir, esixindo, pedindo, a comparecencia sistemática e regular practicamente en tódalas sesións do presidente da Cámara, ou perdón, do presidente do Goberno. ¡Que oportunidades perdeu e segue perdendo concretamente este voceiro, coma outros do Grupo Socialista, de facer estas propostas cando gobenaban en Madrid, por exemplo, ou inclusive... (*Murmurios*.)

O señor PRESIDENTE: Por favor, cando vostedes falaren non os interrompeu ninguén.

O señor PITA VARELA: Aínda non saben o que vou dicir, despois xa lles direi algo sobre esa cuestión, que parece que se lles solta.

O señor PRESIDENTE: Prosiga, prosiga.

O señor PITA VARELA: ...pero tamén para facer ese tipo de propostas nalgún concello emblemático, que xa saben que lle chaman o concello do tic tac, é dicir, o concello do si, *no*, si, *no*, porque esas son *las respuestas* a tódolos grupos da oposición. E aquí hai algún concelleiro rival de vostede que pode contar auténticas fazañas en canto ó talante democrático, á capacidade de resposta e á capacidade de intervención de quen preside as sesións nese emblemático concello.

Polo tanto, repito, eu recoméndolle que faga algún exercicio de práctica inicial nese sitio, porque tamén é bo e tamén é importante que faga a práctica aí.

Respecto do Partido Socialista, caprichosamente expuxo aquí o seu voceiro que non se lle aceptaba... Claro é que nós temos predilección; aceptámo-las proposicións ou as peticións do grupo do BNG e non aceptámo-las súas. ¡Vamos!, xa é o colmo do mal entendemento ou do non entender absolutamente nada. O que pasa é que, claro, actúase caprichosamente, retíranse as peticións de comparecencia que nós lles aceptabamos, caprichosamente non piden algunhas que teñen solicitadas, pero aínda máis grave, e ademais xa se lles dixo o outro día, non é que lleas rexeitáramos, é que quedaban dúas pendentes de ampliación de información para que cando se lles dese resposta lles chegase moito máis clara, fose máis efi-

caz e quedasen máis convencidos. Pero vostedes iso non o queren entender.

E o colmo é o que fixeron vostedes na última Xunta de Portavoces —cousa que non lle quere aceptalo Goberno—. Vostedes reclamaron como grupo que as comisións —que non é potestativo—, que teñen un presidente, un vicepresidente e un secretario e teñen plena autonomía para confeccionala orde do día, lles teñan que preguntar a vostedes para ver cales son os puntos que vostedes demandan e para que lles inclúan na orde do día. Queren que se lles consulte; é dicir, queren impoñernos a nós, á maioría e ó Goberno, o que vostedes queiran. Ese é o seu talante democrático, ¿de acordo? Pois sigan por ese camiño.

Polo tanto, a acusación que se está producindo é neste momento un bloqueo institucional, como manifestaron inclusive publicamente, e pura estratexia, non de desgaste, de intento de desgaste, que é outra cuestión totalmente distinta. Unha cousa é a que vostedes pretendan e outra cousa é a realidade. Non hai ningún tipo de limitación na vida parlamentaria, salvo que os grupos da oposición interpreten que as minorías deben impoñerse ás maiorías e que a vontade de 42 deputados deba someterse á vontade de 33. O intento de acadar ese obxectivo por calquera medio ten un nome que eu non vou cualificar nin *calificar* neste momento. Nós, a pesar do que dixeron os voceiros, retámolos democraticamente a que saian aquí e a que digan en qué mandamento legal, xurídico ou institucional conculcámo-los dereitos da minoría. Dígano aquí e digan o artigo, digan en qué regulamento nós o conculcamos, porque se non, están faltando á verdade.

Ademais de xestos, de tics tremendistas, de insultos, de descalificacións, citen aquí un só artigo da Carta Magna de tódolos españois, que nos digan qué artigo non cumprimos do Regulamento desta Cámara, digan cal non cumprimos do Estatuto de autonomía, dígano; pero digan cal é, porque se non, é facer piruetas e acusar pero sen ningunha xustificación legal. Dígano, por favor, aquí, se non, coma sempre, é puro exercicio de fariseísmo.

Aquí púxose o exemplo doutras autonomía. Pois miren, Parlamento extremeño, gobernado —dos poucos que quedan— polo Partido Socialista, artigo 144: "*Los miembros de la Junta de Extremadura, a peti-*

ción propia o por acuerdo de la Mesa de la Cámara y de la Junta de Portavoces deberán comparecer ante el Pleno o cualquiera de sus comisiones para informar sobre un asunto determinado. La iniciativa para la adopción de tales acuerdos corresponderá a dos grupos parlamentarios o a la quinta parte de los miembros de la Cámara de la Comisión, según los casos".

Ben, Parlamento de Andalucía, outro dos que queda gobernado por vostedes, dos que gobernan, quédanlles tres... (*Murmurios*): "*Los miembros del Consejo de Gobierno*" —creo que non entenden ben, hai que ir á escola— "*a petición propia*" —non di o presidente, a ver se entenden— "*o a iniciativa de dos grupos parlamentarios o de la décima parte de los miembros de la Cámara de la Comisión, según los casos, deberán comparecer ante el Pleno o cualesquiera comisiones para celebrar una sesión informativa*".

Castilla-La Mancha: "Os membros do Consello do Goberno, a petición propia ou por acordo da Mesa, oída a Xunta de Portavoces, comparecerán ante o Pleno para informar sobre un asunto determinado. A iniciativa para a adopción de tal acordo corresponde a un grupo parlamentario ou á cuarta parte dos membros da Cámara", cuarta parte.

Ben, Cataluña. En Cataluña incluso se restrinxen máis. En Cataluña restrínxese máis porque fala da solicitude ós membros do Goberno, nunca ó presidente da Generalitat: "*Dicha solicitud podrán realizarla una vez durante cada período de sesiones. El procedimiento para el debate y la presentación y votación será la establecida en tal... El debate se iniciará con la intervención de un miembro del Consejo Ejecutivo, y, cuando los debates a que se refiere este artículo se celebren a iniciativa parlamentaria, no podrán tener lugar más de cuatro veces en el conjunto de los dos períodos de sesiones que van de septiembre a junio*". *Esto para el control al gobierno, mucho más limitado*.

O mesmo lle diría con carácter xeral do Congreso, do que falou aquí e quero contestarlle porque se estaban alporizando. Mire, dende o ano 1982 ó ano 1993 o presidente socialista do Goberno español non compareceu nunca, salvo no debate do estado da nación, como comparece aquí o presidente. Polo tanto, é falso

todo o que están dicindo. E comparece desde o 1993 porque perdeu a maioría e os cataláns o obrigaron a saír á palestra. ¿Quédalles claro? Quédalles claro ós nosos cidadáns, vostedes xa o sabían, e falséano. ¿Está claro? Ben, se non, repítollo outra vez.

Polo tanto, o xogo democrático é para todos, non para uns cando convén e para outros non. Como non teñen argumentos para poñer-las éxitos que ten o noso Executivo, dígolles a verdade, están cheos de envexa. Eu penso que deberían de estar satisfeitos do ben que está funcionando o conxunto do Estado e a nosa Autonomía. Están cheos de envexa, incluso eu nalgún caso atopo palabras de rancor; intentan diluír sistematicamente os nosos éxitos, os que si nos recoñeceu o pobo galego cun referendo abrumador, no seu momento, por terceira vez consecutiva. Intentan desgastar cunha estratexia, para nós *burda* e groseira, un auténtico exercicio de incompetencia política porque, repito, que saia aquí o propoñente e que diga artigos, que diga cando se conculcou aquí, onde está, dígaos, por favor, cíteos, léaos. Eu léollos e dígollo, e desafiño a que os diga, porque se non, repito: fariseísmo político.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor PITA VARELA: Buscan argucias, buscan titulares, aínda que eu lle quero recordar que a maioría xa hai tempo que non traga. Uns practican o victimismo, outros ameazan, buscan na provocación situacións límites que non se producen nesta Cámara, que inventan e que queren que se produzan nesta Cámara. Miren, aquí, os grupos da oposición, están exacerbando a crítica ata chegar ó que poderíamos denominalo "paroxismo político". Dígolle-la verdade, non é ese o camiño, están totalmente equivocados.

E, por outra banda, ¡home!, cando falen de intolerancia... Eu está mañá cando cheguei aquí atopeime cun colectivo de cidadáns do concello de Ares, onde goberna coaligado o Partido Socialista creo que con algún do Bloque Nacionalista Galego. Pois pregunténlles —moitos xa o saben— a eles cál é a intolerancia, cómo se goberna, iso si, en contra do grupo máis votado, maioritario alí, que é o grupo do PP, e cómo son escoitados os cidadáns nas súas alegacións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PITA VARELA: Téñenos por aí fóra e pódennllo preguntar.

Eu, ademais, quérolles dicir unha cousa, houbo quen machacou toda unha comarca que se chama Ferrolterra, témolo moi gravado tódolos galegos, e hai quen agora se encarga, concello a concello, de tratar de machacalo. Iso si que se chama, señorías, señor presidente, intolerancia.

Remato, señor presidente. Hai dúas formas de vir ó Parlamento, unha, a facer propostas serias, profundas, constructivas, que poden ás veces ser recollidas ou non por quen representa a maioría, e iso chámase xogo democrático, e hai outra, a de vir ó Parlamento a descualificar, a proferir algún que outro insulto ou a montar ás veces un *show*. Nós, o Grupo Parlamentario Popular que apoia o Goberno de Galicia, optamos pola primeira, os demais, cadaquén ten a súa responsabilidade.

Máis nada e moitas gracias, señor presidente.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pita.

Para posicionarse respecto das emendas ten a súa rolda o portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

¿Sae vostede, señor Beiras?

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, exactamente, o portavoz do Grupo Parlamentario do BNG é quen vai facer uso do palabra, o portavoz titular.

Señor presidente, señorías, é preciso clarificar absolutamente as coordenadas nas que se move unha situación que chegou ao seu límite. Está en cuestión todo o que tanto o portavoz en defensa da nosa moción, o señor Suárez Canal, dixo, como o que dixo á súa vez o señor Méndez Romeu falando polo Grupo Socialista; absolutamente todo iso está en xogo, e trátase de dereitos substantivos.

E hai un problema moi grave no plano xurídico que é que cando normas de carácter adxectivo, é dicir, procesuais, se utilizan de maneira que invalidan abso-

lutamente a vixencia fáctica de normas substantivas, estase producindo unha situación de indefensión e, polo tanto, neste caso, estase producindo a redución de toda a cidadanía que non votou a opción do Partido Popular á inexistencia política nesta Cámara.

Evidentemente que hai un problema de Regulamento da Cámara. Ese problema empezou coa reforma en 1993, e quero recordar que foi precisamente por mor da maneira en que se levou ese debate, de que se plantexou a iniciativa unilateralmente por un só grupo, aínda que tivese a maioría —naquela ocasión xustamente a metade máis un dos escanos—, e pola maneira en que se operou durante a tramitación desa proposición de lei, desa reforma do Regulamento, polo que este portavoz que lles fala foi privado dos seus dereitos e excluído do resto do debate por unha decisión do presidente da Cámara; feito sen precedentes nesta Cámara e feito que non se volveu repetir despois. E quero recordar que ata tal punto lle asistían a este portavoz os dereitos que eran conculcados con esa decisión arbitraria e antidemocrática que dous anos despois o Tribunal Constitucional, en sentenza firme, lle deu a este deputado, a este portavoz, a razón e só faltou que se fíxese unha aplicación extensiva diso á invalidación do proceso de tramitación parlamentaria que deu lugar á aprobación da proposición de lei. Se se tivese levado ás últimas consecuencias a sentenza do Tribunal Constitucional, dado que producía a indefensión dun portavoz dun grupo no resto da tramitación, que ademais se fixo no mes de xullo en circunstancias absolutamente irregulares, ese Regulamento da Cámara non tería sido modificado validamente, sería anulado.

Durante a lexislatura pasada o Grupo Parlamentario do BNG, de acordo co Regulamento, non podía solicitar comparecencias, a non ser que fose con outro grupo parlamentario, e nós non armamos ningunha lea porque o Regulamento se nos aplicase desa maneira. Así estaba, acatamos, aceptamos e atinxímonos absolutamente a esa regra de xogo, aínda que era profundamente inxusta, pero era regulamentaria. Iso si, reclamamos sistematicamente na Xunta de Portavoces que a Mesa procedese á elaboración dunha norma interpretativa respecto da tramitación das comparecencias. Nesta lexislatura, ao Grupo Parlamentario do BNG, por ser o primeiro grupo da oposición, o Regulamento atribúelle, polo número de

deputados que temos, a capacidade de iniciativa para presentar peticións de comparecencia. Pero seguimos ante o problema primordial de que o comportamento do Grupo Parlamentario maioritario Popular veta, cando lle praxe —e prácelle case sempre—, a inclusión nas ordes do día desas peticións de comparecencia. A reiteración do veto, a inclusión nunha orde do día e na seguinte, na seguinte e na seguinte, reduce a cinzas o dereito a solicitar e a que se celebren comparecencias. E aí está o vicio. Non é que vostedes non teñan dereito a utilizar o voto maioritario, é que desde o momento en que algo está no Estatuto de Galicia, cando di que o Goberno e que o presidente da Xunta, os responsables desta Cámara, e cando o Regulamento di que o presidente terá que comparecer cando o soliciten determinados grupos conxuntamente ou determinado número de deputados, aínda que despois a tramitación diga que para a inclusión nunha orde do día vostedes teñen dereito de veto, non poden exercitar o dereito de veto sistemática e sucesivamente.

E eu volvo reclamar desde aquí o que xa reclamamos e reclamei eu mesmo desde que comezou esta lexislatura, reiteradamente, nas sucesivas sesións da Xunta de Portavoces, que a Mesa elabore unha norma interpretativa. Eu son coñecedor, como portavoz do meu grupo, de que o membro da Mesa do Parlamento que é tamén do noso grupo, o señor Bautista Álvarez, plantexou esta cuestión na Mesa e ata hoxe non foi escoitado. Nin sequera se está disposto a facer unha norma interpretativa, como se fixo para outras cousas por parte da Mesa, para que se encarreire adecuadamente o dereito que vostedes teñen no plano procesual e para que non invalide o dereito substantivo da oposición. Por iso chegamos a esta moción, por iso non nos queda outra saída, por iso temos que reiteralo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: E por iso tamén quero dicir que a práctica que se está a seguir conculca un acordo da Xunta de Portavoces, un acordo de flexibilizar a inclusión de comparecencias á alza, de incluír máis dunha ou de dúas, cando a carga da orde do día non sexa grande; acordo que foi tomado e que se reduciu agora á inclusión dunha soa comparecencia, utilizando ao BNG, entón, como tapón, poñéndoo na situación de que, unha de dúas, ou facemos deixa-

ción do noso dereito ou se non, evidentemente, utilízase como tapón fronte aos dereitos lexítimos do resto da oposición, que ten dereito á comparecencia. E, en todo caso, iso é só para as comparecencias da Xunta; as comparecencias do presidente da Xunta seguen sen existir, e iso non é tolerante.

Reitero a afirmación, por tanto, do noso portavoz de que o Bloque Nacionalista considera que se están conculcando os dereitos democráticos fundamentais e de que a actitude do presidente da Xunta pon ao Grupo Parlamentario Popular nesta situación (...). É dicir, ou vostedes se comportan como grupo parlamentario en defensa da Cámara de representantes nas súas misións de control sobre o presidente do Executivo, ou vostedes votan en contra e entón converte a Cámara, no que a vostedes respecta, en xerga do poder executivo para a subversión da xerarquía institucional (...). E vostede é o responsable non só ante o pobo galego, ante o resto dos parlamentarios responsables, en definitiva, ante o Estado de dereito e (...).

Nós, quero dicir que aceptamos mediante transacción o que está disposto polo Grupo Socialista, a inclusión dos dous puntos da súa emenda como adición ao noso punto. Se é así, estamos dispostos a votar en conxunto.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

Propónse a transacción de tomar esta emenda de modificación como emenda de engádegas, pero teñen que estar de acordo tódolos grupos da Cámara. *(Pausa.)* Se ningún grupo se opón, sometémola a votación.

Suspéndese a sesión ás doce e trinta minutos da mañá e reiniciase á unha da tarde por problemas de megafonía.

O señor PRESIDENTE: Imos reinicia-la sesión, despois desa avaría que houbo no sistema de alimentación eléctrica da consola de son.

(Pide a palabra o señor Beiras Torrado.)

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, ¿para que quere a palabra?

O señor BEIRAS TORRADO: Ben, agora si funciona. Para unha cuestión de orde relativa a que, dado que non sei qué segmento ou qué parte da miña intervención non puido ser recollida en acta e dado que o sistema de dactilografía non existe e o de taquigrafía depende tamén da megafonía...

O señor PRESIDENTE: Non puido coller, non.

O señor BEIRAS TORRADO: ...pois non vai quedar recollida. Entón, non sei se a señora letrada e o señor oficial maior teñen rexistradas notas suficientes para poder recompor iso, porque incluso é unha cuestión de procedemento, xa que foi o momento en que eu fixe a miña posición respecto da transacción. *(Pausa.)* Non foi recollido, claro, nin tampouco a posición do Grupo Popular. Simplemente é unha cuestión técnica que quería suscitar.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

Retomámola cuestión nesa cuestión técnica, precisamente, porque vostede fixo unha oferta de incluí-la emenda que foi presentada nun inicio como de modificación, como de engádegas. Paréceme que o Grupo Socialista acepta que sexa considerada como tal emenda de engádegas, e paréceme que non hai ningún grupo que se opoña a que se poida face-la votación da moción presentada e mais das emendas incorporadas que foron presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista.

Entón, unha vez aclarado isto, imos proceder á votación da moción. Repito, a moción é a presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque coa emenda unida, que foi presentada polo Grupo Parlamentario Socialista.

Ponse a votación a moción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

(Pide a palabra o señor Beiras Torrado.)

O señor PRESIDENTE: ¿Para que quere a rolda, señor Beiras?

O señor BEIRAS TORRADO: Para unha cuestión de orde. Simplemente quero dicir que, en vista desta actitude do Grupo Popular, que nos parece gravísima por todo canto expuxemos —e non vou entrar en materia porque non pido a palabra para outra rolda, senón simplemente para unha cuestión de orde—, o grupo do BNG vese obrigado a xestualizar a súa protesta ante o que ocorre. E sen prexuízo de que consideramos que os grupos da oposición debemos tratar este tema inmediatamente entre todos e ver cómo conxuntamente lle facemos fronte á situación de indefensión da cidadanía que nós representamos, este grupo auséntase deste salón de plenos en sinal de protesta por esta actitude absolutamente antiparlamentaria, xa non só antidemocrática, dun grupo desta Cámara.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Vou facerlle unha pregunta de aclaración: ¿auséntanse para todo o Pleno ou simplemente momentaneamente, señor Beiras?

(Prónúncianse palabras que non se perciben.)

(Os señores do G.P. do Bloque Nacionalista Galego abandonan o salón de sesións en sinal de protesta.)

(Exhíbese unha pancarta nas tribunas do público.)

O señor PRESIDENTE: ¡Retiren esa pancarta, por favor! Retiren esa pancarta, se non, teño que chama-los servicios de seguridade e botalos fóra. *(Murmurios.)* Por favor, se non, terei que tomar medidas.

Servicios de seguridade, retiren esa pancarta, por favor. Servicios de seguridade, esa pancarta, por favor.

(Prónúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Proseguimos cos puntos da orde do día.

(Pide a palabra o señor Pérez Touriño.)

O señor PRESIDENTE: Señor Touriño, ¿para que quere a palabra?

O señor PÉREZ TOURIÑO: Si, señor presidente, para facer alusión a esta situación anómala e excepcional que se acaba de producir na Cámara, xa que, efectivamente, un grupo parlamentario da mesma acaba de abandona-la sesión do Parlamento.

Eu quero dicir aquí, señor presidente, moi especialmente dirixindo estas palabras a vostede como presidente do Parlamento, que esta situación excepcional e singular que se acaba de producir é da exclusiva responsabilidade do Grupo maioritario Popular. Esta é a consecuencia expresa da posición concreta que conduce a este Parlamento a ser un parlamento que non funciona, un parlamento mutilado, un parlamento onde, máis alá da interpretación do Regulamento, o problema é político, señor presidente. Estamos nunha situación na que o presidente da Xunta, que pode comparecer, non comparece, na que as comparecencias que se poden producir non se producen.

Eu quero dicir, para clarifica-la posición do noso grupo parlamentario, que nós entendemos que a defensa do Parlamento, para a cal fomos elixidos polo conxunto dos cidadáns e dos electores, se debe facer, fundamental e prioritariamente, dende aquí, dende estes escanos. Por iso nós non abandonámo-lo Parlamento, argumentámo-la nosa posición. E, dende logo, marchar de aquí é responsabilidade do Grupo maioritario Popular e ten custos para o conxunto do funcionamento da institución. *(Murmurios.)*

Nós plantexamos que, efectivamente, tamén esta situación, que está prexudicando notoriamente o conxunto das forzas políticas, pero de modo moi singular, polo comportamento, dígase o que se diga, os electores que representámo-lo Grupo Mixto e o Partido Socialista de Galicia, non pode aparecer hoxe rota, alterada pola posición concreta dun grupo parlamentario en concreto. Por iso, nós quedamos aquí e aspiramos e cremos que se pode e debe definir unha estratexia do conxunto das forzas da oposición que trate de cambiar, de endereita-lo rumbo do funcionamento deste Parlamento.

Cremos que a posición bilateral exclusiva dun grupo parlamentario non debe empecer —esperemos que

así non sexa— a firme vontade do grupo que aquí hoxe quedamos para que este Parlamento realmente funcione. Pero vostedes son os responsables, vímolos denunciando Pleno tras Pleno e denunciámolo na Xunta de Portavoces, señor presidente. Nós imos plantexar iniciativas neste sentido. Anuncio publicamente que lle imos solicitar unha entrevista formal, institucional, con vostede como presidente, porque estimamos que isto non pode seguir así. Imos presentar iniciativas e neste Pleno terán que discutir, non fóra do Parlamento, no Pleno do Parlamento e en tódolos plenos, desta materia.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Touriño.

(Pide a palabra o señor Guerreiro Carreiras.)

O señor PRESIDENTE: Señor Guerreiro, ¿para que quere a palabra?

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Para unha cuestión de orde, señor presidente, pola situación anómala creada aquí.

Nós, Esquerda Unida-Esquerda Galega, imos facer un esforzo extraordinario, sendo, xunto co Grupo Socialista, os máis prexudicados pola actitude do Goberno, para evitar, conscientemente prexudicados pola actitude do Goberno, como dixen antes, dividi-la oposición. Pero nós pensamos que é necesario facer un esforzo por salva-la imaxe do Parlamento.

Agora ben, nós, xunto co Grupo Socialista, e se o Bloque está de acordo no consenso, porque nós estimamos que estas cousas hai que facelas por acordo político, imos solicitarlle —loxicamente, se pode ser—, de forma conxunta ó seu presidente, unha entrevista, porque tamén a dignidade do Parlamento lle corresponde á Presidencia preservala, e a centralidade e o papel do Parlamento teñen que ver co Regulamento, coa Mesa e coa propia Presidencia.

Polo tanto, non é só un problema da Xunta de Galicia, está implicado tamén, a partir de agora, o presidente do Parlamento e a Mesa do Parlamento. Nese sentido, nós imos facer un esforzo extraordinario por salva-la imaxe e a continuidade deste

Parlamento con tódolos seus membros. Pero, sinceramente, hai que dar un golpe de temón, e hai que dar un golpe de temón democrático e de conxunto, para, entre todos, recupera-la vida parlamentaria e o seu prestixio parlamentario.

Polo tanto, tamén vostede, señor presidente, saiba que ten responsabilidades nese tema.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Vostede sabe que esta Presidencia está sempre á disposición, non soamente dos grupos, senón tamén dos deputados individualmente. Así que, cando mo comuniquen, serán ben atendidos.

(Pide a palabra o señor Pita Varela.)

O señor PRESIDENTE: Señor Pita, ¿para que quere a palabra?

O señor PITA VARELA: Para facer unha puntualización.

O señor PRESIDENTE: Puntualice moi brevemente.

O señor PITA VARELA: Moi brevemente, señor presidente.

En primeiro lugar, eu quero, desde o grupo parlamentario maioritario, primeiro, acusar de que aquí o que se está facendo é un intento de desestabiliza-lo funcionamento democrático da institución do Parlamento de Galicia, un intento de acosa-la maioría parlamentaria que representa á maioría do pobo galego. E ademais dos xestos, dos tics e do que aquí se acaba de dicir ou do que acaba de face-lo grupo que non se atreve a defender cara a cara o que ten que defender, ten que abandonar esta Cámara, en vez de loitar e dici-lo que ten que dicir aquí. Pero quero recordar que eu plantexei no nome do grupo maioritario que se dixerá en qué artigo, e se é da Constitución, se é do Estatuto de autonomía ou se é do Regulamento desta Cámara, funcionamos dalgún xeito distinto do que funcionan noutros parlamentos do Estado, e incluso do conxunto do Estado da nación española.

Consecuentemente, estase falseando o que é o acontecer regular e democrático de calquera parlamento, como pasa no noso, e, consecuentemente, rexeitamos posturas que van en contra dos principios, dos dereitos, das liberdades e do que é o principio democrático de respecto e, sobre todo, de respecto das maiorías, escoitando, loxicamente, as minorías.

Máis nada e moitas gracias.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pita.

(Pide a palabra o señor Pérez Touriño.)

Señor Touriño, este non é o momento do debate.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, por aclaracións, porque é a segunda vez...

O señor PRESIDENTE: Non lle podo da-la palabra, porque se non entramos nun debate na Cámara que non figura na orde do día.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Permítame unha cuestión. Simplemente é para aclarar diante da Cámara a qué artigo nos referimos, porque o señor Pita, por segunda vez, alude ó Partido Socialista, ó Grupo Parlamentario Socialista, pedíndolle que lle explique diante da Cámara a qué punto do Regulamento nos estamos referindo. Eu podo aclaralo, gustaríame poder aclaralo.

O señor PRESIDENTE: Diga o artigo nada máis, e xa está.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Nós estámonos referindo ó artigo 144 do Regulamento da Cámara, que o que vén dicir é que teñen que comparece-los membros da Xunta en determinadas condicións. E o que estamos preguntándolle ó Partido Popular é se lle parece democrático que, apoiándose nunha interpretación dese artigo... Perdón, a pregunta concreta que nós facemos é se o que pensa o Partido Popular é que nesta Cámara, e tendo en conta o artigo 144, a cuestión finalmente consiste en que o presidente da Xunta non compareza nunca en preguntas, interpelacións e comparecencias; cómo se somete o presidente da

Xunta de Galicia ó control do Parlamento, e o artigo 144 permíteo e posibilitao.

O señor PRESIDENTE: Se algún membro da Cámara quere que se lea o artigo 144, esta Presidencia faría lectura do mesmo.

O artigo 144 di: "1. Os membros da Xunta, por petición propia, ou por acordo da Mesa da Cámara e da Xunta de Portavoces, deberán comparecer ante o Pleno ou calquera das súas comisións para informaren sobre un asunto determinado. A iniciativa para a adopción de tales acordos corresponderalles a dous grupos parlamentarios, ou á quinta parte dos membros da Cámara ou da Comisión, segundo os casos.

"2. Despois da exposición oral da Xunta poderán intervi-los representantes de cada grupo parlamentario, por dez minutos, fixando posicións, formulando preguntas ou facendo observacións ás que contestará aquel sen ulterior votación.

"3. En casos excepcionais, a Presidencia poderá, de acordo coa Mesa e oída a Xunta de Portavoces, abrir unha rolda para que os deputados poidan concisamente formular preguntas ou pedir aclaracións sobre a información facilitada. O presidente, para o efecto, fixará un número ou tempo máximo de intervencións".

Eu creo que cada un o debe de ler varias veces para saber cál é a verdadeira interpretación disto.

Dito isto, imos continuar coa orde do día.

MOCIÓN DO G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, POR INICIATIVA DE D. JAVIER LOSADA DE AZPIAZU, SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A DISOLUCIÓN DAS FUNDACIÓNS DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Losada de Azpiazu, para a defensa da súa moción.

O señor LOSADA DE AZPIAZU: Señor presidente, señorías, cando as razóns só se apoian nos regulamentos, e só se asume iso, é que nin hai razóns nin hai convencemento nas razóns que se expoñen, porque contra as razóns dar regulamentos é ir en con-

tra da sabedoría, e non vou dici-lo que é o contrario da sabedoría.

Tamén quero dicir que non hai máis lugar para a democracia que o Parlamento, e non hai máis lugar para as controversias da democracia que o Parlamento. Nos 120 anos que este partido democrático leva na historia de España non o sacode o Parlamento, só as dictaduras e os *golpismos*, e por moito que nos humillen nos terán en fronte nesta tribuna. Este é un grupo parlamentario e sente que a actuación do grupo maioritario propicie o de hoxe. Hai dictaduras parlamentarias, ¡claro que as hai!, aquelas que explotan a maioría e aquelas que piden o prestixio do personaxe, e aquí en Galicia o prestixio do personaxe está facendo unha dictadura. Agora que están con Valle-Inclán, o seu portavoz o que fixo aquí foi unha copia en sepia de "Tirano Banderas".

Por certo, deste lado da Cámara escoito continuas fixacións cun concello de Galicia. Non sei se é porque consideran que a súa función nesta institución non cobre as súas aspiracións políticas, ou porque consideran máis importante a capacidade política dese concello e queren traballar nel. Agora que pola prensa parece que non teñen candidato, ánimosos a que, entre os 41 ou os 42 que son, poidan optar a ser candidato, darlle ideas ó señor Couceiro. Pero tamén paso por riba o que considero unha falta total e absoluta de dignidade política e persoal, que é falar dunha institución que aquí non está representada, nin está quen a pode defender. Isto dá a altura de quen é o portavoz e do que di.

Nós, neste momento, estamos a tratar un asunto preocupante en Galicia: a Administración paralela, creada precisamente pola Administración do demócrata señor Fraga. Este é un debate que xa vén de lonxe co asunto das fundacións. Neste debate hai dous modelos diferentes: un, o respecto que merece a comarca como entidade xurídica de seu, o seu recoñecemento no Estatuto de autonomía ou na Lei de réxime local; e, outro, a concepción privatizadora da vida política que pretende a presenza e a incidencia nun territorio, impedindo o contraste de opinións, o control democrático, e que anula outras institucións constitucionais. Refírome ás fundacións que están actuando sobre a política, sobre o territorio e sobre a calidade de vida dos cidadáns; entidades privadas que asumen competencias propias da Xunta ou dos concellos, que

están facendo, por exemplo, plans contra a pobreza e a marxinación propios da Consellería de Servizos Sociais, ou plans de creación de escolas públicas para nenos discapacitados propios da Consellería de Educación.

¿Como é posible que competencias que son dalgún departamento da Xunta de Galicia, ou doutras institucións constitucionais, se poidan delegar en xerentes de fundacións para o desenvolvemento comarcal?

¿Como se pode, sen lei sectorial, actuar sobre un territorio e poñelo en mans de entes que non teñen capacidade xurídica, xa que se deixa en mans duns señores nomeados polo Goberno, a dedo, sen control deste Parlamento?

¿Como se poden poñer ó mesmo nivel institucións, como os concellos, as deputacións ou a Xunta, con entidades privadas, que ademais están sendo subvencionadas con diñeiro público?

¿Como se poden igualar entidades privadas coa Administración pública? ¿Que xeito é este de facer simplificacións en Galicia, cando xa hai actuacións da Unión Europea con programas específicos operativos locais, cando hai programación propia das deputacións provinciais, a propia actuación cos convenios da Administración central, a actuación da Xunta de Galicia cos programas de cooperación local, a actuación dos concellos, e en medio de todo isto ponse en marcha unha fundación de desenvolvemento comarcal?

Nós cremos que sobran instrumentos de planificación económica local e de cooperación económica local. Este Parlamento ten que pensar se estamos pola delegación de competencias nos concellos ou nas fundacións de desenvolvemento comarcal; se estamos pola delegación de competencias nas deputacións provinciais ou nas fundacións; ou se estamos por non delegar competencias da Xunta e que a Xunta as asuma. Pero non se pode contentar a todos. Non se pode estar en misa e toca-las campás. Non se pode tampouco — e sinto que non estea aquí o señor Fraga para dicirlló á cara — dicir que se é democrático e manifestar que Libia é un país amigo de Galicia, un país terrorista.

O obxectivo das fundacións é superpoñer unha estrutura que non se sabe moi ben se é política, se é

administrativa, se é un híbrido, ou se é un tecido institucional, para dar respostas á necesaria vertebración comarcal de Galicia.

Hai deputacións, hai concellos, hai mancomunidades, hai Xunta de Galicia. ¿Para que serven as fundacións? Serven, quizais, para que a Xunta de Galicia e o Partido Popular eviten o control parlamentario, que é o que lles interesa, e canto máis escurantismo exista, mellor.

¿Cales son as actividades que fixeron as axencias de desenvolvemento comarcal, as fundacións? O máis que fixeron foron centros de exposicións, miradores, praias fluviais, estudos, viaxes, arranxo de capelas, funcións que lle corresponden á Xunta ou ós concellos.

Quizais para o que serven as fundacións é para reclamar obras e actuacións de tipo puntual, que non responden a ningunha estratexia económica de desenvolvemento destas comarcas. Serven tamén para que determinados personaxes, ou colectivos, que non teñen poder nalgúns concellos, poidan presentarse como redentores deses concellos, con obras realizadas neses sitios, sen que se lles informe ós representantes democráticos deses concellos.

E se falamos de fundacións temos que falar de escurantismo. ¿Por que falamos de escurantismo? Porque a realidade é que neste punto, que é obxecto de debate, tódalas preguntas requirindo datos e informes foron bordeadas pola Xunta de Galicia na súas respostas; respostas que de nada serviron para sabe-lo que pasa nas fundacións ou para que a consellería admita cál é a realidade desas fundacións.

Temos que reiterar, señorías, unha vez máis, que a Administración do demócrata señor Fraga non puxo en marcha unha Administración única. Puxo en marcha unha Administración intrusa, unha Administración paralela. A principal bandeira política do señor Fraga Iribarne, a Administración única, só existe nas follas do *Diario de Sesións*, porque a realidade é que é todo menos única. Institucións, fundacións, sociedades e tódalas leis sectorais sempre lle tocan a algunha cousa doutras institucións. Por certo, no documento do pacto local todo moi ben, pero nun punto dise claramente: "Todo isto levarao coordinado a Xunta de Galicia". Non asume o demócrata señor

Fraga que existen máis institucións que a Xunta de Galicia.

¿Que funcionalidade ten unha fundación cando existen xa institucións que poden levar a cabo as mesmas funcións? Se lemos tódalas accións que se prevén nos estatutos para as fundacións de desenvolvemento comarcal, cumpren todo o que teñen que face-los diferentes conselleiros.

¿Por que se fai isto en paralelo? ¿Non será, por exemplo, para dinamitar a certos alcaldes, que non son do Partido Popular, para que por medio das fundacións teñan subvencións asociacións que, a súa vez, fan obras en concellos que son do Partido Socialista?

Aquí —xa remato, señor presidente— viñeron moitas veces falar de planificación. Nós, cando falamos de planificación, asumimos que hai os correspondentes plans provinciais que están operando sobre o territorio local; que hai leis de ordenación do territorio que as debe de ter en conta o propio territorio para establece-los plans; e que hai plans de cooperación local. O que os socialistas non asumimos é que sobre isto, controlando, se poñan en marcha entidades privadas ó servizo do seu partido.

Aquí, evidéncianse dous modelos distintos, e un deles é o da Administración paralela e intrusa do demócrata señor Fraga, que é un instrumento controlado neste caso por xerentes nomeados a dedo polo Partido Popular. Nada acadaron na tarefa das fundacións, nada acadaron de xeito institucional; si que acadaron algo de xeito partidario. As fundacións non merecen pasar á historia por ineficaces; eu creo que deben de disolvelas e vota-la nosa moción.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Losada.

¿Grupos que queiran intervir? (*Pausa*)

Ten a palabra o señor Ruíz Rivas, polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor RUÍZ RIVAS: Señor presidente, señorías, o que fan as democracias é facer recaer-lo poder no pobo. O poder lexislativo dáselle ó pobo e o pobo lexisla, e quen queira levar polo menos o cualificativo

de democrata o primeiro que ten que facer é cambiar esas leis ou respectalas; se non, serán todo o que queiran pero, evidentemente, non entran dentro do cualificativo de democratas e si máis ben no de totalitarios.

Pero ben, eu creo que para entenderse no tema das fundacións, ou en calquera outro tema, non chega simplemente con fala-lo mesmo idioma. Temos que estar a falar do mesmo, porque non se pode pesar en metros por segundo. E, evidentemente, o señor Losada segue a confundi-lo papel das fundacións de desenvolvemento comarcal, segue a confundi-la súa natureza e segue a considera-las fundacións como administracións públicas.

Evidentemente, nada máis lonxe da realidade que a postura do señor Losada. Hai quince días, e hoxe aquí tamén, relacionaba as fundacións con administracións paralelas, con pactos locais, con maior burocracia, e hoxe volveu incidir neses erros, o que fai pensar, evidentemente —porque eu téño cando menos por unha persoa intelixente—, que vostede o fai a conciencia, simplemente para volver inflar ese globo das súas críticas que sempre se centran no papel clientelar e electoral do Partido Popular. Críticas que caen polo seu propio peso, porque estamos a falar dunha institución que se vén establecendo en todas e cada unha das comunidades autónomas deste país, pero cunha diferenza da galega co resto: o seu maior control, que se deriva non só dese control a través do Parlamento, non só desa Lei de entes públicos de Galicia que aprobou ese Parlamento, non só do control por parte do Consello de Contas e da auditoría, da Intervención Xeral, senón que tamén se deriva do control que fan os propios concellos.

Pero, ben, vostede utiliza esta institución para pretende-la disolución das fundacións. O mínimo que se lle podía esixir a vostede aquí era que nos explicara o seu modelo alternativo; xa non digo de planificación económica, que é no que se debe centra-lo debate das sociedades, senón no que vostede quere centralo, que é no seu modelo administrativo. Porque vostedes non teñen modelo, tanto falan das cidades-estado como de potencia-las comarcas, como lle dan competencia ós concellos ou como lle retiran, segundo lle interese ó alcalde de *turno* ou á posición, esa si, interesada do Partido Socialista.

Pois nós si temos un modelo tanto de administración como de vertebración de Galicia. Ese modelo pódoo ver vostede na Lei de administración local de Galicia, que, cando fala de entidades locais, pode falar do municipio, da provincia ou da parroquia, pero en ningún momento fala das fundacións. E cando fala das entidades locais non territoriais poderá falar dos consorcios, das mancomunidades, das áreas metropolitanas, pero, de novo, non fala das fundacións. Polo tanto, señoría, non intente vostede leva-lo debate a que as fundacións son unha Administración, porque non o son.

Pero hai razóns de todo tipo para defende-las fundacións. Xa que vostede non deu ningunha razón de peso para a disolución das fundacións, eu voulle dar bastantes razóns de peso para seguir manténdooas.

Hai razóns de tipo histórico. Sabe que as fundacións se constituíron na época de recesión económica dos anos setenta, precisamente para buscar medidas de promoción e dinamización de recursos locais. Polo tanto, países como Reino Unido e, posteriormente, Francia, Italia, Grecia, buscaron esa fórmula; fórmula que en Galicia xa hai anos que se deu con fundacións como a Fundación Pro-Vigo. Pero, evidentemente, é un modelo que subsiste, un modelo actual e un modelo referendado pola ponencia do Consello de Europa sobre vertebración territorial, que recolle a Resolución 271, aprobada por proposta de Galicia.

Polo tanto, é un modelo vixente que se está a utilizar en tódalas comunidades autónomas. Pero é un modelo que non ten competencias administrativas, non ten competencias territoriais e o que pretende é a dinamización das iniciativas locais e comarcais e a promoción dos seus recursos endóxenos.

Se lera vostede a Lei de desenvolvemento comarcal de Galicia —pero parece ser, polo que hoxe escoitamos aquí, que vostedes len todo e respectan todo menos as leis—, verían que a súa razón de ser é precisamente para promove-las accións de desenvolvemento e promoción enunciadas a través dos plans de desenvolvemento comarcal. Tamén vostede sabe que son instrumentos que colaboran no desenvolvemento comarcal, na posta en marcha de iniciativas locais, informando a particulares tanto sobre as axudas de subvención como daquelas axudas promovidas polas entidades privadas.

As fundacións son entidades destinadas única e exclusivamente á promoción e dinamización dos recursos endóxeos. Contan cun presuposto reducido que, entre as 20, chega aproximadamente ós 200 millóns de pesetas. Polo tanto, estamos a falar dunha media de oito, nove millóns de pesetas por fundación. Non sei cómo se pode lograr tanto —como vostede di— con ese presuposto, porque se me fala de cantidades maiores estaremos a falar de tódolos organismos, como a sociedade anónima, que van desenvolver os plans de comarcalización.

Polo tanto, negamos taxativamente que as fundacións supoñan administración. Teñen unha composición plural na que a Xunta de Galicia está en minoría, o control é dos concellos, e a unión da Xunta de Galicia coas deputacións sempre estará en minoría con respecto ós concellos e con respecto ós axentes sociais.

Pero unha cousa queda ben clara: son asociacións voluntarias, que non lle están sacando competencias a ninguén, porque o primeiro que teñen que ser é voluntarias, coa aceptación voluntaria dos concellos. Polo tanto, non intente vostede meter no debate a opinión que vostede ten, porque a asociación voluntaria é o que fai precisamente que se unan a esas fundacións. E hai 114 concellos galegos —se quere, léollos, señor Losada; non me faga así co dedo— que voluntariamente están integrados dentro das fundacións constituídas. Polo tanto, haberá concellos que poidan estar a favor ou non da súa integración, pero sempre dunha forma voluntaria e non dunha forma controlada.

Por último, creo que hai unhas razóns evidentes que veñen contidas precisamente na memoria do bienio da Secretaría Xeral de Planificación: Asesoramento e demandas de información, nos últimos dous anos máis de 20.000; promoción e impulsos de iniciativa de desenvolvemento, máis de 1.000; entidades implicadas nos seus procesos de desenvolvemento, 1.764; empresas promovidas, 164; postos creados, máis de 290.

Estas son razóns obxectivas. As razóns que vostede pretende coa súa cortina de fume en canto que son *chiringuitos* do Partido Popular, en canto que son redes clientelares do Partido Popular, caen polo seu propio peso, caen polos fins que teñen que cumprir,

pola súa natureza xurídica e polos presupostos que están a manexar. Recórdolle que non manexan investimento público, que a través das fundacións non se fai investimento público. Polo tanto, é unha cortina de fume do Partido Socialista á que nos ten acostumados como no punto anterior, pero en absoluto son razóns de peso que fagan que un Goberno serio, un Goberno que quere traballar polo desenvolvemento equilibrado das súas comarcas, teña que cambiar esa acción de goberno.

Cando vostede me dea algunha razón, que non sexa única e exclusivamente o interese do Partido Socialista, entón poderemos empezar a entendernos. Ou todos falamos en quilos, ou todos falamos en metros, pero se vostede cambia as unidades que estamos a manexar é imposible entenderse. E para que nos entendamos, vólvolle repetir, por última vez: as fundacións nin son administración nin son entidades locais que quiten autonomía nin competencias ós concellos. Se non o quere entender así, evidentemente, escusámos de falar, porque non nos imos entender.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Ruíz.

Por contradicións ten a palabra o señor Losada de Azpiazu, para unha breve rolda.

O señor LOSADA DE AZPIAZU: Señor Ruíz, mire, como o anuncio: “eu enténdoo, pero este non”, e a este van rifarlle cando volva ó seu concello, porque o seu alcalde, que é membro da directiva da Fegamp, mire o que di hoxe: “Críticas ó plan comarcal. O documento da Fegamp, elaborado por consenso, afirma o carácter artificial de estruturas que suplantán a autonomía local e afogan as posibilidades competenciais derivadas do pacto local. As corporacións locais non necesitan nas súas relacións interadministrativas de entes intermedios para desenvolver as súas competencias. Tódolos recursos que se destinan ó desenvolvemento comarcal poderían ser descentralizados, de maneira sinxela e facilmente cuantificable, ós entes locais”. Isto é o que di a Fegamp, na que son maioría os alcaldes do seu partido, que están en contra disto. Así que eu entendín, pero eles non o entenderon.

Eu non vou entrar no tema dos xerentes para demostrarlle o uso que fan destas fundacións; eu non vou entrar no escurantismo porque se neguen dicírnolos nomes e cómo se contrataron; eu non vou entrar en que sexa transgredida a lei, por exemplo, equiparando unha titulación superior a unha experiencia de dous anos —qué casualidade, o tempo que levan estes xerentes traballando—; eu non vou dicir nada de se a máxima puntuación que se deu ós que tiveron responsabilidade na xestión das fundacións é a suma de tódalas restantes para que non cheguen a ter puntuación; eu non vou deslexitimalas fundacións porque de catro criterios para seleccionar xerentes dous sexan actividades levadas a cabo por estas fundacións. As fundacións deben desaparecer por ineficaces, porque aumentan o gasto, porque non cumpren as funcións e porque suplantán institucións democráticas.

Pedimos que as disolvan porque non conseguiron fixa-la poboación neses núcleos; pedimos que as disolvan porque non serviron, nin serven, para racionalizalos recursos de investimentos. O nepotismo na contratación, a dilapidación nas publicacións, os vídeos, as viaxes, a viaxe a Corfú, a viaxe ás montañas navarras, as maquetas, etc., etc, iso é todo mero verniz.

Nós manterémo-la moción porque queremos que se desenvolva comarcamente Galicia, con coherencia, con realismo, e as fundacións nin reestruturaron empresas nin aportaron novas tecnoloxías nin aportaron novas economías comarcais nin diversificaron o tecido productivo local. Nada fixeron. Vostede se le isto, isto só é relatorio mais relatorio, números mais números, pero do que dixeron que ían facer, nada; empresas reestruturadas, ningunha; novas tecnoloxías nesas comarcas, ningunha; incremento na produción do produto interior bruto de Galicia nesas comarcas, ningún.

As fundacións non teñen que disolverse por cousas xa tan afastadas como o dos xerentes e por cousas como que o máis que se fai aquí —que vostede non dixó— son guías, exposicións arqueolóxicas e maquetas. As fundacións teñen que desaparecer polo que din os seus alcaldes, que son os que dirixen a Fegamp; porque son artificiais, porque afogan e porque suplantán a autonomía local. Isto díño a Fegamp, que son vostedes os que teñen maioría; non nós.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Losada.

Procedemos a vota-la moción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

MODIFICACIÓN DA ORDE DO DÍA

O señor PRESIDENTE: Non estando presente ningún dos autores da proposición non de lei sobre a docencia en idioma galego na universidade, esta Presidencia entende que pode declararse decaída a iniciativa, o que somete ó asentimento desta Cámara. Se a Cámara, por asentimento, así o acorda, pasamos ó punto seguinte. *(Pausa.) (Asentimento.)*

PROPOSICIÓN NON DE LEI DO G.P. DO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA, POR INICIATIVA DE D. XOSÉ MANUEL VILA PÉREZ, SOBRE O ESTABLECEMENTO DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN E VIXILANCIA PARA O CONTROL DAS DESCARGAS DOS TOPES ESTABLECIDOS PARA A PESCA DE CERCO NOS PORTOS GALEGOS DO CANTÁBRICO.

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda formulada a esta proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, de adición dun novo apartado 1º bis, á cal vai dar lectura o señor secretario.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Antón Louro Goyanes, a través do portavoz adxunto, e ó abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei, sobre o establecemento de convenios de colaboración e vixilancia para o control das descargas dos topes establecidos para a pesca de cerco nos portos galegos e do Cantábrico, por iniciativa de José Manuel Vila Pérez, do G.P. Popular de Galicia.

Emenda de adición dun novo apartado.

Engadir un apartado 1º bis.

"1º bis.- A que presente no Parlamento, nun prazo de tres meses, un informe sobre o impacto creado polas medidas tomadas de xeito unilateral por parte do Goberno de Galicia, tanto sobre a economía da flota como sobre a conservación dos recursos pesqueiros".

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Vila Pérez para a defensa da proposición non de lei.

O señor VILA PÉREZ: Gracias, señor presidente.

Señorías, esta iniciativa ten que ver coa pesqueira de cerco, fundamentalmente dedicada, como vostedes saben, á sardiña, xurel e cabala na nosa costa. Esta iniciativa pretende ir atallando tódalas picarescas. O mundo da pesca —como moitas veces dixen— está fundamentado nunha gran trampa e moitas cousas van xurdindo cada día.

Da importancia que ten a pesca de cerco en Galicia todos somos, ou todos debemos de ser, coñecedores. Hai miles de persoas que se dedican á pesca do cerco, miles de persoas traballando na pesca do cerco, tanto en terra como no propio mar, e de cómo lle vaía a esta pesqueira naturalmente dependen moitas familias.

No ano 1978 pasou por unha situación moi grave, moi complicada, coa crise da sardiña. Era por aquel entón conselleiro do ramo o señor Calviño, Baldomero Fernández Calviño, e daquela crise que se sufriu no ano 1978 saíron unha serie de medidas que se puxeron en marcha para racionalizar aquela pesqueira, e que, gracias a Deus, foron levando a este sector a unha situación non de bonanza absoluta, pero, polo menos, a unha situación de tranquilidade, a unha situación, dentro do conxunto do sector pesqueiro, na que está razoablemente ben situado.

Pois ben, no ano 1978, por aquelas datas, a raíz daquela crise da sardiña paradoxalmente viña porque tiñamos sardiña de máis; hoxe a crise é por outra causa, hoxe hai pouca sardiña, pero naquel momento o problema era que había sardiña de máis. Entón, como primeira medida, víase como camiño a adoptar,

buscar unhas formas racionais de explotación, é dicir, pescar de forma razoada e razoable, e aí se pelexou para tratar de poñer uns topes de captura.

No ano 1980 e no ano 1981 loitabamos por eso, e tivemos que facer unha longa batalla porque a propia Administración se opoñía a que fixáramos eses topes de captura mediante unha regulación de tipo legal, argumentando que non se podía facer. Como nós viviamos na costa e víamos que noutros sectores, como no marisqueo, xa había topes de captura naquel entón, preguntabamos por qué non os podía haber no cerco. Así, no ano 1984 saíu o Real decreto 23/84, do 28 de novembro, polo que se regula a pesca de cerco no caladoiro nacional e establece a posibilidade de fixar topes de captura por embarcación e día para cada campaña naquelas especies pesqueiras nas que se considere conveniente a súa regulación. É dicir, acabamos por conseguilo que tanto demandáramos desde o ano 1978.

No ano seguinte a batalla foi para que, a partir dese Real decreto que contemplaba a posibilidade de fixar topes de captura, se quitase unha orde de regulación desas capturas, mediante orde ministerial, para facelo cumprir, porque se puxera de manifesto que nos topes establecidos polas propias confrarías os sistemas de control fallaban e era necesario que eso tivera unha regulación legal para poder aplicar sancións.

Tamén con esto houbo que pelexar, e no ano 1986-1987 conseguíuse a primeira Orde ministerial de regulación de capturas de cerco, co cal xa se permitía perseguir máis aquelas embarcacións que incumprían cos topes previamente establecidos. Non obstante, non tardaron moito tempo en aparecer os pillos que buscaban xa o camiño para poder saltarse aquela orde ministerial froito das competencias que transferiran á Comunidade Autónoma de Galicia. Pero como a orde ministerial só afectaba ás augas exteriores, os pillos rapidamente buscaron a saída de, cando se excedían dos *cupos* establecidos, dicir que eran sardiñas pescadas nas augas interiores, e así apareceu aquela famosa sardiña que se chamaba sardiña de Albor ou sardiña de Felipe. Cando un era "cazado", pois o argumento era "sardiña de Albor".

Nesa teima as confrarías seguiron pelexando e conseguimos facer unha orde tamén para as augas interiores, de tal xeito que agora mesmo, neste momen-

to, xa se establecen dúas ordes, unha para augas interiores e outra para augas exteriores, que normalmente saen aproximadamente no mesmo período de tempo, co cal conseguimos cortar esa escapatoria que tiñan os incumpridores de sempre para non respecta-los topes de captura.

A partir de aí, con esa *zancadilla* posta para que non puideran incumplir, apareceron moitas outras diatribas para face-lo mesmo, seguir escapando, porque, naturalmente, o incumplimento por parte dalgúns, sen que eso tivese unha sanción, tiña uns beneficios en detrimento da maioría dos pescadores formais e serios que respectan as normas previamente establecidas.

Nese período de batalla legal ata conseguir establecer esas ordes houbo momentos altos e baixos, e precisamente houbo un momento bo no Goberno tripartito, creo que das poucas cousas boas que fixo o tripartito. Tiña un director xeral de Pesca ó que este tema se lle atragantou e, efectivamente, aquel director, Tomás Mosquera, perseguiu eficazmente —hai que dicilo— os infractores dos topes de cerco e houbo unha temporada na que aquilo se respectaba a *rajatabla*, e hai que felicitalo nese sentido.

Viñeron outras situacións, e o tema unhas veces mellor, outras peor, pero a dinámica real deste momento o que nos vén dicir é que os topes se cumpren cando a inspección pesqueira está presente, e cando a inspección pesqueira non está presente e os medios de control non están presentes, eses topes, normalmente, incúmpteos moita xente. Eso vai en detrimento dos caladoiros, vai en detrimento dos recursos, vai en detrimento dos prezos, e sobre todo é un agravio comparativo duro para os pescadores honrados que respectan as normas e que esixen que eses controis se leven a cabo e se respecten, porque, se non, o que están facendo é simplemente o parvo.

Esta iniciativa, señorías, o que pretende é que, ademais dos medios de inspección, os medios de inspección que neste momento temos, tanto da Administración do Estado, cativos, como da Administración da Xunta, os que temos de inspección pesqueira, poidan ser complementados, como son noutros campos, con vixilancia posta polos propios pescadores a través de convenios de colaboración, como xa neste momento operan no campo do maris-

queo, no campo do percebe, e que bos resultados nós están dando.

¿Que pretende esta iniciativa? Pois fixar eses convenios de colaboración, de tal xeito que poida haber unha vixilancia complementaria, como a que xa hai nalgún porto con resultados totalmente satisfactorios, e uns vixilantes complementarios que estean a pé de *muelle*, desde a saída do primeiro barco ata a chegada do último, para controlar que as cantidades pescadas son efectivamente as que se corresponden cos topes establecidos. Eso é o que pretende a iniciativa no primeiro punto, que cun convenio entre a Consellería de Pesca, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e as propias confrarías, se poñan eses vixilantes para controlar eses topes de captura.

E a segunda parte da iniciativa pide que esa mesma demanda se lle faga ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que nas comunidades do Cantábrico, que tamén acceden ó mesmo caladoiro ca nós, que venden nos mesmos mercados ca nós e que teñen unha incidencia nos nosos prezos, tamén o MAPA impulse eses convenios de colaboración, para que eses vixilantes tamén se poñan no Cantábrico. Porque no Cantábrico precisamente foron os pioneiros deste sistema de control, o que pasa é que este sistema de control decaeu desde o momento en que a anchoa foi moito a menos no que é a captura, e hoxe a anchoa, co mercado que ten, pois toda a que se pesque practicamente se vende sen ningún tipo de dificultade, e eso fixo que quitasen os vixilantes que previamente eles mesmos establecieran. Estes vixilantes son fundamentais e, en certa medida, non nós influía a nós que os tiveran ou que non os tiveran, porque eles se adicaban fundamentalmente á anchoa, pero coa escaseza da anchoa hoxe estanse dedicando amplamente á pesca de sardiña, e sobre todo á pesca do xurel, no Cantábrico, fundamentalmente en Asturias e Santander. E polo feito de que eles se dediquen a esta captura para nós é moi importante que respecten os topes, topes que están previamente establecidos, porque, repito, ademais de quitálos do caladoiro, que é o noso mesmo caladoiro, veñen ó noso mesmo mercado, e se non os respectan inflúenos negativamente. Por iso no segundo punto da iniciativa se di que o MAPA demande e faga eses convenios de colaboración coas comunidades do Cantábrico, para que tamén eles poñan eses vixilantes complementarios do que é a actual inspección.

Señor presidente, como vexo que hoxe o debate está un pouco minguado, e lamento que hoxe non estea aquí o señor Trigo, que tiña moita gana de debater comigo deste asunto, remato con esta proposición, esperando a intervención dos demais grupos.

Máis nada. Moitas grazas.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, Delgado Arce.)

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas grazas, señor Vila.

Existe unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra o señor Louro Goyanes para a súa defensa.

O señor LOURO GOYANES: Señor presidente, señorías, o Grupo Parlamentario Socialista estudiau con atención a iniciativa do Grupo Parlamentario do PP relativa ó control das descargas da flota de cerco nos distintos portos de Galicia e do Cantábrico, coa finalidade de dar cumprimento ós topes establecidos para a pesca do cerco.

Digo que o estudiamos con atención porque os socialistas respectamos este Parlamento, respectamos tódalas iniciativas parlamentarias, cremos na democracia, practicámola demoracia e defendémola demoracia.

Facémolo, ademais, señores do Partido Popular, sabedores da súa reiterada actitude de prácticas e maneiras de desconsideración do traballo parlamentario. Os datos, señores do Partido Popular, poñen ó descubierto que para vostedes o Parlamento resulta molesto, resulta inservible, é a todas luces unha institución inútil que cómpre esquecer, escapar dela, escapar do debate político, para evitar que se evidencien as deficiencias e as contradicións do propio Goberno do Partido Popular.

Digo que no Grupo Parlamentario Socialista se traballa sen prexuízos, abertos a tódolos grupos, desexosos de coincidir e de atopar puntos de encontro e de participar no debate e na busca de solucións ós problemas. Así, compartímo-la importancia do sector do cerco que se pon de manifesto na súa iniciativa.

Compartímo-lo no mar e compartímo-lo en terra, pola actividade económica inducida que o sector do cerco xera na industria conserveira. Compartímo-la dimensión económica deste subsector e compartímo-la dimensión social deste sector. Compartimos tamén as preocupacións polos *stocks* existentes das distintas especies, e moi especialmente polos *stocks* da sardiña. Compartímo-la necesidade dunha política de recursos que asegure o futuro da actividade, garantindo o mantemento, a conservación e a multiplicación das especies. Política, en definitiva, señorías, que actúe no mar limitando e que actúe en terra. No mar a través de limita-los topes, os tamaños, e en terra regulando as descargas e actuando sobre os mercados.

Por eso, señores do Partido Popular, en nome do Grupo Parlamentario Socialista anunciámolo apoio á iniciativa que vostedes presentan. Anunciámolo apoio, cos nosos votos, á iniciativa que vostedes presentan. Introducimos unha emenda que entendemos que é importante para explicitar algunhas cousas que vostedes pretenden deixar na incertidume, na escuridade. Pero, dito o dito de que imos apoiar-lo que vostedes presentan, cómpre facer algunha consideración.

A iniciativa fala de colaborar co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; a iniciativa fala de colaborar coas distintas comunidades autónomas; a iniciativa fala de colaborar coas distintas confrarías. Pois ben, esta iniciativa, señor Vila, é a negación da súa propia política, da política do Goberno do Partido Popular. Esta iniciativa é o espello claro do fracaso da política do Goberno do Partido Popular, señor Vila, é a todas luces unha clara moción de censura encuberta á política pesqueira que vén facendo o Partido Popular nós últimos oito anos, e eso non é broma. Estamos de acordo, coincidimos, por eso imos apoiar esa iniciativa.

Vostedes din claramente que é necesario controlar, que é necesario colaborar, que é necesario acordar co MAPA, coas comunidades autónomas. ¡Claro que é necesario acordar!, porque se temos dificultades nos caladoiros internacionais, coa política pesqueira da Xunta de Galicia, a través de medidas unilaterais, empezamos a ter dificultades nos nosos propios caladoiros, e eso é moi serio. Pois ben, estamos de acordo coa súa iniciativa. ¿Por que? Porque as distintas comunidades autónomas, señor Vila, operan coas súas flotas en caladoiros comúns e mesmo sitúan os seus

productos nos mesmos mercados, por eso é importante que as iniciativas do Goberno de Galicia non sexan iniciativas contradictorias coas doutras comunidades autónomas. Por certo, ¿vostedes tiveron en conta esto que hoxe propoñen cando regularon certas pesqueiras, cando decretaron sobre a actividade pesqueira? ¿Tivérono en conta cando se estableceron os topes de captura? ¿Tivérono en conta cando se estableceu o descanso semanal en Galicia? Porque, ¿ten sentido non ter en conta o que fan as outras comunidades autónomas e funcionar á marxe doutras comunidades autónomas?

Miren, existen moitas razóns para non funcionar á marxe. Esta iniciativa do Grupo do PP evidencia, dicíamnos antes, o fracaso da política do Goberno da Xunta de Galicia. Medidas equivocadas, medidas unilaterais, fóra da realidade, medidas discriminatorias ou autodiscriminatorias. O Parlamento, señor Vila, ten unha dobre función desde os bancos da oposición, que é controla-lo Goberno e impulsa-lo Goberno. É tarefa da oposición. Parécenos ben que o Grupo do PP impulse o Goberno do PP, velaí un punto de encontro entre o Grupo do PP e o Grupo Parlamentario Socialista. ¿Por que? Porque o Goberno non está activo, o Goberno non goberna e o Goberno precisa de impulsos.

Á luz da súa proposición ponse de manifesto que o servizo de protección de recursos non vixía, a vixilancia non vixía, os controladores non controlan e as distintas medidas impulsadas polo Goberno non solucionan os problemas, crean problemas, máis aínda. Parece que os patróns non pensan no futuro e actúan con irresponsabilidade —estou falando á luz da súa propia iniciativa—, e os armadores andan ó día, andan á peseta, e non lles importa outra cousa. E o Goberno, que isto si é o triste, reitero que non goberna, porque anda cansado en viaxes exóticas e en guerras sucesorias. Menos mal, señor Vila, que está vostede no Grupo Popular e que se dá conta e o reconece. E pídelle ó Parlamento que impulse o Goberno. Conte con nós, xa llo dixen antes. Impulse o Goberno chamándolle a atención, espertándoo, recordando que debe gobernar.

E como o Grupo Parlamentario Socialista está aberto, sen ningún tipo de sectarismo, compartimos en gran medida esta iniciativa e propoñémoslle, para que sexa máis explícita a súa iniciativa, unha emenda;

unha emenda para que poidamos avaliar certos efectos sobre a economía da flota e sobre o nivel de recursos existentes. Estou seguro de que vostedes non nos van nega-la introducción desta emenda porque sería a parte máis substantiva do que aprobáramos nesta Cámara nesta mañá. E no caso concreto desta iniciativa súa, non admiti-la nosa iniciativa sería aprobar unha resolución que non é máis que un brindé ó sol; non aprobaríamos nada máis. Porque, en todo caso, señores do Partido Popular, o Goberno ¿que está facendo? E o señor Juárez, galego destacado en Madrid para rexe-los destinos pesqueiros de España, ¿que está facendo? ¿Non están facendo nada? Á luz da súa iniciativa non están facendo nada.

Pois ben, nós compartimos eso tamén, pero xa o compartiamos antes. Cando o debate de presupostos o Grupo Parlamentario Socialista xa alertaba destas cousas, mesmo noutras iniciativas. Pero vostedes desconsideraron as nosas emendas e tiraron pola borda todo un traballo que a nós nos pareceu importante. Como observarán, ante algo máis ou menos...

(Ocupa a Presidencia o seu titular.)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOURO GOYANES: Remato, señor presidente.

Ante algo máis ou menos razoable, o Grupo Parlamentario Socialista non está cerrado e apoia. Pedímoslles que acepten a emenda, porque sería darlle contido á resolución.

Poden vostedes, desta actitude nosa, aprender algo, e sobre todo a cambia-la súa práctica. Cando o Grupo Parlamentario Socialista presente algo nesta Cámara, cando faga unha petición que sexa razoable, que sexa regulamentaria, por favor, acéptena; polo menos discútana, non se sitúen no non polo non, porque estamos acostumados nas distintas comisións a que todo o que propoñemos que lles parece razoable resulta que logo non o aceptan e tiramos todo pola borda.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOURO GOYANES: Remato, señor presidente.

Deste xeito, contribuíriamos todos a darlle un máis e mellor sentido a este Parlamento, sen descualificar a ninguén, recollendo as iniciativas de tódolos grupos e moi particularmente as iniciativas razoables que plantexa as máis das veces o Grupo Parlamentario Socialista.

Máis nada e moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Louro.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ¿queren intervención? (*Pausa.*) Non hai intervención.

Rolda de posicionamento respecto das emendas polo Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Vila Pérez.

O señor VILA PÉREZ: Si, señor presidente, moitas gracias.

Señor Louro, entre o que vimos pola mañá e a súa intervención de agora dá a impresión de que vostedes teñen un concepto patrimonialista do Parlamento, o Parlamento é dos deste lado; a impresión é que é dos deste lado, os deste outro lado non pintamos nada.

Mire vostede, os deputados deste lado da Cámara van presentar iniciativas, tódalas que crean convenientes, para impulsa-lo Goberno, para aconsella-lo Goberno, porque o Goberno non o sabe todo nunca, o Goberno é o Goberno e o grupo parlamentario é o grupo parlamentario. E todo ó que nós poidamos contribuír co Goberno é importante, ¿entende? Polo tanto, cando nós presentamos estas iniciativas, di vostede: "O Goberno de Madrid non fai nada". Non fixo nada o Goberno de Madrid do Partido Socialista. O señor Juárez, que leva moi pouquiños meses no cargo, moi pouco tempo, fixo máis que nos trece anos do Goberno Socialista. E precisamente que desde este Parlamento se aprobe unha iniciativa deste tipo facilítalle ó señor Juárez ese labor de negociación coas comunidades autónomas do Cantábrico, porque coa Comunidade Autónoma de Galicia non ten nada xa que negociar, porque está totalmente en sintonía co que aquí se está dicindo. Polo tanto, iso facilítalle o labor ó señor Juárez.

Di vostede: "Iniciativas contradictorias". Non, non é así. Mire, hai anos, na lexislatura pasada, discutiamos de que se igualasen os topes do Cantábrico cos de aquí, cos do noroeste. E dicíase que estaban equivocados, que nós estábamos errados por ter uns topes máis baixos. Pois ¡mire vostede qué casualidade, que neste momento, neste ano, xa os topes están igualados, os do Cantábrico e os do noroeste! Pero non se igualaron á alza —é dicir, os de aquí, que eran de 7.000 quilos no caso da sardiña, para poñelos en 10.000, que eran os que tiñan os do Cantábrico—, nin moito menos, igualáronse á baixa tal e como dicíamos os de Galicia. Polo tanto, nós impartímoslles doutrina ós do Cantábrico, e con esta iniciativa pretendemos tamén impartilles doutrina ós do Cantábrico. E se eso vostede cre que é darlle corda ó Goberno, pois ó Goberno de vez en cando tamén lle hai que dar corda. Vostedes, polo que se ve, non son capaces de darlla.

Polo tanto, esta iniciativa é fundamental, porque os últimos datos, os informes que se manexan por parte das autoridades científicas, son alarmantes para a sardiña, ¡alarmantes! Tal é así que se está falando de prohibi-la pesqueira, posición que non comparte, por suposto, o Goberno español nin o Goberno de Portugal, e que queren que iso se traduza nunha diminución das capturas, nun menor esforzo pesqueiro, pero nunca en romper totalmente coa captura.

E polo tanto, cando estamos falando de situacións de alarma, todas aquelas ideas que desde o Grupo Popular lles poidamos dar ó Goberno da Xunta e ó Goberno de Madrid —que casualmente tamén é do mesmo partido— pois eso é moi importante e, polo tanto, o noso grupo non vai decaer, imos traballar nesa liña. Esa función estámola a facer e pódolle dicir que nas últimas dúas reunións preparatorias da campaña deste ano, do Consello Galego de Pesca, tódolos representantes defenden por unanimidade esta mesma tese e demandan esta mesma tese. Houbo unha reunión no mes de marzo, exclusiva para as medidas complementarias de vixilancia, que foi aprobada por unanimidade de tódolos asistentes; polo tanto, que teña o referendo deste Parlamento é importantísimo para implantala.

Nós podíamos esperar a ver que chova, e a ver se as cousas se solucionan. Pois non, o noso grupo vai pelexar para aportar tódalas ideas que teña como positivas para contribuír a que este recurso, que neste mo-

mento aínda ten futuro, non desapareza. E isto pasa por tomar estas medidas racionais, medidas racionais que nos van permitir que non pase que os xurelos que hoxe van a 300 pesetas o quilo mañá vaian a 10 pesetas. Porque sendo coas mesmas escamas e coas mesmas espiñas non ten explicación que hoxe vaian a 300 pesetas e mañá a 10 pesetas. E para que isto non suceda, ¿que ten que haber? "A inspección pesqueira", di vostede, "é insuficiente". A inspección pesqueira é a que é. Cando falabamos da seguridade, o representante do Bloque practicamente nos dicía que tiñamos que ter un parque de helicópteros e un par de portaa-vións. Non é posible. Eso non é posible. A inspección pesqueira é a que é, e aínda que traballase as 24 horas e tódolos días do ano, non pode estar en todas partes ó mesmo tempo. É necesaria unha política de vixilancia complementaria. Como tamén temos unha Policía Nacional que vela por todos e unha Garda Civil que vela por todos, eso non quita que haxa unha policía local para ir ós asuntos máis particulares. Polo tanto, estes vixilantes o que van facer, señor deputado, é complementar esa inspección, tanto da Administración do Estado como da propia Xunta, para estar permanentemente alí e para que o cumprimento das medidas establecidas se leve a cabo rigorosamente, porque dese rigor vai depende-lo recurso, o caladoiro e o futuro dos pescadores de cerco. Por iso imos pelexar a tope con iso.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILA PÉREZ: Si, remato xa, señor presidente.

Practicamente de todo o que vostede me quixo dicir, non sei se vostedes pretenden, señorías, que o Grupo Popular quede quieto. Pois vaian metendo na cabeza, metendo na súa idea, que imos presentar iniciativas coma esta e moitas máis. Porque o Parlamento, a pesar do que se viu hoxe pola mañá, é a expresión do pobo, efectivamente; e é dos dese lado e mais dos deste de aquí, coa diferenza de que aquí hai moitos máis, o pobo deulles máis representación ós deste lado.

Máis nada, moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Vila. Gustárame, persoalmente, coñece-la súa opi-

nión sobre a emenda. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (Risos.)

¡Ah!, moitas gracias, xa me dou por enteirado.

Procedemos a votar.

(*Pide a palabra o señor Louro Goyanes.*)

¿Señor Louro?

O señor LOURO GOYANES: Unha cuestión de orde. Quero dicirlle ó señor Vila que o Grupo Parlamentario Socialista lamenta que non estea neste debate o señor conselleiro de Pesca, Acuicultura e Marisqueo para atender ó discurso do señor Vila, que quere impulsar e complementa-la ausencia de política pesqueira en Galicia.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Louro. Xa se lle transmitirá esa idea.

Procedemos a vota-la proposición non de lei, sen a aceptación da emenda, tal e como foi formulada.

(*Votación.*) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposición non de lei. Queda aprobada tendo en conta que hai un voto máis a favor, do señor Cortizo Nieto, que di que se equivocou na votación. Hai dous votos, o do señor Cortizo e o do señor Castro Gago.

Suspéndese a sesión ás dúas e quince minutos da tarde e reiníciase ás catro e trinta minutos.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente primeiro e do secretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e a letrada señora López Gómez.

Ocupan o banco do Goberno o conselleiro de Economía e Facenda; de Educación e Ordenación Universitaria; de Industria e Comercio; de

Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria; e de Sanidade e Servizos Sociais.

O señor PRESIDENTE: Boas tardes, reiníciase a sesión.

PROPOSICIÓN NON DE LEI DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, POR INICIATIVA DE D. EMILIO LÓPEZ PÉREZ E DOUS DEPUTADOS E UNHA DEPUTADA MÁIS, SOBRE A SOLICITUDE DE PARALIZACIÓN POLA AXENCIA TRIBUTARIA DAS ACTUACIÓNS PENDENTES RESPECTO DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN E O ESTABLECIMENTO DUN RÉXIME TRIBUTARIO ESPECÍFICO PARA ELES.

O señor PRESIDENTE: Existe unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que o señor secretario lles vai ler.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): Emenda de substitución:

1.- Dirixirse ó Goberno central para que se declare a propiedade veciñal como ben de interese social e ecolóxico, incidindo ante o Ministerio de Economía e Facenda na necesidade de abordar unha modificación lexislativa que adapte as obrigas tributarias das comunidades de montes veciñais en man común á realidade socioeconómica de Galicia.

2.- Para tal efecto, constituirase un grupo de traballo integrado por representantes da Xunta de Galicia e do Ministerio de Economía e Facenda que aborde os traballos preparatorios para darlle resposta a esta cuestión, tendo como obxectivo prioritario a consecución da exención do gravame impositivo para os beneficios que se invistan na atención ó monte ou en bens de interese social para a comunidade veciñal”.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Vega Buxán para a defensa da proposición non de lei.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señoras e señores deputados, supoño que a estas alturas non sería necesario que eu lles dixese desde esta tri-

buna, ou que lles falase, sobre a importancia dos montes veciñais en man común na xeografía económica e humana do noso país. Só vou aludir telegraficamente a algúns datos reveladores desa importancia. Por unha banda, quero lembrar que estes montes veciñais acadan unha superficie actualmente superior a 600.000 hectáreas, o cal supón aproximadamente a terceira parte da superficie forestal total do noso país, e ao mesmo tempo, o número estimado de membros das comunidades de montes veciñais en man común, que son os colectivos, os grupos humanos que rexen o funcionamento e administran este tipo de propiedade, o número estimado de persoas que integran esas comunidades é superior ás 265.000 no noso país. Por tanto, é indiscutíbel que estamos a falar, cando nos referimos aos montes veciñais e concretamente ás comunidades de montes veciñais, de algo moi importante no pasado e no presente, sen dúbida, para calquera proxecto político, económico e social que intente actuar en serio sobre o noso país.

¿Por que tratamos nesta iniciativa e nesta ocasión este tema en relación coa fiscalidade? Desde logo, quero rapidamente advertir que non traemos aquí esta iniciativa porque pensemos que a problemática dos montes veciñais en man común é reducíbel a este aspecto, tal pretensión sería, ademais de insensata, digamos totalmente frívola por parte de calquera, e suporía, sen dúbida, desviar a atención sobre outro conxunto de aspectos que inciden na actual situación, e o que é máis importante, no previsíbel futuro desta forma de propiedade e deste tipo de organización económica-social.

Sen dúbida, falar dos montes veciñais supón tamén falar da política forestal que se está a practicar ou que se vén practicando no noso país nos últimos anos e supón, ao cabo, falar tamén da política agraria tamén practicada no noso país. En ambas as dúas cuestións é ben sabido que o Grupo Parlamentario do BNG ten serias e importantes diferencias a respecto das liñas básicas, ou da carencia delas, que veñen caracterizando a política do Partido Popular, polo menos nos últimos oito anos de Goberno. Pero non vai ser ese o centro de atención da miña intervención, por non ser, efectivamente, ese o alcance específico da nosa iniciativa.

Tratamos nesta iniciativa, efectivamente, da problemática fiscal a respecto dos montes veciñais, e fa-

cémolo porque aproximadamente hai máis dun ano se coñeceron os primeiros intentos no noso país de diversas axencias da Administración tributaria de cobrar ou de actuar sobre as comunidades de montes como eventuais ou hipotéticas, ou presuntos suxeitos pasivos de certas figuras tributarias, concretamente do imposto de sociedades, do IRPF e tamén do IVE.

Esta actuación, que se deu sobre todo nalgunhas comarcas do noso país, partía da base dunha interpretación desas axencias tributarias en virtude da cal as comunidades de montes serían algo así como unhas empresas ou unhas persoas xurídicas empresariais, ás cales, por tanto, se lles poderían aplicar as mesmas figuras tributarias que se lles aplican habitualmente a esas entidades. Dende logo, como tivemos ocasión de manifestar noutras ocasións neste Parlamento, esa ecuación ou esa analoxía que se pretendeu, ou que se está pretendendo aplicar por parte dalgunhas axencias tributarias, é para o Grupo Parlamentario do BNG un absoluto despropósito. Nin pola función social que cumpren as comunidades de montes veciñais, nin polo funcionamento económico das mesmas, ou pola faciana económica das mesmas, nin pola natureza xurídica establecida na Lei de montes veciñais en man común de 1989 aprobada polo Parlamento galego, nin por calquera deses tres elementos citados por min agora, pode facerse semellante equiparación como a que pretenden esas axencias tributarias. E, dende logo, se o argumento que se intenta pór enriba da mesa é que dese xeito se está aplicando unha política efectiva contra a fraude fiscal ou comeza por aí a cruzada antifraude fiscal á Administración tributaria, entón, se ese fose o argumento, estaríamos ante unha broma de moi mal gusto ou ante un insulto á intelixencia, porque comprenderán vostedes que pretender exemplarizar a loita contra a fraude fiscal "castigando" —entre aspas e quitando as aspas— estas comunidades de montes veciñais, xa digo, é para botarse a rir aquí, é para coller ese novo suplemento dunha revista semanal do Estado que di: "A las barricadas". Pois é para coller agora e ir "a las barricadas" con este exemplo, se se pretendera facer un exemplo de fraude fiscal.

Hai moitos paraísos fiscais —e non precisamente nos que habitan os membros desas comunidades de montes veciñais— nos que habería que gastar as enerxías —neses paraísos e nos camiños que conducen a eses paraísos— por parte da Administración tributa-

ria, e non ir detrás destas comunidades de montes veciñais, de montes en man común. Ante esa situación, ten habido reaccións neste Parlamento, a través de diversas iniciativas dos grupos da oposición na anterior lexislatura e mais nesta. Previamente a esta reacción parlamentaria, houbo tamén, hai que deixar constancia disto, unha reacción nas propias comunidades ou organizacións de comunidades veciñais; houbo manifestacións públicas, mobilizacións públicas e houbo tamén pronunciamentos explícitos en contra de semellante despropósito. E aquí o noso grupo e tamén outros grupos da oposición trouxeron diversas iniciativas e tomáronse acordos —porque o grupo maioritario desta Cámara non foi quen, porque sabe que non ten argumentos; en definitiva, non se atreve a facelo— de oporse a un posicionamento hai un ano no que se establecía, en primeiro termo, dirixirse á Administración tributaria para que paralizase as actuacións pendentes de anos anteriores nos montes veciñais en man común e, en segundo lugar, establecer unha normativa de regulamentación dos aspectos fiscais das comunidades de montes veciñais en man común que teña en conta as características específicas deste tipo de propiedade e a lei que as regula. Isto ocorreu entre abril e xuño de 1997, non recordo moi ben agora en qué data foi aprobado neste Parlamento.

En todo caso, con posterioridade a eso, tivemos ocasión de comprobar máis unha vez a carencia de efectividade dos acordos que se toman nesta Cámara por unanimidade, porque recentemente, concretamente o xoves 23 de abril, viña unha información nun xornal galego na que se dicía que houbera unha reunión entre altos cargos do Ministerio de Facenda en Madrid con membros das comunidades de montes da organización galega de comunidades de montes. E nesa xunta celebrada en Madrid, eses altos cargos —fíxense vostedes—, cargos de Facenda, cualificaron de ousados e de irresponsábeis os intentos de varias axencias tributarias de Galicia de que as comunidades de montes veciñais de Galicia tributasen como empresas mercantís, e mesmo o secretario de Estado de Facenda, Juan Costa, e o director xeral de Tributos, Enrique Giménez, afirmaron —¡atención!— descoñecer esta situación nunha reunión celebrada o pasado luns día 20.

¿Pero como é posíbel que estes altos cargos de Facenda descoñezan unha situación sobre a que este Parlamento tomou o acordo ao que eu aludía hai un ano? ¿Pero como é posíbel? Entón, unha de dúas, señoras e señores deputados, ou os acordos deste Parlamento chegan á Xunta de Galicia e xa non pasan de aí, ou se chegan á Xunta de Galicia e esta, aínda que sexa formalmente, para cubrir o expediente, manda algo a Madrid, a quen llo manda, en Madrid —se é que llo chega a mandar—, colle o papel e, no período máis breve de tempo posíbel, fai prácticas de canastra, de encesto —non de canastra de xogo—, de baloncesto, con ese papel. Porque se non un non pode entender cómo nunha problemática tan importante como esta resulta que o que *de facto* é ministro de Facenda, o señor Costa, pode dicirlles aos membros de asociacións de montes veciñais que non coñece esa situación, ¿como é posíbel?

En fin, á vista destas circunstancias o noso grupo presentou esta iniciativa que o que fai é ir na mesma liña da aprobada hai un ano e da aprobada recentemente na Comisión 3ª, de Economía. Na mesma liña e na mesma filosofía de fondo o que fai é propor que se paralicen as actuacións que seguen existindo sobre as comunidades de montes veciñais en materia fiscal e que se estudie ou que se poña en práctica un réxime ou unha normativa fiscal que declare exentas, dende logo, de tributación polo imposto de sociedades e polo IRPF, aquelas comunidades de montes veciñais que nese último caso utilicen os seus beneficios en facer diversos investimentos ou obras sociais.

Outro problema moi diferente é cando esas comunidades de montes reparten entre os comuneiros eses beneficios, pero entón os comuneiros son como o resto das persoas, como os suxeitos pasivos potenciais do IRPF. Non habería nese caso ningunha distinción sobre o resto de cidadáns. Pero, en todo caso, no que teñen de específico as comunidades de montes veciñais non deberían tributar con base nesas figuras positivas existentes.

Máis nada.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, Delgado Arce.)

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas grazas, señor Vega.

Ten a palabra o señor Castro García, polo Grupo Parlamentario Popular, para a defensa da súa emenda.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor presidente, señoras e señores deputados. "Os homes esquecen máis doadamente a morte do propio pai que a perda do seu patrimonio". Esta categórica afirmación escrita aló polo século XVI, concretamente en 1513 por Nicolás Maquiavelo, reflicte a preocupación das persoas polos bens propios, por aquilo que lles pertence. Cecaís o estadista florentino citado sexa esaxerado, aínda que gráfico, para amosar que moitas veces o ter prima sobre o ser.

Señorías, o sentido da propiedade está perfectamente reflectido no noso país. Eses hortos, esas cortiñas, esas tapadas, eses nabais e corgos, mesmo os montes pechados por muros feitos pedra a pedra manifestan en tantos e tantos lugares de Galicia a preocupación dos seus donos por illalos, por illar esas propiedades do resto doutras; en definitiva, por facelos seus, por identificalos perfectamente. Esa preocupación pola propiedade individual da terra non é maior que a manifestada polos propietarios colectivos dos montes veciñais; sendo estes montes de todos, tamén son propiedade de cada un dos veciños do lugar respectivo. Polo tanto, de aí a preocupación, lóxica por outra parte, polo que atinxe ós impostos e á fiscalidade dos montes.

Por eso, aínda que a frase coa que eu escomezaba esta intervención sexa demasiado forte, si reflicte unha lexítima preocupación pola propiedade por parte dos veciños afectados, polo destino dos beneficios do monte, polos impostos que hai que pagar, en definitiva.

Debemos hoxe unha iniciativa que ten que ver coa propiedade, non individual senón colectiva, unha propiedade peculiar e ben característica de Galicia: os montes veciñais en man común. Señorías, ó grupo maioritario desta Cámara, ó que represento, estráñalle que veña hoxe a debate esta iniciativa e que sexa vos- tede precisamente, señor Vega Buxán, o que trae como portavoz esta iniciativa a debate neste Pleno. Porque non hai moitos días, o 29 de abril concretamente, debateuse na Comisión 3ª, Economía e Facenda deste Parlamento, unha proposición non de lei referida á mesma temática. Daquela, era o Grupo Mixto, a iniciativa do señor Pazos, quen traía o tema a

esta Cámara: a fiscalidade dos montes veciñais en man común. O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentou daquela, naquel debate do 29 de abril, unha emenda, na que, logo da correspondente transacción na que participaron tódolos grupos —tamen o Bloque—, se chegou a un texto consensuado.

Por eso precisamente nos estraña que hoxe sexa o Bloque o que traia a debate este asunto sobre o que xa houbo acordo e sobre o que a Cámara se manifestou por unanimidade. Se fomos consecuentes e coherentes nas nosas posicións, se entón, hai tan só doce días —non me refiro xa, señor Vega, a hai un ano—, acordamos un texto e votouse na Comisión correspondente, neste caso na 3ª, ¿por que o Bloque trae a este Pleno o asunto doce días despois de acadar un texto consensuado? Hai que preguntarse: ¿Por ciúmes políticos respecto do Grupo Mixto? ¿Por falta de fe na propia Cámara parlamentaria? ¿Cecais por despiste dese grupo na Xunta de Portavoces?

Señorías, o Grupo Popular é coherente e consecuente cos seus posicionamentos e, polo tanto, trae hoxe a esta Cámara unha emenda de substitución que recolle liña a liña, palabra a palabra, o texto transaccionado do día 29 de abril deste ano na Comisión 3ª, no que participou o Bloque, insisto, e por suposto no que participou o señor portavoz que hoxe se dirixiu á Cámara na defensa desta iniciativa por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pois ben, señorías, se o Bloque non retira da orde do día este asunto, que unicamente un despiste o pode traer a este debate, é evidente que terá que votar a favor da nosa emenda, como agardo que o fagan o Grupo Mixto e o Grupo Socialista, para ser, evidentemente, coherentes co que se dixo hai poucos días na Comisión 3ª. É unha forma, entendemos nós, de salvar-la situación e de respecta-los acordos acadados, sería unha forma de respecto á Cámara; en definitiva, sería unha forma de respecto a nós mesmos como deputados desta Cámara. E non serve o argumento de que a proposición non de lei que se debate hoxe foi asinada con anterioridade á presentada polo Grupo Mixto por parte do señor Pazos, por parte do Grupo Mixto. Unha delas, aquela iniciativa, foi debatida en Comisión, e esta está sendo debatida en Pleno, en sesión plenaria, pero non esquezan as súas señorías que tan Parlamento é a Comisión 3ª como este plenario; non esquezan as súas señorías que tan deputados e de-

putadas somos en Comisión como en Pleno; non esquezan, señorías, que tan válidos son os acordos tomados alí como aquí.

Por eso o noso grupo quere respectar expresamente —e subliño a verba "expresamente"— o acordo acadado na Comisión de Economía e Facenda do día 29 de abril a través desta emenda que nós presentamos, que non é nosa, que é de todos nós.

A nosa emenda recolle o obxectivo de dirixirse ó Goberno central para que se contemple a propiedade veciñal como un ben de interese social e ecolóxico, facendo fincapé na necesidade de que o Ministerio de Economía e Facenda proceda á modificación necesaria que adapte as obrigas tributarias das comunidades de montes veciñais en man común á realidade socioeconómica de Galicia, distinta á doutras terras de España, porque hai que considerar que, efectivamente, a realidade galega é distinta á realidade doutras zonas do Estado. A este respecto, na recente entrevista entre o presidente Fraga Iribarne e o vicepresidente segundo, o señor Rato y Figaredo, abordouse este asunto co ánimo de que por parte do Goberno do Estado se tomen as medidas que vaian encamiñadas á procura dunha solución para este asunto, dunha solución positiva, evidentemente.

A nosa emenda, recollendo o sentir do acordo do 29 de abril, plantexa a constitución dun grupo de traballo mixto, Xunta de Galicia-Ministerio de Economía, que aborde os traballos preparatorios que contribúan á consecución da execución do gravame impositivo, da exención do gravame impositivo para os beneficios que se invistan na atención ó monte ou en bens de interese social para a comunidade veciñal. Posicionamento unitario, evidentemente, posicionamento de todos nós e, por suposto, posicionamento unitario deste Pleno respecto da Comisión 3ª, de Economía e Facenda, para que, despois, se é que houbera algún argumento, non se faga hipoteticamente o que plantexaba o señor Vega Buxán, de utiliza-la canastra para marcar, logo de enruga-lo papel, algún punto nalgunha papeleira.

Na entrevista á que acabo de facer referencia entre o señor presidente e o señor ministro de Economía apúntase o 30 de setembro deste ano —estamos falando de dentro de poucos meses— para que ese grupo de traballo presente a súa proposta de réxime tributa-

rio sobre o que nos ocupa. Como ven as súas señorías, o Goberno de Galicia, moi en contra do que di o señor Vega Buxán na súa intervención, amosa tamén a súa sensibilidade e preocupación por este tema, como non podía ser doutro xeito. Pero non só o presidente da Xunta e o ministro de Economía, tamén o conselleiro de Medio Ambiente e a ministra de Medio Ambiente teñen falado deste mesmo asunto; proba do interese do Goberno galego e tamén do Goberno do Estado por acadar unha saída á problemática planteada encol da fiscalidade do monte galego. E non esquezan vostedes que sen os votos populares nin a proposición de lei emendada o 29 de abril nin esta que hoxe estamos a debater saírían adiante.

Rogo, pois, ós señores portavoces que, de non ter retirada esta iniciativa para que teña pleno valor o acordado na Comisión do 29 de abril, procedan a apoiar de xeito unánime a emenda que lles presento no nome do Grupo Popular, para que o acordo sexa plenamente coherente. Por suposto, non vou entrar, evidentemente, hoxe no fondo do que plantexa o señor Vega, porque entendo eu que moitas veces o fondo ten que ser sacrificado a prol das formas para acadar un axeitado fondo tamén. E hoxe é un destes días nos que hai que ter en conta as formas e os acordos previos.

Por eso, señoras e señores deputados, señor presidente, nós plantexamos esta emenda, deixámola sobre a mesa, e é un acordo tomado en Comisión, que é tan válido, perfectamente válido, como calquera outro, e que eu pido que sexa reflexionado, que sexa tido en conta polo señor portavoz, para ser coherentes e consecuentes co que acordamos neste Parlamento.

Máis nada, señor presidente, e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas grazas, señor Castro.

Ten a palabra o señor Pazos Varela polo Grupo Mixto.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías, tivo pouco eco, no que ó aplauso se refire, a maquiavélica intervención do señor Castro. Maquiavélica, pero non do príncipe, non por prínci-

pesca, aínda que o señor Castro teña algún obxectivo principesco na mente, senón pola mandrágora, que, como ben saberá, é unha comedia bufa, unha comedia que a min me lembrou a intervención do señor Castro. E o de maquiavélica tamén porque utiliza, ou pretende utilizar, a proposición non de lei presentada por este deputado na Comisión o día 29 de abril como arma *arroxadiza* contra esta proposición non de lei presentada agora no Pleno, e eso, señor Castro, non é así para nada. Primeiro, efectivamente o acordo é que lle quita a un as ganas de transaccionar outra vez, porque o que fan é utilizar algo que vostedes desprezaron na propia Comisión e que este grupo aceptou de cara a lograr un consenso e un acordo. Vostedes desprézanlo e utilízano como arma *arroxadiza*.

E non é contradictorio o que se aprobou o día 29 de abril co que se pide nesta proposición non de lei que se aprobe hoxe, e, desde logo, supoño que o Bloque Nacionalista Galego non presenta esta proposición non de lei porque teña ciúmes do Grupo Mixto, senón, ó mellor, si que pode ser, evidentemente, porque lle preocupa o problema, pero tamén porque non se fían de vostedes, e experiencias xa hai dabondo nesta Cámara para non fiarse doutros acordos que vostedes apoiaron.

Pero é que non é contradictorio, non é contradictorio, primeiro, porque ten un punto diferente que vai máis aló, que é paraliza-las actuacións que se veñen levando. Iso non se contemplaba na proposición de lei anterior, senón que eran actuacións de futuro. Ten un punto máis de acordo e, efectivamente, o propio proponente dixo que no fondo o que se perseguía era o mesmo. Desde logo, por sumar non nos imos perder. O malo é que vostedes non son capaces de dicir que están de acordo coa fiscalidade que se lles quere por ós montes, porque ó mellor non o están, pero o que non son capaces de dicir é que non son quen de plantarlle cara ó Goberno central para paralizar estas medidas, para paralizalas e para obrigar a un cambio da lei para, evidentemente, darlles ás comunidades de montes en man común o tratamento que merecen e que, desde logo, probablemente en Madrid descoñecen. Porque, como vostede ben sabe, este tipo de propiedade é case exclusivamente tipicamente galega; un tipo de propiedade que non ten nada que ver coas sociedades mercantís, coas SL, coas SA, coas SAL, ou SPI, que tamén vostedes manexan e inventan. Non

sei, ó mellor o Partido Popular non dá entendido outro tipo de propiedades que non sexan as propiedades xenuinamente privadas, nas que cada socio inviste beneficios no peto, e este non é o caso da maioría das comunidades de montes. O monte, amén dun valor económico, está clarísimo que ten un valor ecolóxico, un valor social, un valor medioambiental e un valor cultural máis alá das festas nas carballeiras que preconiza o Partido Popular, un valor cultural máis elevado que ese.

A sustentar eses valores contribúen a maioría das comunidades de montes en man común deste país, investindo os beneficios na preservación, na conservación e na mellora do monte, e non só iso, senón mesmo en obras, en infraestruturas que afectan a toda a comunidade na que a de montes está inserida, substituíndo moitas veces ou complementando actuacións ou non actuacións doutras administracións que non se efectúan. Iso é evidente e iso recoñéceno vostedes. Polo tanto, eu non entendo esa teima de descafeinalas proposicións dos grupos da oposición, a non ser que sexa visto desde o medo que vostedes teñen a plantarlle cara ó Goberno central e a esixirlle, e entón xogamos a substituír "esixir" por "dirixirse a" e "demandar" por "pedir". Están vostedes, con respecto ó Goberno de Madrid, co que antes eran tan belixerantes, axeonllándose excesivamente diante del, e iso é o que non pode ser.

Mire vostede, eu, propoñente da proposición non de lei do día 29 de abril, que transaccionei con vostedes, dígolle que é mentira que houbera un consenso. Os outros dous, efectivamente, aceptaron e apoiaron, pero non participaron directamente niso. E non o digo en menoscabo deles, senón que non lles pode achacar ós outros dous grupos o feito de que isto se aprobara; é responsabilidade miña telo aceptado de cara a construír, de cara a, polo menos, avanzar un pouquiño. Pero é que con esta de hoxe avanzaríamos un pouquiño máis. E iso é o que hai que facer, ser máis claros, ser máis exactos.

E non presenten vostedes unha emenda, como emenda do Partido Popular, que é exactamente a resolución do outro día. Se o grupo propoñente aceptara a emenda evidentemente íamos votar a favor, non imos ser incongruentes, pero é que se o grupo propoñente non acepta a emenda imos votar a favor da proposición porque, repito, non é contradictoria. Sumar, nes-

tes casos, iniciativas, sumar esforzos é positivo, non é algo negativo nin contradictorio, como vostede nolo quixo facer ver.

Efectivamente, o outro día, nunha reunión da Comisión de Economía, a unha directora xeral, a propósito do novo IRPF, que racha a fiscalidade progresiva, cando se lle plantexou cómo se ía suplir ese déficit de ingresos —a non ser que fose recortando servizos, recortando prestacións—, falara de que se ía suplir loitando contra a fraude fiscal. Efectivamente xa se dixo antes. Se este ataque fiscal ás comunidades de montes ten como obxectivo loitar contra a fraude fiscal é un insulto á intelixencia, ademais dun descoñecemento absoluto da nación galega por parte, neste caso, do Goberno de Madrid, que é do seu partido, e vostedes podían informar.

Pero é que hai máis. Voulles dicir eu cál vai se-lo seguinte paso na fiscalidade. ¿Saben cál vai ser? As comisións de festas, que están empezando tamén a recibir cartas, a recibir comunicacións con impostos e cunha fiscalidade que, evidentemente, tampouco ten nada que ver co papel que elas cumpren. Señoras e señores deputados do Partido Popular, ás comisións de festas, constituídas por veciños e veciñas que van polas casas pedir para monta-la festa da parroquia, tamén se lles van poñer unha serie de impostos e van ser fiscalizadas. Esa é a loita contra a fraude fiscal do Partido Popular. Esa é a gran loita é iso é precisamente o que vai supli-la carencia de ingresos que se produce por unha mala política fiscal. Se ese é o parche que vostedes lle van poñer ó país, pois *apaga e vámonos*.

Desde logo —e remato xa—, eu creo, sinceramente, señoras e señores deputados do Partido Popular, que xa que coñecen a realidade e din que si, xa que están de acordo co fondo da proposta, xa que están de acordo con que as comunidades de montes non deben ser gravadas fiscalmente coma se de sociedades mercantís se tratase, apoiem esta proposición non de lei, que non contradí para nada a proposición non de lei que, por unanimidade, como ten que ser nun caso destes, aprobamos o 29 de abril, e, desde logo, o país, os montes do país e os veciños e veciñas que forman as comunidades de montes do país, nolo agradecerán, e se non, agardo que, polo menos, llelo demanden.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas grazas, señor Pazos.

Ten a palabra o señor Sineiro García polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor SINEIRO GARCÍA: Si, señor presidente.

Señorías, primeiro, vou facerlle unha precisión ó portavoz do Grupo Popular, non xa por simple cortesía parlamentaria, senón por faltar á verdade. Vostede non pode basea-la súa argumentación en que a emenda que hoxe presentan como propia por parte do Grupo Parlamentario Popular foi unha proposición non de lei transaccionada nunha pasada Comisión de Economía entre tódolos grupos, porque vostede estivo alí e vostede é testemuña de que o acordo se fixo entre o deputado señor Barreiro, portavoz naquel caso do Grupo Parlamentario Popular, e o señor Pazos. E sabe ben que tanto o señor Vega Buxán coma min nos mantivemos á marxe dese acordo. Tamén sabe vostede ben que, precisamente, con ánimo de xenerosidade, co ánimo de chegar a calquera acordo que poida ser positivo, votamos a favor desta proposición.

Miren vostedes —para vostede tamén, señor Pita—, ¿vostedes acórdanse dunha proposición non de lei —se queren falar de acordos— que foi aprobada na Comisión de Economía do 24 de abril de 1997 por unanimidade e que dicía: "O Parlamento de Galicia insta a Xunta a dirixirse á Axencia Tributaria para que paralice as actuacións pendentes de anos anteriores sobre os montes veciñais en man común". E no seu segundo punto dicía: "Establecer unha normativa de regulación dos aspectos fiscais das comunidades de montes veciñais en man común que teña en conta as características específicas deste tipo de propiedade".

Eu pediríalle, señor deputado, ou señor conselleiro, que non me distraera o señor portavoz do seu grupo, porque o seu grupo non ten a decencia política, non a tivo na pasada Comisión de Economía, para dar explicacións do que foi un acordo incumprido de hai un ano. E agora vostedes son os que nos queren falar a nós de que estamos agarrados por un acordo. ¿Como lle podemos chamar a ese tipo de actitude política? Eu dígolle que isto é do ano pasado, era un acordo de tódolos grupos, dos deputados que estaba-

mos na pasada lexislatura e dos que estamos agora, e que non se cumpríu. Na pasada sesión de Economía o que houbo foi simplemente un fogo de artifício, un grupo de traballo.

Mire, eu pediría que esta emenda non fora aceptada polo grupo proponente —aínda que é cuestión do grupo proponente— porque, en todo caso, foi votada. A proposición non de lei que se nos presenta hoxe é un paso adiante. Estéanlles seguros os deputados do Grupo Popular de que o noso grupo vai presentar outra relativa a que usémo-lo regulamento especial en canto á tramitación dunha proposición de lei neste Parlamento para ser levada ante a Mesa dos deputados e para que aquí, sobre unha proposta do Goberno, debatamos precisamente o que é o réxime fiscal dos montes veciñais en man común e logo o levemos ó Congreso dos Deputados. Eu penso que esa sería unha boa solución, e non eses grupos de traballo. É verdade —e podémolo comprender— que para prioridade do Ministerio de Facenda estamos falando dunha propiedade moi específica de Galicia, que non é común a outros territorios e qué mellor que se faga aquí neste Parlamento, non disputándolle competencias ó Congreso do Estado, senón simplemente facendo pé e baseándonos no procedemento lexislativo especial.

Sobre unha proposta do Goberno brindámoslle a oportunidade de que o faga o Goberno; se non o fai o Goberno, este grupo vai traer ese texto aquí como unha proposición de lei, e entón, vaíamos despois, precisamente tendo a oportunidade que temos de poder defender esa proposta ante o Congreso dos Deputados por medio de tres deputados deste Parlamento, e deámoslle saída a algo que é completamente necesario. Mentres, o que son acordos parciais, o que poden ser pasos adiante, non nolo traten de presentar ante os deputados da oposición como que o Grupo Popular é o garante dos acordos e os grupos da oposición sómoslos que nos movemos unha semana para adiante e outra semana para atrás.

Eu quixera, no tempo que teño, tratar de facer algunhas reflexións que eu considero que están na base do asunto e que son dun importante calado. Temos uns montes veciñais en man común que son unha propiedade característica e peculiar de Galicia; importante pola superficie que abranguen, máis do 20% da superficie total de Galicia, e tamén polo papel económico e social que teñen, xa que son máis de 2.500 co-

munidades. Ó debate desta lei asistimos con interese unha boa parte dos deputados que aínda estabamos aquí no ano 1989, porque estabamos a regular, naque-la lei de outubro de 1989, con moita ilusión e eu penso que tamén cunha ampla base de acordo. Teño que recordar que dos 30 artigos desa lei 28 foron aprobados por amplo acordo e tamén 10 disposicións xerais. Soamente houbo desacordos parciais en dous dos artigos.

Naquel ano 1989 moitos dos deputados que estamos hoxe aquí presentes participamos naquela elaboración e participamos con ilusión, pensando que, tal e como di o propio preámbulo da lei, moitas das causas dos aproveitamentos por debaixo do potencial dos montes estaban ligadas ós atrancos legais e institucionais que impediran durante moitos anos o aproveitamento dos propios montes polos propios veciños. Pensabamos que darlles plena autonomía para a xestión e o desfrute dos seus montes ás comunidades veciñais era a mellor garantía para favorecer un mellor aproveitamento. Pensabamos tamén, tal e como estaba disposto na lei, que se lle considerara un carácter preferente nas actuacións da Consellería de Agricultura para o fomento e mellora destes montes e tamén para a concesión das axudas económicas eran todas vías que ían posibilitar un mellor aproveitamento dunha riqueza básica do noso país.

A historia destes oito anos é unha historia que non se pode recordar por que fose unha defensa axeitada dos montes veciñais en man común e por un trato diferencial positivo, tal e como recolle a Lei de 1989. Houbo problemas e atrasos na aprobación do seu regulamento, hai moitos problemas pendentes de deslindes, e a pesar das iniciativas feitas en moitos dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma por parte deste grupo para que se incrementaran as partidas correspondentes, está aínda por rematar un verdadeiro inventario xeral deses montes veciñais en man común, incumpríuse o disposto na lei, que se lle daba un prazo de tres anos á Xunta para presentar un plan de aproveitamento dos montes veciñais en man común de Galicia e houbo desatención incluso destas comunidades de veciños, como no caso que nós trouxemos ó Parlamento, dun monte veciñal de Covas, onde a Administración non defendeu os intereses lexítimos dos veciños nunha corta de madeira por parte

dun particular que non estaba a defender e a respecta-lo que era a propiedade veciñal.

Pois ben, diante deses desacordos, diante deses incumprimentos no que significaba unha atención preferente a esta propiedade e diante tamén do incumprimento da proposición non de lei presentada por este Grupo Parlamentario Socialista e votada unanimemente, sen emendas —o texto orixinal en abril do ano pasado—, agora trátasenos de dicir que o desacordo vén por parte dos deputados que, nunha pasada Comisión de Economía, aceptamos que se fixera transacción entre dous grupos e como un mal menor lle prestámo-lo noso apoio no que podía ter de paso positivo para adiante.

Pero agora, ante o que poden ser novos pasos positivos, ¿é que nos queren enmudecer á oposición para que non poidamos debater esas iniciativas? ¿É que non van permitir que o Grupo Parlamentario Socialista traia aquí a súa propia iniciativa para que se use o Regulamento, o procedemento especial de regulamentación, para que sobre unha proposta do Goberno...? Eu agradeceríalle, señor conselleiro de Economía, que canto antes mandaran unha disposición sobre o réxime fiscal dos montes, sobre unha propiedade tan nosa, tan peculiar. Sería bo que a propia Xunta fixera unha proposta de regulación fiscal porque debe de haber unha regulación fiscal, pero debe de haber figuras peculiares. Pois ben, sobre esa proposición, sobre ese proxecto enviado polo Goberno, eu penso que será ese o momento —e nós imos solicitalo— no que se faga o debido debate neste Parlamento e despois, como proposición de lei deste Parlamento, tamén será o momento en se presente ante a Mesa do Congreso dos Deputados precisamente para a súa aprobación definitiva, dado que son aspectos fiscais que son competencia da Administración do Estado.

Nós pensamos que non é bo que existan ameazas e queremos recordar que segue en pé o incumprimento do primeiro punto da proposición non de lei do ano pasado. Eu coñezo directamente máis de doce casos de montes veciñais en man común que teñen embargadas as súas contas por parte da Administración tributaria precisamente por un problema de fiscalidade e de reclamación de débedas importantes. Non estamos falando de débedas sinxelas ou dunhas sumas baixas, estamos falando dun tema urxente. Eu penso que sería

bo que todos mostráramo-lo acordo sobre unha proposta que, como tal proposta de impulso, en principio, debe de ser unha competencia do Goberno —se non o fai o Goberno vaino facer este grupo parlamentario— e tamén sería bo que solucionasemos dunha vez por todas estes problemas.

Nós pensamos que este non debiera de ser un punto de discrepancia, que este é un punto no que podemos ir logrando unanimidades parciais ata conseguir unha verdadeira solución, pero nós non aceptamos de bo ton, porque ademais pensamos que é unha falsidade, que por parte do portavoz do Grupo Popular se nos negue a deputados da oposición que debatamos unha proposición non de lei, neste caso do Bloque Nacionalista Galego, que é diferente do que noutra sesión na Comisión de Economía se aprobara por asentimento, no sentido de deixar que dous grupos chegaran a unha transacción.

(Ocupa a Presidencia o seu titular.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Sineiro.

Ten a palabra o señor Vega Buxán polo Grupo Parlamentario do BNG.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señoras e señores deputados, dende logo non fai falta ser Maquiavelo para comprobar ou comprender que entre a iniciativa que presenta o noso grupo, e que é obxecto deste debate, e a iniciativa que foi debatida na Comisión 3.^a, de Economía, e aprobada por unanimidade, non hai unha relación de substitutividade, como se di, por exemplo, en economía, senón de complementariedade. Non son iniciativas substitutivas senón complementarias. Calquera que analice o texto da nosa iniciativa poderá comprender facilmente esta realidade. Por tanto, se ese é o principal e eu diría único argumento exhibido desde esta tribuna para rexeitar a nosa iniciativa, pois realmente é que haberá que concluír que non hai argumentos.

Por suposto subscribo a precisión ou as puntualizacións feitas polos anteriores voceiros dos grupos que me precederon no uso da palabra sobre o que aconteceu na Comisión de Economía. Houbo en rigor unha transacción entre o Grupo Mixto e o Grupo Popular, como debe ser, os outros dous grupos da

Cámara, que non eramos os autores da iniciativa, contemplamos esa transacción, e logo apoiámos o resultado desa transacción, por máis que tiveramos as nosas diferencias, ao mellor non co fondo da cuestión pero si coa maneira de expresar ese acordo ou esa iniciativa. E o feito de que non o manifestáramos igual era que xa tiñamos, por parte do grupo do BNG, unha iniciativa rexistrada nesta Cámara e que íamos traer nalgún momento a este Pleno.

Eu, dende logo, recomendaríalle neste caso ao voceiro do Grupo Popular que saíu aquí, pero en xeral ao Grupo Popular, que se preocupara menos, nas intervencións que teñen dende esta tribuna, de buscar a intención oculta —e non se sabe moi ben cal é— do grupo do BNG para traer iniciativas a esta Cámara e que se preocupara máis, primeiro, por cumprir os acordos desta Cámara nesta e noutras materias, insisto, de cumprir os acordos desta Cámara, e segundo, que se preocupara máis por exhibir ou por dar argumentos de peso fundados a respecto das iniciativas que se presentan e non argumentos collidos polos pelos e aludindo pouco menos que a un problema de prazos, formas e demais.

Eu quero indicar unha cousa máis. O noso grupo está aberto a que se constituía eventualmente unha ponencia conxunta, se se quere, polos grupos desta Cámara, para elaborar un proxecto de lei, en definitiva unha lei, que regule especificamente a fiscalidade nas comunidades de montes veciñais. E, fíxense vostedes, vou seguir lendo o que viña no xornal do outro día, porque é moi ilustrativo. Decía nesa información: "Esta agrupación, a organización de comunidades de montes veciñais, informou onte nunha rolda de prensa de que durante o encontro coas autoridades do Ministerio de Facenda se puxo de manifesto o alto grao de consenso entre as partes, que coincidiron na necesidade dun marco fiscal específico para o monte veciñal galego". É o que se afirma na nosa proposición non de lei, unha das cousas que se afirman. E seguía: "Os altos cargos de Facenda aceptaron que ao monte veciñal galego non se lle poden esixir os impostos de sociedades, xa que non ten personalidade xurídica, nin o IVE, por non ser de aplicación o réxime especial agrícola". Estas dúas cousas tamén figuran na nosa proposición non de lei. "Os representantes do Ministerio solicitaronlle información á organización galega sobre o funcionamento económico e ad-

ministrativo das comunidades de montes". —¡Vaia!, de novo solicítanlles información ás organizacións das comunidades de montes. Parece que non a reciben da Xunta.— "Anque apuntaron que a forma máis adecuada para afrontar as súas reivindicacións sería mediante unha medida lexislativa que sexa aprobada polo Parlamento galego". ¡Vaia!, outra sorpresa máis. Disto poderíamos dicir: "Sorpresa, sorpresa". Resulta que as autoridades do Ministerio de Facenda, de ser certa esta información, están recomendando que sexa aquí, neste Parlamento —e ten lóxica—, onde se regule a fiscalidade dunha figura tan nosa, tan específica desde o punto de vista, diría eu, ata cultural, social, económico e mesmo xurídico, como as comunidades de montes veciñais.

En definitiva, señoras e señores deputados, o noso grupo mantén a proposición non de lei porque é complementaria da que xa se aprobou na Comisión 3.^a, de Economía, e ademais é perfectamente congruente con aquela. Nas mans, e nunca mellor dito, do Grupo Popular está que sexa aprobada ou non.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Vega.

Entendo, pola explicación que deu, que non se acepta ningunha emenda.

Ponse a votación o texto, tal e como vén publicado no Boletín Oficial do Parlamento.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición.

PROPOSICIÓN NON DE LEI DO G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, POR INICIATIVA DE D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO E D. ISMAEL REGO GONZÁLEZ, SOBRE A DEFENSA POLO GOBERNO GALEGO ANTE AS ADMINISTRACIÓNS CENTRAL E COMUNITARIA DO ENLACE DO TRAZADO DA AUTOVÍA DO CANTÁBRICO TANTO COA AUTOESTRADA

DO ATLÁNTICO COMA COA AUTOVÍA DO NOROESTE.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rego González para a defensa da proposición.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señor presidente.

Señorías, non é esta a primeira vez, e ben seguro que non ha de se-la última, que se fale neste Parlamento da autovía do Cantábrico. Con distintas iniciativas tamén de distintos grupos foi traído este problema a este Parlamento para buscar un posicionamento do Goberno en torno a un problema importante, que nós entendemos que está a acontecer con esta vía de comunicación, que é importantísima, en definitiva, para o futuro dunha zona importante de Galicia, e o que é máis importante cecais, para a vertebración das comunicacións en Galicia.

Señorías, a autovía do Cantábrico vén sendo motivo de reivindicación de xeito reiterado por parte do conxunto dos gobernos das distintas comunidades autónomas de toda a cornixa cantábrica. Tamén se ten feito un traballo por parte da Administración do Estado e, desde logo, téñense financiado proxectos importantes, non en Galicia, con respecto a este vial de comunicación, senón por parte da Unión Europea con fondos, loxicamente, comunitarios.

Respecto deste vial de comunicación, no ano 1979 fíxose un estudio de trazado como froito do acordo do conxunto das comunidades autónomas da cornixa cantábrica, e a verdade é que, polo que atinxe ó territorio de Galicia, desde aquel entón practicamente non se ten feito nada. E así nos atopamos neste momento con que practicamente en tódalas comunidades autónomas da cornixa cantábrica xa hai proxectos que están executados ou en fase de execución, e noutras xa están decididos os lugares, o que son os traxectos por onde tería que transcorrer este vial de comunicación.

Desgraciadamente, nada disto acontece en Galicia, e non acontece en Galicia, entendemos nós, por unha falta de definición por parte do Goberno do Estado, pero tamén, polo que nós ata o de agora logramos entender, porque dentro da estratexia de comunicacións que o Goberno galego debería de ter para Galicia, parece que tampouco consta este vial de comunicación;

vial de comunicación que, se é importante para o conxunto de Galicia e para a vertebración das súas comunicacións, desde logo para onde é importantísimo é para as comunicacións das zonas norte da provincia de Lugo e da Coruña.

Polo tanto, señorías, estamos falando dun problema que ten un interese xeral e de comunicacións do conxunto de todo o litoral comunitario e estamos a falar tamén dun problema de vertebración das comunicacións en Galicia. Polo que nós entendemos que o Goberno galego non debe de quedar alleo a este debate e, desde logo, debe de esixir e posicionarse claramente tendo en conta o interese galego e facéndoo compatible co interese xeral deste vial de comunicación.

De aí as iniciativas que nós viñemos traendo a esta Cámara, a través de preguntas ó Goberno. A última delas foi unha pregunta que nos contestou o director xeral de Obras Públicas na Comisión 2.^a, na que nos dicía nada menos que, diante da nosa preocupación, eles defenderían unha hipotética chegada deste vial de comunicación ata Ferrol pola costa, pero que estarían, non obstante, a expensas do que dixeran o Ministerio de Fomento. Días despois, vimos como na visita que fixo o señor ministro de Fomento ó presidente da Xunta de Galicia se veu dicindo practicamente todo o contrario: o Ministerio de Fomento sería o que estaría a expensas do que dixeran a Xunta de Galicia.

En definitiva, o que témo-los galegos, o que témo-los cidadáns e cidadás deste país enriba da mesa é que non hai unha definición clara de por onde se pretende levar este traxecto, nin por parte do Goberno galego nin do Goberno do Estado. E a única cousa que hai como gran novidade é que o Goberno do Estado ten licitado e adjudicado un estudio sobre este vial de comunicación, cun prazo de dezaioito meses de execución. Un vial de comunicación sobre o que xa había estudos previos, tanto de custos económicos de impacto ambiental como de alternativas de trazado e incidencia económica que podían ter nas zonas por onde tería que pasar ese trazado, e o interese que podería ter para Galicia, dependendo de cada unha das opcións que se recollen, pois parece que o Ministerio de Fomento necesita dezaioito meses máis para estudar unha das alternativas de trazado, que, curiosamente, non é a que chega a Ferrol.

E aquí vén a nosa preocupación, señorías. Aquí vén a nosa preocupación porque nós entendemos que este vial de comunicación que recorre todo o litoral europeo non debe baixo ningún concepto deixar 150 quilómetros de costa sen comunicar, desde logo non debe de deixa-la comarca de Ferrol sen comunicar e non debe de deixar absolutamente fóra deste vial de comunicacións as zonas norte da provincia de Lugo e da Coruña.

Isto, señorías, quero recordarlles a todos vostedes que non o pensa soamente o Grupo Parlamentario Socialista, pénsano e trasladárono —cónstanos— ó conxunto dos grupos parlamentarios e ó propio Goberno o 100% das corporacións locais das zonas norte da provincia de Lugo e da Coruña, incluída a Deputación Provincial da Coruña. Son acordos unánimes. E non necesito recordarlles, señores do Partido Popular, porque vostedes xa o saben ben, que a inmensa maioría desas corporacións locais están presididas por alcaldes do Partido Popular con maiorías absolutas. Polo tanto, non serán sospeitosos de que queiran ir en contra de ningunha iniciativa do Goberno nin en contra de ningunha estratexia de Goberno en materia de comunicacións. O que están a dici-los responsables municipais, baixo o noso punto de vista, é que o Goberno galego non ten unha estratexia de comunicacións para Galicia, e isto é o que está, o que latexa, detrás desta falla de posicionamento do Goberno diante dun problema crucial coma este en materia de comunicacións para Galicia.

As autovías, sen dúbida, foron importantes, pero as autovías hai que complementalas con este vial de comunicación, que sería o que viría pecha-lo conxunto das comunicacións en Galicia. Por iso nós dicimos: á parte das previsións que existen e que no seu día foron xa incluídas en materia de comunicacións con respecto a esta autovía, señorías, para que enlazase coa autovía do Noroeste, nós entendemos que hai que dar un paso máis e que hai que achegala a Ferrol. Parécenos que sería unha grave irresponsabilidade deixar sen comunicar estas zonas e que, desde logo, sería unha grave irresponsabilidade que o Goberno galego non se posicionase claramente a favor deste trazado, a favor de que este vial de comunicacións axudase a vertebra-lo noso país tamén en materia de comunicacións.

De aí a nosa proposta, que é unha proposta en positivo. Xa non queremos, señores do Partido Popular, que vostedes metan en apuros o Goberno do Estado, falándolles de prazos, non lles marcamos ningún prazo, porque sabemos que vostedes non van cumprir ningún e os do Goberno do Estado ben seguro que tampouco, porque se tiveran intencións de cumprir algún prazo non poñerían que o estudio, que está encargado e que teñen xa adxudicado, se realizara nun prazo de dezaioito meses. A verdade é que un estudio cun prazo de dezaioito meses quere dicir que o señor Aznar non ten moita gana de facelo; en todo caso, para a próxima lexislatura xa veremos a ver quen goberna en España. Imaxino que gobernarán os que iniciaron as autovías, os que practicamente as remataron, e deixarán de goberna-los que as paralizaron, indubidablemente. Imaxino que será así, pero, en calquera caso, iso será á vontade dos cidadáns do noso país. Xa eles dirán o que teñan que dicir cando teñan oportunidade de facelo.

Nós aquí, desde logo, facemos unha proposta bastante máis modesta, dicímoslles que o Parlamento contribúa a incentivar un posicionamento claro do Goberno en favor de que demande do Goberno do Estado de xeito claro que queremos que esta autovía chegue a Ferrol, que nos parece que ten unha razón de ser importantísima e que isto non vai contra nada nin contra ninguén, senón que vai en favor dos intereses de Galicia. Nós ben sabemos que este tema supón un compromiso tamén para o Goberno galego, que supón un compromiso tamén para a Xunta de Galicia, porque é certo que a chegada desta autovía, concretamente a San Cibrao, no concello de Cervo, sería competencia da Administración do Estado, pero desde aí ata Ferrol estaríamos a falar dunha estrada de competencia autonómica. E, señorías, deben de saber vostedes que, a pesar do que dixo o conselleiro de Política Territorial hai poucos días de forma moi pintoresca, por certo, que dixo que tiña rematado o 75% do Plan de estradas de Galicia —*que tiene tela marinera la cosa*—, pois a verdade é que a estrada que vai desde a Mariña luguesa, desde Viveiro, a Ferrol está en condicións lamentables —competencia autonómica—, a pesar do que dixo o señor conselleiro de que tiña o 75% do Plan de estradas de Galicia xa executado. Xa terá el a oportunidade de vir aquí explicarnos —porque lle imos da-la oportunidade— a ver qué é ese 75% do que el falaba e a ver se ten algo que ver iso

cos máis de 100 millóns de pesetas que faltan por investir dos 270.000 que ese plan previa de investimentos. Xa nós virá aquí explicar ese tema.

Pero, en calquera caso, o de hoxe é bastante máis sinxelo para vostedes, que é que nós reclamamos que se posicionen claramente a prol de insta-lo Goberno a que demande do Goberno do Estado que dunha vez por todas decida estudia-lo impacto ambiental e acomete-los proxectos necesarios e precisos para que este vial de comunicación chegue a Ferrol. E que o Goberno galego o defenda naqueles sitios onde sexa necesario facelo; ó mellor non chega con defendelo diante da Administración central, igual hai que ir a algún sitio máis. Ben, pois se hai que ir a algún sitio máis, tampouco estaría mal que o Goberno do Estado e o Goberno de Galicia levaran o aval deste Parlamento.

Esta é a nosa proposta, que esperemos, señorías, que goce da súa consideración. Se é así, seguramente que tanto o Grupo Parlamentario Socialista como a inmensa maioría das corporacións locais das zonas norte das provincia de Lugo e da Coruña lle estarán tremendamente agradecida, e, ó final, os cidadáns galegos lograremos vertebralas comunicacións en Galicia a través deste importantísimo vial de comunicación que practicamente vén circunvalando todo o litoral europeo.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego.

¿Grupos que queiran intervir? (*Pausa.*)

Ten a palabra o señor Pazos Varela polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor PAZOS VARELA: Desde o escano, señor presidente. Simplemente para anuncia-lo noso apoio á proposición non de lei do Grupo Socialista.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pazos.

Ten a palabra o señor Trigo Durán polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, señorías, subo á tribuna para fixar a posición do Bloque Nacionalista Galego respecto da proposición non de lei que presenta o Grupo Socialista.

A proposición non de lei que presenta o Grupo Socialista pide que a Xunta amose o posicionamento claro sobre o trazado da autovía do Cantábrico en defensa, perante a Administración central e comunitaria, do seu enlace tanto coa autoestrada do Atlántico como coa autovía do Noroeste, a través dos tramos Ribadeo-Ferrol pola costa e Ribadeo-Baamonde. Matino que cando se di o de Ribadeo-Baamonde pois é de Barreiros a Baamonde, pero a cuestión é exactamente a mesma.

Subir para falar de autovías, autoestradas e vías de comunicación con Galicia é, dígolles con toda sinceridade, doloroso para este deputado, e é doloroso porque hai que facer un exercicio continuo de ilusión, de esquecemento e de chegar á conclusión de que na política o que vale é o presente, nin conta o pasado nin, ó parecer, ás veces hai que mirar o futuro. Porque é evidente que o gran problema do noso país en materia de comunicacións, e non me cansarei de dicilo, independentemente de quen hoxe detente responsabilidades, é de tirios e troianos. A todos aqueles que votaron a favor do Plan de infraestructuras do Estado no Congreso dos Deputados de España condenáronos, dalgunha maneira, ao illamento e ambas as dúas partes contratantes están postas no mesmo saco, ambas as dúas partes.

E eu isto non podo deixar de dicilo porque se confirmaba no ano 1993 a construción da autovía do Cantábrico entre Avilés e Lugo; da autovía de Asturias dicíase en setembro do 1993 que era só un proxecto a longo prazo, facíase unha emenda ao ministro en marzo do 1993. Fraga —¿como non ía ser?— auguraba e interpretaba que a autovía Galicia-Asturias se levaría a cabo, ¿cando? Non se sabe. Unha persoa importantísima do Estado anunciaba a construción da autovía Galicia-Asturias en outubro de 1993, e o Parlamento europeo o 20 de outubro do 1993 dáalle carácter prioritario á autovía Galicia-Asturias.

En definitiva, cando eu era máis novo, había unha revista que se chamaba *El hermano lobo*, e tiña unha tira, nunha das páxinas impares, na parte dereita —re-

córdoa perfectamente— que sempre terminaba coa mesma aseveración: "¿Cando virá a democracia? ¡Uhhhhh!", dicía a revista. Claro, e eu preguntome ás veces: ¿cando terminará o tema das autovías? E digo: ¡Uhhhhh! ¿Cando rematará o tema das autovías? Porque élle un exercicio —e dígo de verdade, coa seriedade que ten o tema da proposición non de lei— auténtico de esforzo. Pero imos posicionarnos, imos votar a favor, pero imos votar a favor en función de que cremos que o Goberno da Xunta de Galicia ten un emprazamento por parte do Goberno do Estado. O señor ministro de Fomento, o señor Arias Salgado, tenenos emprazados a vostedes, á Xunta de Galicia —lamento que o señor conselleiro de Política Territorial non estea aquí neste tipo de debates, que debería estar—, a que sexan vostedes os que digan cál é o trazado idóneo e cál é o trazado que vostedes elixen.

De todos é sabido que o Plan director de infraestructuras plantexaba que a Transcantábrica iría desde Avilés á autovía do Noroeste; de todos é sabido que esa era a posición. Pero o que está claro é que en Galicia neste momento se plantexa unha demanda —non agora, senón, como ben dixo o señor portavoz do Partido Socialista, xa se plantexou na anterior lexislatura, durante bastante tempo xa; non agora, que os alcaldes o acaban de reclamar de novo, senón que anteriormente tamén o reclamaron deste Parlamento—, unha alternativa: a de que siga pola costa.

Ten razón o señor deputado do Grupo Socialista cando fala de que a estrada que vai de Ribadeo a San Cibrao é unha estrada de carácter estatal e en que a outra é unha estrada de carácter da Xunta de Galicia, e ten razón na situación da estrada. E é evidente que se dá unha posición incluso de desdoblamento da propia estrada nacional para convertela en autovía, se así fose, ou en trazado alternativo, de tal xeito que aforríamos custos, pero hai tamén unha posición que non dá aclarado a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia, nunha comisión deste Parlamento, a través do seu director xeral de Obras Públicas, manifestaba que, aínda que o mellor trazado, o máis fácil, era o trazado de Avilés, de Barreiros a Baamonde, en definitiva, o social, o que tiña carácter social realmente era o que ía polo litoral ata Ferrol.

A partir dese momento e deste momento a nosa prioridade é a da costa, e é a nosa prioridade porque os que deseñaron o outro plantexaban a comunicación

de Asturias e non a comunicación nin a vertebración de Galicia, e por iso nós, neste momento, como sabemos que aínda que non é a máis barata, que non é, ao mellor, é a que menos impacto ambiental puidera ter, consideramos que o trazado social, o de desenvolvemento do que é toda a Mariña luguesa, do que é toda a zona de Ferrol —a quen sempre lle chegan dez anos máis tarde todos os proxectos e todas as reivindicacións que se fan para o seu desenvolvemento; lamentablemente, sempre lle chegan dez anos máis tarde—, é o mellor trazado, e por iso, dentro do que é a proposición non de lei, ímoloo apoiar tendo en conta esta matización que facemos.

Evidentemente, que non ha lugar incluso á presentación de ningunha emenda, porque non ten sentido, xa que cremos que se o bo siso do Goberno está na defensa da sociedade, está na defensa do desenvolvemento do que é toda a Mariña luguesa e a comarca de Ferrol, é evidente que ten que optar pola opción da costa.

Nós, nese aspecto, iríamos máis aló. Cremos que neste Parlamento sería necesario que disto non fixeramos a guerra de se ti, de se outro ou outra, de se aquel ou aquela fixeron ou eu non fixen. Creo que ao mellor sería necesario que o señor Cuíña, que aquí non está, aquel campión de facer reivindicacións das autovías, aquel capión de levar, se facía falta, os galegos a Madrid, aquel que chegou a dicir, cando se dixo que as autovías non se construírían, que se facía falta Galicia —¡ollo co que vou dicir!— adiantaría o diñeiro para a súa construción... Están aí as hemerotecas e están tamén as expresións claras. E, realmente, nin con adiantos de diñeiro nin con protocolos nin sen protocolos, o *enghano* é continuo, non paramos.

En definitiva, señoras e señores deputados, eu non sei se a próxima vez traer aquí unha proposición especial para que no Congreso dos Deputados todos nos dirixamos ao Goberno por unanimidade e lle pidamos que se constrúa pola costa e se constrúa xa, que se constrúa xa. Dirásenos, polas persoas que son sempre responsables, por aqueles que sempre teñen os gobernos e polo xeral son responsables a máis non poder, que non hai cartos; é a eterna canción. Para Galicia non hai cartos, mais para os AVE varios, e non só para o AVE Madrid-Sevilla, senón incluso para, fíxense vostedes, crear unha empresa pública para a realización do AVE a Barcelona e do AVE a Málaga, para

eses hai cartos. Será que o noso peso político non é igual en proporción ao peso político das dúas grandes forzas que combaten e que están sempre montados no cabalo de Troia. Será iso.

En fin, nós pacientemente, como Penélope, no tecer e no destecer, sempre votando a favor, veña de onde veña, de que Galicia teña dunha vez comunicacións e de que este Parlamento deixe de xogar coa cuestión.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Trigo.

Ten a palabra o señor Casares González polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Moitas gracias, señor presidente.

Unha cuestión previa, señor presidente, señorías. ¡Home!, a postura do señor Trigo neste debate xa é unha postura nova porque vén aquí e dinos a todos nós: Non, miren, aquí a culpa téñena eses grupos de aí, e estes grupos de aí e nós non temos culpa ningunha —eso era o que entendía eu—. Nós estamos na posición máis razoable de todas na balanza.

Ben, se un entendera eso dende a perspectiva de que vostedes, por cantidade, non por calidade, tiveron un pouco que dicir en distintas institucións ó longo dos tempos en que outros políticos doutros partidos acertaban e se equivocaban nesta materia, ata aí lle daría á súa señoría a razón, pero coa perspectiva de que xa, non en calidade pero si en cantidade, van vostedes tendo responsabilidades nalgunhas institucións, eu non sería tan atrevido —de estar no seu caso— saír de certas responsabilidades. De tódolos xeitos, se vostede quere ser, como grupo político, o primeiro da clase remitámonos ós exames, que son os que determinan en boa lixeira quen son os primeiros da clase. Todos temos na mente que sempre o primeiro da clase patinaba nalgún momento e que case sempre patinaba no máis importante dos exames, case sempre.

Mire, señor Rego, como cuestión previa tamén ó seu discurso: "É que estes señores do PP nos paralizan as autovías; é que nós as construímos". Mire, eu teño

unha conciencia clara deste asunto e quérollo transmitir. Cando o Goberno de Galicia reivindicaba, unha vez acordada —poñamos nese momento— a construción de dúas autovías a Galicia, que se executara de xeito inmediato, nese momento, o Goberno de Galicia estaba actuando como tal, non era o goberno dun partido político, non era o goberno dunha parte das galegas e dos galegos. Probablemente por ese xeito de interpreta-la política tivo éxito nesas e noutras reivindicacións. Se a súa señoría quere colocalo seu grupo parlamentario na posición partidista de que uns somos magníficos e outros non valen absolutamente para nada, adiántolle que vai absolutamente en soidade porque, polo que eu vexo, as cousas case nunca funcionan así. Non se pode ser patrimonialista, partidista, ata ese extremo. Así non imos a ningún sitio, podemos debater floridamente, pero non chegamos a ningún sitio.

E se dicimos que o Plan de estradas non está executado na porcentaxe que di o Goberno, sería gustosísimo para o grupo da maioría escoitar, ó lado desa verba, algún dato como primicia que puxera en cuestión a opinión do conselleiro de Política Territorial sobre a porcentaxe de remate do primeiro Plan de estradas. Se o dato que nos trae á Cámara o voceiro de infraestruturas do Grupo Socialista é que os cartos investidos non coinciden, permitirá que non sexa un menos experto deputado nesta materia o que lle explique cómo se pagan as estradas. ¿Como se pagan as estradas, señor Rego? Se nós imos ó exercicio presupostario, ¿quere dicir que se temos 100 millóns de pagos non pode haber máis que 100 millóns de estradas contratadas? ¿Vostede está dicíndolles ás deputadas e deputados desta Cámara iso? ¡Un mínimo rigor niso! E pídolle que, sen prexuízo de que teñamos ese debate no seu momento e de que vostede vaia ter que rectificar algunhas posicións, por favor, ó lado da crítica, aínda que soamente sexa por unha vez, dea un argumento como avance da súa posición, e dígollo por interese de todos, ou alomenos para que eu poida replicarlle a algún argumento e non teña que estar falando simplemente de verbas e de verbas.

Señor voceiro do Bloque Nacionalista Galego, é magnífico que un ministro do Estado lles diga ós galegos: ¿Vostedes que queren? É unha extraordinaria noticia que un ministro dun goberno da nación lles diga ós galegos, ¿vostedes que queren que se faga

aquí? Porque non hai moito tempo —e non estou falando de cuestións de partido, estou falando de persoas con nomes e apelidos, estean militando onde estean— que non se dirixían ó Goberno de Galicia absolutamente para nada. E iso é —e proclámoos ós catro ventos— unha magnífica noticia para Galicia e para esta Cámara.

Pero, señor presidente, ¿cal é a postura da maioría sobre a autovía Transcantábrica? Señor Rego, vostede ten o dereito de pedirlle ó Goberno que se manifeste, pero ten a obriga de pedirlle ó Goberno que se manifeste sobre unha opción de trazado nunhas condicións determinadas. Vostede debe de esixirle ó Goberno —cousa que a maioría lle esixe neste caso— que opine sobre o trazado desta infraestrutura cando teña tódolos elementos para pronunciarse co maior tino posible, para acertar na súa decisión, sobre todo cando vemos, porque xa temos valoracións sociais e políticas —non as temos técnicas, pero si sociais e políticas—, que hai unha situación conflictiva e que, ó mellor, tomando unha decisión determinada, provocamos un conflito noutro lugar ou que estamos desvertebrando ou condenando á invertebración unha zona das provincias de Lugo e da Coruña.

E se esto é certo, que vostede ten que esixir tamén ó Goberno que conteste nesa posición, coincidirá con nós en que é esixible que o Goberno da Xunta de Galicia espere a pronunciarse a cando o estudio do Ministerio estea rematado. Porque, señor Rego, se en algo me ten vostede que da-la razón é en que este Goberno, o Goberno da Xunta de Galicia, se algo fai é pronunciarse sempre e sobre tódolos asuntos. Non é un goberno mudo, non é precisamente un goberno que non lle fale á sociedade do que quere ou do que non quere, con tódalas consecuencias, con acertos, e ás veces tamén, como é lóxico, con erros.

Insisto en que o Goberno de Galicia, desde o punto de vista da maioría, se ten que pronunciar cando teña tódolos elementos de xuízo e non debe tomar unha decisión apresurada. Todos, absolutamente todos, temos tomado decisións apresuradas nalgún momento da vida, pero precisamente porque os cartos son públicos e a decisión afecta a milleiros de persoas non pasa absolutamente nada, e non é só que non pase nada, senón que, insisto, é esixible que se tome con tódalas consecuencias. E vostede ten que apoiar eso

porque entra en parte en contradicción coa súa moción.

Pero temos que facer unha lembranza de por qué chegamos ata onde chegamos. Sabemos que temos un estudio informativo contratado, que chegado o remate dese estudio informativo é o momento xusto de ter ese pronunciamento, e xa temos opinións sociais, xa sabemos, teremos opinións técnicas, pero temos uns antecedentes. Cando o Goberno, chamado tripartito de Galicia, fixo un estudio previo, non un estudio informativo, un estudio previo, estableceu que había basicamente tres posibilidades de trazado: unha chamada oriental, outra Baamonde, a que vai por Vilalba-Baamonde, e unha terceira pola costa, por dicilo dun xeito gráfico. Os enxeñeiros —non os políticos— que fixeron ese estudio previo dicían que entendían máis razoable facer unha desas tres, que era a de Baamonde-Vilalba, e, evidentemente, pasou moito tempo desde entón, pero naquel momento convén lembrar que o Goberno da Xunta de Galicia quería esa opción, e vostedes, o Grupo Parlamentario Socialista, mantiveron despois, xa sendo Manuel Fraga presidente do Goberno de Galicia, esa alternativa.

Eu digo, vostedes non tiñan elementos suficientes, proclamo que non tiñan elementos suficientes para pronunciarse e dígoos con todo rigor, non os tiñan todos. Non podemos dar por bo ese pronunciamento e teño que dicir que se pode desculpar —e non un discurso con segundas partes— aquela decisión, pero tomárona.

E despois, o Plan director de infraestruturas 1993-2007, ¿saben vostedes o que establecía con esa conexión? Miren, aquí lles traio un mapa —non se pode ollar suficientemente porque non ten o tamaño axeitado—. Decía que entre Oviedo e Vilalba en Galicia se tiña que construír unha estrada convencional. Haberá nesta Cámara alguén que coñeza ben este asunto deste documento, digo eu. Por certo, que tamén falaba da estrada convencional Santiago de Compostela-Ourense, cousa que aquí, os socialistas, negaron nesta Cámara. Isto é un documento do Ministerio. Custoume, porque sempre traio fotocopias e pode pensar alguén da oposición que as manipulo. Este é o documento. Había unha estrada convencional, e eso fixo que a golpe do 1998 esteamos falando

destas cuestións, sen prexuízo doutras responsabilidades.

E por seguir e rematar, tivemos o ano pasado un debate nunha interpelación e nunha moción precisamente coa súa señoría. Vostede e mais eu debatemos deste asunto. Eu plantexáballe unha emenda naquel momento en que vostede falaba de facer unha desas opcións, e eu dicíalle: Por favor, acépteme uns prazos para que o estudio informativo se remate antes —aínda non estaba contratado— e para que teñamos un compromiso moral entre nós para acabar antes este asunto e toma-la decisión antes. ¿Sabe o que dixó a súa señoría? Que non estaba de acordo con eses prazos. Ben, non estaba de acordo con eses prazos, pero hai 45 días vostede apareceu en rolda de prensa cun deputado socialista nas Cortes que anunciou e presentou unha iniciativa sobre este asunto. ¿Saben as súas señorías qué iniciativa fixo ese deputado socialista nas Cortes, que se sentaba na rolda de prensa co señor Rego hai corenta días? Exactamente a emenda que o Grupo Parlamentario Popular presentou á moción do señor Rego na pasada lexislatura no último período de sesións e que el dixó que non valía.

¿Por que todo isto? —e remato, señor presidente—. Porque o problema de todo, despois do dito, é que vostedes están actuando segundo lles soa o vento, porque agora nos encontramos con que vostedes plantexan dúas alternativas. "Non, non, que fagan dúas estradas". ¿Oia, señor Rego, e por que non tres? ¿Quérelles explicar ós grupos da oposición e a min mesmo por qué non tres ou catro ou cinco? ¿Quere que lle fagamos algunha glorieta nalgún trazado? ¿Ten vostede interese en que pase preto da casa dalgún compañeiro seu? ¿Vostede pensa que simplemente con acusar con falsas verdades á maioría e sen argumentos vostede pode ter éxito no seu plantexamento?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Señor presidente, teño que dicir que o Goberno de Galicia tomará a decisión en canto estea o estudio informativo rematado, que será unha decisión que pode ter outras complementarias engadidas, que non se vai desvertebrar. E teño que dicir, en segundo caso, señor presidente, que mentres que a súa señoría e o Grupo Socialista non dean un só argumento e estean actuando sen cri-

terio político, este grupo da maioría consideraremos que fallan máis que unha escopeta de feira. Téñoos que dicir así.

Máis nada e moitas gracias.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Casares.

¿Rolda de explicación por contradiccións, non, señor Rego González? (Asentimento.)

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señor presidente.

Señor Casares, se tiveramos que facer caso do eco dos aplausos que tivo vostede, a verdade é que estarían en relación coa súa intervención aquí, porque vostede frivolisou aquí, ou tentou facelo —e a min paréceme que o fixo bastante ben—, sobre un tema realmente moi importante, sobre un vial de comunicacións moi importante; tan importante que vostede non se dá por enteirado de que a proposta que traemos aquí hoxe os socialistas responde ó 100% do que pensan o 100% das corporacións locais das provincias de Lugo e da Coruña, señor Casares, de toda esa zona norte, ¿sabe vostede iso? Isto non é un problema dos socialistas, é un problema de tódolos seus compañeiros de partido nesas corporacións, incluída, por suposto, a Deputación Provincial da Coruña. É esta proposta, esta si que é unha copia literal e vostede frívola con ela. Vostede di: ¿Por que non taparlle os *baches* a un veciño seu? Mire, diso, señor Casares, saben moito vostedes. E digo vostedes, podía facer algunha puntualización máis, pero digo vostedes e vouno deixar en vostedes. Diso saben moito vostedes. Desde logo, non lle vai comigo ese tema.

Logo, despois, hai unha cuestión que quería deixarlle ben clara. Mire, os socialistas a verdade é que seguramente cometemos moitos erros e vendemos mal algunhas cousas, seguramente, pero a realidade do que acontece coas comunicacións en Galicia é que os socialistas empezamos e impulsámo-las autovías en Galicia e vostedes as paralizaron. Así están hoxe na situación na que están.

Respecto da autovía do Cantábrico, acaba de recoñecer aquí vostede agora mesmo, señor Casares, que en oito anos foron incapaces de rematar un estudio que estaba xa feito. Vostede acaba de recoñecelo aquí, e oito anos despois están aínda vostedes sen face-lo estudio que é necesario facer. E voulle dicir unha cousa. Ten razón vostede en que o Ministerio adxudicou un estudio informativo. ¿Por que non di vostede qué trazado está estudiando o Ministerio? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Sobre os tres?, ¿sobre os tres, señor Casares? Un trazado só, o trazado que vai a Baamonde; non se estudia para nada o trazado que vai a Ferrol. Polo tanto, ¿que datos vai te-la Xunta dese estudio do Ministerio? Vai te-los datos do trazado que vén a Baamonde; o de Ferrol nin sequera se está estudiando, señor Casares. Vostede debía de saber iso, xa que presume de ter tantos datos do Ministerio. Ese trazado nin sequera se está estudando.

¿Por que os socialistas falamos de dúas opcións? Porque queremos que a Xunta se comprometa co financiamento deste proxecto, e sabemos que unha parte é competencia dela; sabemos que a opción que vai desde Barreiros, señor Casares, ata Baamonde custaría como máximo 20.000 millóns de pesetas. Polo tanto, ese esforzo en favor de comunicar ben a costa co interior da provincia de Lugo e coa provincia de Ourense paréceme que merecería a pena facelo, paréceme que si. A vostede xa vexo que lle parece que non, porque vostedes están única e exclusivamente coa opción central.

Polo tanto, todo o que vostede me di deste tema e destes estudos que teñen vostedes feitos e de que o Goberno do Estado está de acordo e que lle pregunte ó Goberno galego... Pero, imos ver, señor Casares, ¿que é o que lle están a preguntar? ¿Se o Goberno galego estamos vendo que non ten posición! ¿Cal é a posición do Goberno galego no tocante a ese trazado? ¿Cal é? ¿Queren saber con base en qué estudos? ¿Se se está estudiando unha opción soa! ¿Pero é que o Goberno galego, señor Cuiña Crespo, non tivo tempo, en oito anos que leva á fronte desa consellería, á fronte da política territorial de Galicia, da política de comunicacións neste país, de facer un estudio que levara á estratexia de comunicacións para esta terra? ¿Non tería tempo de facelo en oito anos? Vostedes acaban de recoñecer aquí que non. Polo tanto, señor Casares,

alá vostedes co seu voto e, desde logo, vostede coa súa frivolidade.

Teño que agradece-lo posicionamento favorable do Grupo Parlamentario Mixto, de Esquerda Unida-Esquerda Galega, e tamén incluso o repaso histórico que nos fixo o señor Trigo. Claro, nestas cousas, se falamos de historia, eu xa lles recordei aquí que na historia os socialistas temos erros, temos etapas de responsabilidades de goberno importantes e importantes actuacións en materia de infraestructuras realizadas en Galicia. O que non témo-los socialistas na nosa historia é que nosoutros nunca consideramos unha navallada para o país unha vía de comunicación destas características, os socialistas nunca. Polo tanto, se falamos de historia é ben que falemos de toda a historia porque ó mellor así nos aclaramos todos ben. Non obstante, agradézzolles moito o apoio de vostedes, aínda coa matización que vostede fixo.

Máis nada e moitas gracias.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

(Pide a palabra o señor Trigo Durán.)

O señor PRESIDENTE: Señor Trigo, ¿para que quere a palabra?

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, por unha cuestión moi sinxela, que, sen ánimo de polémica, me vexo por segunda vez obrigado a dicir nesta Cámara. É unha cuestión de orde que lla digo con claridade. O da navallada na nosa terra é unha expresión de don Francisco Javier Yuste Grijalba e de don Ceferino Díaz e Díaz, membros do seu grupo político.

O señor PRESIDENTE: Señor Trigo, iso non é unha cuestión de orde.

(Pide a palabra o señor Rego González.)

O señor PRESIDENTE: ¿Para que quere a palabra, señor Rego González?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, eu quería facer unha lixeirísima puntualización

porque a min péreceme que o que acabamos de escoitar non é unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: ¿Pero puntualización sobre as súas palabras ou sobre que?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, basicamente sobre as miñas palabras. E é que quen se dá por aludido sobre as miñas palabras, imaxino que por algo será.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Deixamos resolta esta cuestión e imos proceder a vota-la proposición non de lei.

Ponse a votación a proposición non de lei.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición.

INTERPELACIÓN DE D. JOSÉ LUÍS MÉNDEZ ROMEU, DO G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, SOBRE O CRITERIO DO GOBERNO GALEGO RESPECTO DA SITUACIÓN LEGAL DO TRANSPORTE ESCOLAR NA PROVINCIA DE LUGO, AS MEDIDAS ADOPTADAS RESPECTO DAS IRREGULARIDADES DETECTADAS NO ASEGURAMENTO DOS VEHÍCULOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA E A NECESIDADE DUN NOVO REGULAMENTO DE TRANSPORTE ESCOLAR.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías.

Señor conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, vexo que está vostede só para facer fronte a un tema que non é competencia exclusiva da súa consellería, posto que aquí hai implicacións claras do que é o transporte, competencia neste caso da

Consellería de Ordenación do Territorio do señor Cuíña. En calquera caso, eu tratarei de axustarme, precisamente, ás súas competencias porque este asunto, que aparentemente é puntual polo feito como foi presentado nalgún tempo nos medios de comunicación, sen embargo, agocha unha realidade fundamentalmente preocupante e sobre a que considera o Grupo Socialista que chegou o momento xa de facer unha intervención.

Hai algún tempo, hai dous anos exactamente, con motivo dun accidente dun transporte escolar na provincia de Lugo, poñíase de manifesto unha realidade sorprendente: nada menos que 150 autobuses adicados a cotío ó transporte de menores de idade, de estudantes, nada menos que 150, carecían do seguro obrigatorio de viaxeiros. Foi o resultado dunha enquisa levada adiante pola Garda Civil e dunha enquisa que deu lugar posteriormente a unha investigación xudicial aínda en curso e da que a documentación é neste momento bastante voluminosa xa.

¿Como é posible que se poida chegar a unha situación na que 150 autobuses —só na provincia de Lugo, non sabémo-las outras derivacións no resto das provincias— poidan funcionar? Os propios datos aportados ata o presente falan da convivencia de funcionarios de Tráfico; convivencia sobre a que, que se saiba, non ten adoptado ningunha medida ata agora o Goberno autonómico.

Estamos, polo tanto, ante un problema que incide na seguridade. Cando milleiros de familias fan entrega dos seus menores ó sistema educativo para que sexan trasladados por medio do transporte escolar para facer efectivo o seu dereito á escolarización fan tamén traspaso á autoridade educativa da tutela e da protección que se debe exercer sobre eles en todo momento. E moito tememos que, a xulgar por estes datos, esta protección, cando menos na provincia de Lugo, está bastante carente de control de inspeccións e, desde logo, dun sistema que garante a seguridade.

Non quixera facer fincapé noutras anécdotas ou noutros feitos puntuais, como son os relativos ós accidentes ou como son os relativos ós controis feitos, precisamente, pola autoridade policial de Tráfico e que ás veces dan resultados sorprendentes. E non o quixera facer, porque quero fuxir do morbo da situación e quero realmente facer unha análise máis fonda

deste problema. Porque o transporte escolar, señor conselleiro, señorías, ten implicacións máis importantes que van moito máis alá do feito de circular por unhas vías en determinadas condicións. O transporte escolar, neste momento, como consecuencia do Regulamento que vostedes fixeron e do acordo coas federacións de transportistas Fegabús e Fegavidi, no ano 1994, e cunha duración de catro anos, está a marcar dende os itinerarios ata os horarios. Hoxe, nos centros de ensino de moitas localidades de Galicia, os horarios dos estudantes dependen, non da conveniencia pedagóxica, non da oportunidade académica, non dos desexos do profesorado, senón das necesidades dos transportistas, para poder —dise dende a consellería— rendibilizar unha flota extensa.

Ben sabemos que o problema do transporte escolar en Galicia é moito máis importante que no resto de España. Sen dúbida, é a comunidade autónoma de España onde o transporte escolar é un problema prioritario, porque temos unha poboación máis espallada e, polo tanto, porque cada día preto de 2.500 autobuses teñen que circular transportando escolares. Esa non é razón abonda para permitir que sexa a vontade dos transportistas a que mediatice a organización dos centros do ensino. Iso non é unha razón suficiente para permitir que este servizo funcione en condicións de carencias que poidan poñer en perigo a propia vida das persoas transportadas, co risco engadido, neste caso, de ser menores de idade.

E teño que dicirlle, señor conselleiro, que esta situación que dura xa máis de vinte anos en Galicia non pode continuar por máis tempo e, dende logo, o noso grupo pensa que chegou o momento de facer algúns cambios.

Cando hoxe estamos asistindo ás protestas en Galicia pola implantación do ensino secundario obrigatorio, hai que dicir que case sempre detrás das protestas, entre outras razóns, está o problema do transporte. A xente ten temor, xustificado ás veces pola nova rede proposta, porque vai haber transporte a localidades que non entenden por qué ten que facerse así ou con horarios que non son admisibles ou en condicións que non son axeitadas. E estase permitindo hoxe que o regulamento dos transportes, que os itinerarios, se fagan de costas ás necesidades das familias. Estase permitindo que en milleiros de lugares de Galicia se estean situando paradas para ese transporte,

que non reúnen, moitas veces —e rétoo a que faga algúns percorridos polas zonas rurais—, condicións, nuns casos de seguridade, noutros de protección fronte ás inclemencias. Estase, realmente, permitindo que perdure no tempo algo que leva xa moito tempo en Galicia en circunstancias precarias, sobre o que se fixeron moitísimos estudos dende os anos oitenta, sobre o que hai moitas conversas e moitos documentos e sobre o que, sen embargo, nos seguimos a mover nun ambiente estritamente administrativo.

Séguese a facer unha planificación burocrática dende os despachos da consellería sobre onde se deben de sitúa-los novos centros de ensino e, como consecuencia, as familias, sen posibilidade de opinión, teñen que ver cómo os seus fillos son trasladados a un ou a outros lugares. E respecto diso, que foi así cando comezou a concentración escolar en Galicia, con posterioridade á Lei do ensino e dentro do Plan Galicia do ano 1974, hoxe, nunha democracia avanzada, malia o que dixemos esta mañá, hai que admitir que a sociedade demanda uns servizos moito máis desenvolvidos. Hoxe isto non se pode consentir. A planificación ten que tomar en conta as demandas dos cidadáns e darlle solución tan preto da súa casa como sexa posible e nas mellores condicións posibles, e isto non se está a facer.

Pero é que hai algo aínda moito máis preocupante, porque a situación actual do transporte está a influír radicalmente na calidade do ensino que se recibe. Un exemplo, ¿por que se está dando esa situación de que os autobuses do transporte escolar non teñen seguro obrigatorio de viaxeiros? Entre outras razóns porque, de acordo cos acordos firmados coas federacións de transportistas, só teñen que ter seguro para os días que fan o servizo, días que oscilan, como é ben sabido, ó cabo do ano, entre 172 e 176.

Aparece, polo tanto, xa a primeira limitación, a primeira eiva. Con esta regulamentación é imposible que un estudante dun centro que precise transporte escolar teña máis de 800 horas ó ano de clase; moitísimo menos, evidentemente, do que se ten nos países do noso contorno europeo, por exemplo das que teñen en Alemaña, das que teñen en Francia ou das que teñen en Estados Unidos ou en Xapón. Evidentemente, en primeiro lugar, aparece xa unha diminución da carga lectiva e, polo tanto, unha diminución das aprendizaxes. Non hai necesidade de que eu lle lembre aquí

cántas horas reais de clase, servidas con transporte, teñen, por exemplo, os centros de ensino privado en Galicia, e paréceme estupendo que teñan todas esas horas e oxalá as familias asuman o valor que ten ese plus de escolaridade, pero hai unha deficiencia en Galicia importante. Non hai, no momento actual, transporte escolar para garantir, por exemplo, que exista un programa complementario de actividades extraescolares, deportivas, culturais ou recreativas. Non hai posibilidades, e isto, precisamente, nas zonas de Galicia onde hai máis necesidade deste tipo de actividades, porque son as zonas rurais os sitios onde os concellos non teñen moitas veces a capacidade ou as infraestruturas para poñer en pé por si mesmos un programa de atención cultural ou de atención diversificada. Polo tanto, cumpriría facer un esforzo dende a propia Xunta de Galicia para garantir que o transporte tamén puidera darlle servizo. Non se lles está facilitando o transporte en condicións razoables ós alumnos de 3, 4 e 5 anos.

Non se está facilitando o transporte en condicións razoables en xeral, non se está facilitando nos alumnos con minusvalías, e non basta con falar dos apoios e da integración externos, hai que falar tamén dos apoios que reciben as familias. E as familias que teñen rapaces con necesidades educativas especiais, é dicir, con minusvalías acusadas, téñense moitas veces que facer cargo persoalmente dese transporte persoal con todo o que iso pode implicar de distorsións familiares ou mesmo de cargas económicas. Estamos, polo tanto, diante dunha situación, señor conselleiro, que o noso grupo cre que chegou o momento de resolver.

Vostede, señor Currás, coñece a súa consellería e a realidade sobre a que ten que operar. Iso non o poño en dúbida, o que si poño en dúbida, evidentemente, é que os seus colegas lle dean os recursos suficientes para facer unha política ambiciosa. Aínda así, voume atrever a darlle unha suxestión que non ten custo económico e que sería unha innovación radical no transporte escolar en España, porque en Galicia estamos necesitados dunha innovación xa que témo-lo problema máis acusado. Nunca será posible resolve-lo problema mentres se manteña na actual estrutura burocrática como leva desde o ano 1970. Cómpre, pois, buscar unha solución distinta, a que hai noutros países, a que hai mesmo nos centros do ensino privado; cómpre transferi-lo transporte escolar, ben ás comuni-

dades locais, ben ós propios centros de ensino. Evidentemente, transferir co financiamento necesario, pero o financiamento xa está aí, xa ese problema non nos ten que preocupar.

¿Que vantaxes ten esa transferencia? Indubidablemente, a primeira, introducir criterios de competitividade. Non hai por que estar supeditados exclusivamente ós acordos cos sectores dos transportistas, que, como ben coñecemos, en moitas ocasións puxeron en dificultade e mesmo impediron o exercicio do dereito ó ensino. Hai que buscar un criterio de competitividade que lles permita ós centros do ensino, ou ós concellos, facer uso dos recursos locais dos transportistas locais e buscar solucións *ad hoc* en cada caso.

É unha solución que permitiría, ademais, mellorar a calidade porque permitiría en cada caso adapta-los horarios e a oferta educativa precisamente a esa capacidade, resolvendo así deficiencias que están neste momento presentes en toda Galicia.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, Delgado Arce.)

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Remate, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: E, finalmente, unha solución que non ten custo engadido. Evidentemente, fará falta producir novos decretos ou fará falta producir convenios coas corporacións locais, pero vostedes, que están estes días precisamente en plena negociación do pacto local, teñen unha oportunidade inmellorable. O outro, mante-la situación actual, que dura xa vintecinco anos, parécenos que non é de recibo, e permitir que, por mor desa situación, se sigan a producir situacións como as da provincia de Lugo, parécenos absolutamente impresentable. Terá vostede o noso apoio e a nosa comprensión no momento de implantar un novo sistema de transporte, que, evidentemente, requirirá de conversas e de acordos, o que non vai ter nunca é o apoio e a comprensión para manter un sistema que nada menos que pon en perigo a vida de milleiros de xoves pasaxeiros.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas gracias, señor Méndez.

Ten a palabra o señor conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Currás Fernández): Señor presidente, señoras e señores deputados.

Señor deputado do Grupo Socialista, vostede mesturou unha serie de conceptos completamente diferentes dos que motivan a interpelación. Falou de actividades complementarias que nada teñen que ver con este tema, nin co problema, por exemplo, de que as familias, como dixo vostede, teñan ou non posibilidade de opinión nas cuestións dos centros docentes.

Pero voume centrar inicialmente na interpelación obxecto da miña intervención. Efectivamente, o transporte é un servizo complementario de grande preocupación para a Consellería de Educación, un servizo que nos está preocupando constantemente. É un servizo complexo, porque Galicia é a comunidade autónoma de España que ten unha maior dispersión de poboación (temos máis da metade dos núcleos de poboación de toda España) e ademais atópase con problemas de longas distancias, de dificultades orográficas, climatolóxicas, etc., que fan deste servizo un dos máis complexos. O outro que leva parello, que é o dos comedores escolares, afortunadamente cada día ten unha menor incidencia polo aumento da xornada única, nalgúns casos, sobre todo nos medios semiurbanos ou urbanos.

Pero nesta interpelación alúdese a que a Consellería de Educación tivo, ou ten, algunha parte na problemática dos seguros. Isto é absolutamente falso. A Consellería de Educación non ten ningunha participación na problemática do seguro dos autobuses escolares, porque a Consellería de Educación o único que fai é cumprir escrupulosamente coa súa obriga. Ademais vén facendo máis aínda do debido: reclamándolles ós transportistas, ás empresas, o que esixe a normativa de ámbito estatal, citada polo señor deputado, que é o Real decreto 2296/83, sobre tráfico de circulación de vehículos de menores. Este decreto pide que lles esixamos ós transportistas a tarxeta da ITV debidamente dilixenciada e o xustificante de ter

subscrito o seguro. Neste recibo de ter subscrito o seguro figura o selo do corredor de seguros, e nós comprobamos que isto é así. Se, evidentemente, hai un problema cos seguros, como ocorre neste caso, a consellería non é responsable; ó contrario, é vítima desa situación, como agora aclararei máis polo miúdo.

No texto da interpelación alúdese a que hai unha investigación pola cal se descobre que un montón de autobuses carecen do seguro. A única investigación seria e oficial nestes momentos con relación ó transporte escolar é a que se está levando a cabo xudicialmente —polo tanto, non existe ningunha conclusión aínda porque está sen rematar— e na cal está participando a Consellería de Educación, aportando todo tipo de documentos, en estreita colaboración coa Garda Civil.

Na Provincia de Lugo estase a investigar —pero non soamente na provincia de Lugo, senón noutras provincias de Galicia e de España, como, por exemplo, en Murcia, Madrid, Zaragoza ou Pontevedra— unha irregularidade dos que tramitan os seguros, é dicir, unha irregularidade dos corredores de seguros, pero non dos propietarios e moito menos da Administración educativa. Polo tanto, sigo insistindo en que non lle vexo sentido a esta interpelación.

Por outra banda, estase levando a cabo unha investigación xudicial que non afecta soamente ós autobuses escolares. Isto pódese ler na prensa: das dúas datas históricas que hai nesta historia do transporte non soamente están implicados os autobuses escolares, senón todo tipo de vehículos, como trailers, ou mesmo vehículos particulares.

A orixe desta problemática está nun accidente que ocorre en San Miguel de Reinante o 20 de maio de 1997 (non en marzo de 1997, como di o interpelante no seu texto). Como consecuencia deste accidente, o primeiro que fixo a Consellería de Educación foi comprobar unha vez máis —e xa estaba comprobado— que a documentación estaba en regra. Volvéuselles pedi-la documentación ós transportistas implicados, presentárona e estaba totalmente correcta. O que parece ser —e repito que esta é unha consideración *sub iudice* e, polo tanto, non se pode opinar— é que esta documentación era ilegal, pero ese problema non é da Consellería de Educación, nin sequera da Administración en xeral.

Xorde unha segunda problemática en marzo deste ano, cando aparece unha posible implicación dun xuíz de paz e de funcionarios de tráfico, segundo se di na prensa. Como consecuencia desta segunda problemática, practicamente un ano despois da primeira, vólvese outra vez incidir nos medios de comunicación nesta cuestión, e vólvese, unha vez máis, por Educación, a comprobar que eses dous documentos (a tarxeta da ITV e o xustificante do seguro) están entregados. A Consellería de Educación o que comproba fundamentalmente é que hai entregada unha documentación de que o transportista ten un seguro, e que antes de que pase un ano, e remate o tempo de vixencia do seguro, volve presentar na Administración xustificación de que está renovado o seguro.

A problemática da falsificación —como xa dixen— afecta a todo tipo de vehículos. Nesta segunda data, marzo do 1998, vólvese comprobar que efectivamente están implicados todo tipo de seguros. Por exemplo, o coordinador da Mesa do sector asegurador afirma que 12 de cada 100 vehículos matriculados en Galicia poden circular sen seguro, feito que, evidentemente —repito—, non está comprobado nin demostrado.

Os responsables de tráfico insisten na importancia de que as compañías de seguros crucen os seus datos coa Dirección Xeral de Tráfico. Sería unha solución moi importante que nestes momentos está tamén en estudio.

Na Consellería de Educación reclámanse novamente tódalas documentacións dos autocares do transporte escolar, e compróbase unha vez máis que todas son correctas.

Polo tanto, a Consellería de Educación, con respecto a esta interpelación, conclúe fundamentalmente dicindo o seguinte.

Primeiro. Tódolos vehículos que realizan o transporte escolar presentaron a documentación correspondente na Consellería, de acordo absolutamente coa normativa establecida.

Segundo. A Consellería de Educación realiza o contrato cos transportistas, a partir do cal estes tramitan as autorizacións correspondentes noutras instan-

cias, que tamén responden de que está ben feita esta tramitación.

Terceiro. No suposto de que a documentación entregada sexa falsa —como xa dixeran— produciríase un delicto do que é vítima a Consellería, pero, evidentemente, nunca responsable. Este é precisamente o aspecto que está sendo estudado xudicialmente.

As actuacións xudiciais que se poden levar a cabo nestes momentos non lle competen á consellería, aínda que nós estamos colaborando constantemente coa Garda Civil. Pediunos documentación no ano 1997 e entregámoslle toda a documentación que se lle podía entregar para a comprobación destes extremos. Volvéunola pedir no ano 1998, e nestes momentos está comprobando os extremos que nós xa lle dicíamos na entrega da documentación que se cumprían.

Polo tanto, entendo —xa para rematar— que a Consellería de Educación neste tema —como dixeran desde o principio— non ten ningunha responsabilidade. Esta é unha cuestión complicada que debe de ser resolta pola vía xudicial e na que está implicado fundamentalmente o sector asegurador.

En canto a outras afirmacións que fixo o señor deputado, quero dicir que estou absolutamente en contra, como xa manifestei en máis ocasións nesta mesma Cámara. Non é certo que o transporte escolar en Galicia sexa o causante de que haxa ou non haxa actividades complementarias nos centros docentes. Estamos, unha vez máis, mesturando fabas con garanzos, e iso non pode ser.

Eu dixeran nesta Cámara, en varias ocasións, que o transporte escolar e o comedor escolar, que son servizos complementarios, son aqueles que se implantan para conseguir unha escolarización normal. ¿Que se entende por escolarización normal? Vou poñer un exemplo do que se considera un ensino normal, aplicado directamente ó ensino primario: cinco horas lectivas de clase, co seu desenvolvemento curricular, etc, impartidas en sesión dobre, nas clásicas sesións 10-1 e 3-5, que a maioría de nós vivimos, ou en sesión continua, de 9 da mañá ás 2 da tarde, ou de 10 da mañá ás 3 da tarde, como está ocorrendo —xa o dixeran— en zonas semiurbanas ou en zonas urbanas.

Pero o transporte escolar, ó igual que os comedores, está pensado para leva-los nenos desde o seu domicilio ó colexio porque non o teñen ó lado da porta, como o tiñamos hai moitos anos nas escolas unitarias. En consecuencia, o transporte escolar lévaos pola mañá ó centro; pode ou non haber transporte de medio-día para levalos a comer á casa; e volve levalos pola tarde. Se nun centro se aproba unha xornada única, por exemplo, de 9 da mañá a 2 da tarde, e a tarde queda libre, non é responsabilidade da Administración educativa organizar unhas actividades complementarias. O transporte —como dixeran moitas veces— e o comedor non teñen nada que ver con esa segunda parte, que debe de ser responsabilidade doutras instancias, e noutros países, noutras comunidades autónomas, está véndose que efectivamente estas actividades complementarias están sendo dirixidas por outras administracións ou por outras entidades.

Máis nada señor presidente. Moitas grazas.

(Ocupa a Presidencia o seu titular.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos que queiran fixar posicións ó respecto?
(Pausa.)

Ten a palabra o señor Pazos Varela polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías, a verdade é que eu estou agardando que calquera día o señor conselleiro apareza aquí preconizando unha volta ás escolas unitarias, con aqueles retratos ó fondo, aquel leite en pó americano, o mestre coa vara na man, todo aquel bucolismo que, de vez en cando, deixa translucir cando fala das escolas unitarias que tiñamos ó lado da casa.

Cando falabamos dos orzamentos de Educación e falabamos dos servizos complementarios —comedores e transportes—, a este deputado que lles fala o señor conselleiro lle dixo que o transporte escolar en Galicia non tiña ningún problema. Hoxe, en cambio, nesta interpelación di que o transporte escolar en Galicia é moi complexo, moi complicado, por culpa da orografía, da climatoloxía, etc., etc. Se vostede quere podemos falar co señor Cuíña, alísa-lo país con

apisoadoras e solucionamos un problema. Pero creo que o problema hai que solucionalo doutra maneira, señor conselleiro e, desde logo, como non se solucionaba dicindo que a Consellería de Educación non é responsable dos problemas, senón vítima. Efectivamente, neste caso é vítima dunhas irregularidades, ou dunhas falsificacións, pero é responsable da desidia. Porque, evidentemente, señor conselleiro, se eu traio aquí unha fotocopia cun título de catedrático de universidade, mañá non podo dar clase na universidade; verificaríase a autenticidade dese título, e parece ser que vostedes non verifican, miran para outro lado e, realmente, os autobuses escolares o que son é algo así como carros de nenos e nenas que van transportados de calquera maneira.

O transporte escolar ten problemas específicos como transporte, e outros ligados tamén ás contradicións da rede de centros, é dicir, problemas engadidos polas contradicións que a súa propia rede de centros ten. Efectivamente, ten unha serie de problemas, non só de irregularidades no seguro, senón problemas que se ven cada día na escolarización dos nosos alumnos e alumnas, de antigüidade dos vehículos, de falta de seguridade nos mesmos vehículos e tamén este problema, que xa se denunciaba, dos seguros.

Hai un problema que aquí non se tratou, e eu quero apuntalo, señor conselleiro. Trátase do problema da vixilancia do transporte dos alumnos e alumnas de primaria. Non hai vixilancia no transporte escolar. Os nenos e as nenas saen da casa, entran no autobús, e van 50, 60, 70 cun conductor ou conductora, sen ningún tipo de vixilancia. ¿Vostede cre que iso é seguridade no transporte escolar? Son depositados no patio da escola agardando —moitas veces, moito tempo antes do comezo das clases—, a monte feixe, que chegue o profesorado ou o conserxe, etc. Esa é a planificación do transporte escolar, o control do transporte escolar que ten a consellería. Claro, en canto se pode, a responsabilidade cárgase sobre os ensinantes, como tódalas responsabilidades do ensino deste país.

Evidentemente, eu acusei moitas veces ó Partido Popular que sustenta a Xunta de Galicia, e polo tanto á Consellería de Educación, de se-los castigadores do ensino público deste país, de querer degradalo, e precisamente o transporte escolar, desde a consellería, desde as instancias públicas, é un tema que atinxe única e exclusivamente ó ensino público. Por iso vos-

tedes non lle dan importancia, como tampouco lle dan importancia ós comedores escolares.

Vostede dixo unha cousa aquí bastante grave. Dixo que a Consellería de Educación tiña que garantirla "escolarización normal", e vostede chamoulle "escolarización normal" ás cinco horas lectivas de desenvolvemento curricular e máis nada. Iso sería o ensino de mínimos, señor conselleiro. Unha educación normal ten que garantir tamén as actividades complementarias, polo menos o acceso ás actividades complementarias, en principio potenciais, en colaboración coas APA, cos concellos, etc. Pero, desde logo, non pode darse por satisfeito dicindo que escolarizando os nenos cinco horas e garantíndolles que os van levar a casa e traer da casa —¡faltaría máis!—, con iso xa está garantida a calidade do ensino público.

A sociedade galega non demanda un ensino público normal, entre outras cousas porque eu non sei qué é un ensino público normal, será todo aquel que non é anormal. O que pide, o que esixe, o que demanda a sociedade galega é un ensino público de calidade, e iso, señor conselleiro, non se consegue única e exclusivamente coas cinco horas lectivas e o autobús carreando nenos e nenas da casa para o colexio e do colexio para casa.

Desde logo, evidentemente, pode haber casos de falsificación que estean na man da xustiza, pode haber caso de irregularidades que estean na man da xustiza. Eu creo que sería obriga da consellería non só deixar que a xustiza siga o seu curso, senón que, como vítima, como vostede se cualificou, incluso debería comparecer neses procesos para acabar con esas irregularidades. Pero eu creo que sinceramente nos convenios de transporte hai moita fariña, e a fariña acaba manchando a todo o mundo, sobre todo cando non hai ganas de solucionar un problema porque afecta a un alumnado e a un sector do ensino que non está nas preferencias desa consellería. As preferencias desa consellería sabemos cáles son, sabemos ónde vai o diñeiro público da Xunta de Galicia, a qué sector do ensino, e ós outros, pois, iso: garantírlles un ensino normal que, a poder ser, fose en unitarias, coa vara, co leite en pó, cos retratos ó fondo e o avemaría.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pazos.

Ten a palabra o señor Tello León polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TELLO LEÓN: Gracias, señor presidente.

Señor conselleiro, creo que vostede e eu polo menos temos que poñernos de acordo nunha cousa, porque se non é imposible calquera tipo de debate nesta Cámara sobre materia de educación, e creo que non é unha cousa política, senón de sentido común. A partir de aí, podemos empezar a discutir acerca da conveniencia ou non de investimentos. Refírome á tan traída e levada importancia, ó longo desta lexislatura e da anterior, dos servicios complementarios na educación. Dígollo por unha cousa. Este non era o tema da interpelación, pero vostede fixo unha afirmación que me deixou estremecido. A min normalmente todo o que di vostede me preocupa, déixame preocupado, pero neste caso deixoume estremecido. Pediríalle, por favor, que vostede retirara esas palabras, que non atentan contra a cortesía parlamentaria, pero si atentan contra unha visión do ensino que me parece sumamente preocupante.

A afirmación é a seguinte. Comezou vostede falando do transporte e, aproximadamente, a segunda frase que dixo foi: "O tema de comedores hoxe é menor porque afortunadamente se está implantando a xornada continuada". ¡Claro, evidentemente! Iso é dunha gravidade extraordinaria, dito desde esta Cámara, porque vostede di: "Afortunadamente, non temos problemas de comedor porque os estamos pechando, porque non hai comedores desde o momento en que hai unha xornada continuada, co cal ese gasto para nós deixa de ser problemático". O día que vostede concentre a todos os alumnos nun sitio, probablemente tamén diga: "Afortunadamente o transporte deixou de ser problema, porque unicamente poden ir a clase á Coruña ou a Lugo; entón, xa non temos problema de transporte, que vaian vivir todos para alí, e acabou o problema".

Este tema é moi grave, porque implica unha filosofía e unha forma de pensar da Consellería de Educación respecto do que son os servicios complementarios da educación.

Voulle dicir unha cousa. ¿Que terán os servicios complementarios, cando resulta que os centros privados, eses que vostede subvencionou este ano con 18.000 millóns de pesetas, absolutamente todos, teñen transporte, comedor e actividades complementarias? ¿Que terán cando incrementan os servicios de comedor, e practicamente os están facendo obrigatorios, e cando practicamente teñen o transporte á porta da casa do alumnado para poder desprazalo? Porque, loxicamente, estes servicios pódense pagar, xa que o nivel medio do poder adquisitivo das familias é superior, e porque ao mesmo tempo ofertan unha posibilidade de xornada escolar moito máis acorde co que é a xornada laboral das familias deste país.

Entón, temos que convir —xa lle digo que non é unha cuestión política— en que hoxe os servicios complementarios son un elemento indispensable para o sistema educativo galego, absolutamente crucial para o mantemento da calidade educativa e absolutamente imprescindible para o desenvolvemento da xornada escolar. Vostede mesmo o dixo.

Seica vostede é de Trabada, da provincia de Lugo, un lugar mal comunicado, e supoño que cando vostede estudiaba estaba infinitamente peor comunicado que na actualidade, pero algo faría a Xunta de Galicia por aí, digo eu, algún camiño, algunha estrada. Pero esa zona e outras zonas da provincia que Lugo vostede sabe moito mellor ca min o mal comunicadas que están e a dificultade do alumnado para chegar aos centros educativos.

Polo tanto, nesta primeira parte da miña intervención quérolle dicir que temos que convir en que os servicios complementarios son absolutamente cruciais para o desenvolvemento do sistema educativo galego, inclusive nesas cidades ou grandes vilas, nas que vostedes sempre din que aí non hai demanda de comedor. Iso é absolutamente falso. Ten vostede agora a proba evidente de que hai demandas de comedor, porque as asociacións de pais de alumnos así o están demandando da Consellería de Educación e das institucións locais.

Dentro desa importancia dos servicios complementarios, e referíndome ao que é o transporte escolar, voulle dici-lo seguinte. Ademais, vostede neste caso non vai convir comigo, xa que dificilmente vostede desde aquí dirá que en algo está de acordo comi-

go; eu xa lle dixen que nalgunha cousa estaba de acordo con vostede, en poucas, é certo, pero nalgunha si que o estiven, e aínda non escoitei a viceversa pola súa parte. Pero respecto do transporte escolar dígolle o seguinte. O transporte escolar é escaso e malo. ¿Por que lle digo escaso? É escaso porque o transporte escolar está incidindo directamente na entrada e saída dos centros educativos. O servizo de transporte está condicionando o horario dos centros e non á inversa. Alumnos e alumnas desde 6 anos, desde 4 anos —non me diga: "Pero eses non teñen dereito a transporte escolar"; xa o sei, pero esa precisamente é unha das grandes eivas, desde o noso punto de vista, da LOXSE—, alumnos de 6 anos en adiante, que teñen dereito ao transporte escolar, estáselles condicionando a súa entrada e saída dos centros neste momento. Vostedes van converte-lo sistema educativo e a rede de centros nunha carreira por etapas, con metas volantes incluídas. Vostedes neste momento xa non están facendo concentracións parcelarias, senón concentracións do alumnado, porque hai autobuses que levan os alumnos a un centro no que teñen que agardar para ser collidos por outro autobús, que os leva a un segundo centro no que teñen que ir estudar. Carreira por etapas: na primeira etapa van dun sitio a outro, na segunda etapa ao centro de destino e, así, viceversa, ata chegar a casa ás 8 ou ás 9 da noite.

Por iso o transporte escolar é escaso. E é gravísimo que o transporte escolar condicione o horario de entrada e saída dos centros educativos dunha maneira tan forte como o está facendo no momento actual.

Por outra banda, o transporte escolar é malo. Este conflito que provoca esta interpelación non é o primeiro conflito, nin moitísimo menos, respecto do transporte escolar. Eu mesmo denunciei aquí, hai anos, un tema de transporte escolar en Vigo que se me negou, e ao día seguinte, sen embargo, foi subsanado, xa que era un transporte como o rally París-Dakar, porque ía desde unha esquina de Vigo a fóra da cidade, con alumnos de moi curta idade e sen vixilancia.

E dígolle por qué o transporte escolar é malo. Hai moi pouco tempo, antes deste conflito, sabe vostede que xurdiu en Lugo un problema gravísimo co transporte escolar, debido a unha falsificación das tarxetas da ITV. Eran autobuses vellos, inclusive autobuses para desmantelamento nalgúns casos, que foron manipulados por parte dos seus propietarios e utilizados

para transporte escolar. Dirá vostede: "Comigo non vai, eu non fun quen os manipulei". ¡Só faltaba, señor Currás! É igual que agora: houbo un accidente, houbo un morto en Barreiros, en maio de 1997, e ¿que investigación fixo a Consellería de Educación, cando se demostra que aquel transporte escolar non tiña seguro? ¿Que fixo a Consellería de Educación respecto dese tema? ¿Sabe o que fixo? O seu secretario xeral técnico dixo: "Máximo García apuntó que no se habían detectado seguros falsificados, si bien admite que es difícil distinguir recibos falsos de otros que están debidamente expedidos por las compañías aseguradoras. El director general apuntó que en su consellería no se creen responsables de investigar estas cosas. En cualquier caso, mañana mismo"—por hoy, dice aquí—"se pondrá en contacto con la Guardia Civil "por si quieren algo" (entre comiñas: "por si quieren algo").

O tema é que se produce un feito gravísimo, un accidente no que desgraciadamente morreu o conductor, e puido morrer algún alumno ou alumna, e a investigación está en mans da Garda Civil.

Vostedes teñen o prego de condicións técnicas que eu teño na man, señor Currás, e no prego de condicións técnicas efectivamente se lles pide o seguro aos coches —ademais non é calquera compañía a que utiliza o transporte escolar, ou a que fai o servizo de transporte escolar, hai compañías pequenas pero hai compañías moi grandes e poderosas e algunhas implicadas neste problemas— e vostedes miran o seguro, unha tarxeta, que non comproban se é verdadeira ou falsa, porque se fían loxicamente da boa vontade, e dá igual que sexa "Seguros Rodríguez" que "Seguros Pepe" que "Seguros Mapfre" que calquera das compañías aseguradoras, porque dá igual, a solvencia das compañías é a mesma e a solvencia dos aseguradores é a mesma.

Había un ano e pico que estaban vostedes cun tema *sub iudice*. Había un ano e pico que vostedes tiñan un problema moi grande que solventar, e vostedes non investigaron nada en absoluto. Vostedes pode que non sexan responsables da aseguradora dos autobuses, pero si son responsables de facer unha inspección e unha investigación —como se dixo aquí— respecto de cómo funcionan eses transportes.

¿Que inspección fai vostede —non vostede persoalmente, senón a súa consellería— para detectar o grao de cumprimento dos autobuses en canto ao que pactaron neste prego de condicións técnicas e naquel que teño alí de condicións administrativas, de cómo se cumpren todos e cada un dos puntos que aparecen aquí reflectidos? ¿Qué inspeccións técnicas fai vostede respecto do cumprimento, xa non só de horarios, senón fundamentalmente das condicións nas que van os nenos e as nenas aos centros educativos deste país? Ningunha. Eu non teño coñecemento, cando menos, de que persoal da Consellería de Educación faga algún tipo de investigación, de seguimento, dun servizo que ten contratado e que é absolutamente crucial polo propio perigo que corren as persoas usuarias deste.

Entón, ¡claro que ten vostede unha responsabilidade! É unha responsabilidade grande. Vostede non é responsable da falsificación deses señores. Entenda ben o que lle quero dicir: vostede non é o responsable de que uns señores sexan presuntamente delinquentes —porque parece que hai probas evidentes, nun caso éo xa, e así está denunciado como tal, pero noutros casos son presuntamente delinquentes—, pero vostede si que é responsable de facer un seguimento e unha investigación, máxime cando se produce un accidente tan grave como o de Barreiros, máxime cando xa se producira o tema da falsificación das tarxetas da ITV.

Pois, nese sentido —remato, señor presidente—, vostede e a súa consellería son altamente responsables deste problema. Desgraciadamente, unha vez máis, cando ocorre un accidente —je mire que hai transportes escolares privados!— sempre lles toca aos centros públicos ter que apandar coa peor situación. Desgraciadamente tódolos males que nos ocorren, señor conselleiro, son debidos a esta negligencia que eu lle veño denunciando desde hai moito tempo. E fíxese se é fácil o tema de investigar a falsificación que ata un medio de comunicación publicaba un día "El abc de la falsificación", cómo se falsifica un seguro, Simplemente vaian ás hemerotecas, estas que tanto lles preocupan algunhas veces, e daranse conta da fraude que estaban cometendo coa propia consellería.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Tello.

Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías, señor conselleiro, a verdade é que eu intentaba facer unha interpelación constructiva, presentando un problema importante, nada menos que un problema de seguridade, e tratando de ir mais aló derivándoo nunha proposta de política educativa creativa e constructiva para o futuro que apostara pola calidade. Pero vostede dáme unha réplica que nos decepciona profundamente.

En primeiro lugar, vostede di que vostedes son vítimas e non teñen responsabilidade. Señor Currás, iso pódese dicir en privado, pero non aquí diante de toda a Cámara. Vostedes terán que mellora-los controis; vostedes terán de que esixir máis documentación; terán que asegurarse de que o mediador de seguros está debidamente acreditado con licencia pola Dirección Xeral do ramo; terán que ter unha póliza suplementaria de seguro que garanta calquera incidencia. Non sei o que terán que facer, porque, desde logo, na súa propia consellería a un cidadán que vai por *ventanilla* e ten que resolver unha cuestión, ¡vaia que se lle piden fotocopias compulsadas e documentos de todo tipo! Polo tanto, non vale ter unha maior laxitude coas empresas do transporte, e moito máis cos precedentes que hai precisamente neste sector.

Polo tanto, vostedes teñen unha responsabilidade. Ademais, é a responsabilidade de que se lles traspasa a tutela de menores durante moitas horas ó cabo do día, durante moitos días ó cabo do ano, e diante diso non hai escusa ningunha.

Eu voulle resumi-la nosa posición con claridade.

Primeira cuestión: seguridade por riba de todo, tanta e co límite que permita o estado actual do desenvolvemento do noso país, que evidentemente é moito máis do que se está a facer; controis; presións sobre a autoridade gobernativa; presións sobre a autoridade policial que regula o tráfico; conversas moito máis estritas coa federación de transportes; o que vostedes queiran, tanta seguridade como sexa necesaria, e nunca mellor aplicada, porque estamos a falar do transporte de menores.

A segunda cuestión que nos preocupa, señor conselleiro, é a visión que vostede dá das actividades complementarias. A verdade é que nós cremos que no momento actual, e sen un esforzo presupostario excesivamente importante, pódese dar un paso adiante moi importante para mellora-la calidade; mellora-la calidade implica apostar por aquelas cousas que están a ser reclamadas polos profesionais e polas familias. Se hai xa o exemplo de que nun sector da rede educativa galega, financiado con fondos públicos, estase a permitir que ó cabo de ano se impartan 200 horas máis de actividades, ¿cómo imos renunciar a esa vantaxe no resto da rede sostida con fondos públicos? ¿Cómo imos facer que o transporte non dea servizo nese momento? ¿É que estamos condenando ós menores e ós fillos das persoas que viven no medio rural a que teñan unha educación de segunda categoría? Non é posible. Con toda seguridade vostedes non poden querer dicir iso. Outra cousa é que estean presos dun regulamento de transporte do que non son quen de saír.

Cómpre facilita-lo servizo de transporte para que exista ese programa complementario; programa complementario ineludible no que teñen que ter cabida todas aquelas actividades que non están actualmente no currículo. E non diga que non se pode facer, porque se se pode facer nos centros que vostedes sosteñen con fondos públicos, aínda que sexan de titularidade privada, con moita máis facilidade terase que poder facer naqueles que vostedes sosteñen que son de titularidade pública, dirixidos absolutamente por funcionarios.

¿Cal é o problema? O problema é o transportista. Non é de recibo esa resposta, señor Currás. Nós —xa llo dixemos aquí máis veces nos últimos meses— estamos a prol de mellorar sen límites a calidade do ensino e de facela competitiva, tendo en conta os parámetros do ensino nos países da Unión Europea. Non é só cuestión do euro, é cuestión dos servizos públicos, e o servizo público do ensino non universitario e universitario —pero dese falarei outro día— pódese mellorar moito.

Terceira cuestión que lle plantexamos aquí con toda seriedade, señor conselleiro. Cómpre mellora-la calidade do servizo específico do transporte desde que un menor sae da súa casa ata que volta. Isto significa mellora-los itinerarios, mellora-la frecuencia, mellora-la calidade do servizo específico do trans-

porte dende que un menor sae da súa casa ata que volta. Isto significa mellora-los itinerarios, mellora-la frecuencia, mellora-la calidade do material rodante, mellora-la seguridade dentro dos propios vehículos, a existencia de acompañantes, a presenza de menores de 3, 4 e 5 anos, a presenza dos menores afectados de minusvalías ou discapacidades. Cómpre mellora-la calidade da atención nas paradas e nos lugares onde se está moitas veces, en condicións climáticas adversas, agardando durante longo tempo. Cómpre achegas-las paradas ós enderezos. Cómpre ter vixilancia deses menores ata que comezan a súa actividade complementaria, etc. En fin, qué lle vou contar eu que vostede non saiba, sábeo todo, outra cousa é que non se estean a da-los pasos necesarios.

Polo tanto, seguridade a calquera prezo, mellora na calidade do servizo e mellora na calidade educativa. Eses son os tres eixos, cando falamos de servizos complementarios, dende a perspectiva do Grupo Socialista.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Méndez.

Réplica por parte da Xunta.

Ten a palabra o señor conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Currás Fernández): Si, señor presidente.

Señoras e señores deputados, a Consellería de Educación ten uns servizos complementarios bos e que levan funcionando moitos anos, cunhas condicións de calidade moi altas e que foron manifestadas, ademais, en distintos contextos. Noutras comunidades autónomas, por exemplo, os acordos que están asinados nestes momentos cos transportes escolares son modélicos e son uns convenios asinados por catro anos —que, por certo, rematan agora, estase xa iniciando unha nova negociación— que demostran que temos uns servizos bos e de calidade.

Na Consellería de Educación temos dous tipos de inspeccións, que están garantíndolle ó pai, ós alumnos

e ó cidadán en xeral que estes servicios funcionan con absoluta corrección. Témo-la inspección educativa normal, o corpo de inspectores de educación, e témo-la inspección de servicios, calquera das dúas está incidindo e comprobando o funcionamento dos servicios; pero centrémonos no transporte, que é o que agora nos ocupa. Por certo, que calquera dos señores deputados intervinientes se centraron e falaron dun montón de cousas completamente alleas ó que é a interpelación, á cal eu mesmo respostarei agora, porque ningún deles, nin sequera o interpelante, fixo as preguntas que ten no propio texto, que son catro ou cinco, e que as vou facer e contestar eu para demostrar que se contesta a interpelación.

A inspección ordinaria e a inspección de servicios están comprobando —eu son inspector de educación e comprobeino constantemente— o funcionamento do servicio do transporte, recorrendo as rutas cos directores dos centros e comprobando que o vehículo reúne unha serie de condicións elementais que eu podo comprobar como inspector, aínda que logo hai unha serie delas que corresponden a Tráfico. Pero a Consellería de Educación, insisto unha vez máis, ten un papel fundamental que xa se dixo: comprobar que a tarxeta da ITV está presentada e que existe un seguro.

Algún dos señores deputados dixo que a conselleira non era vítima, senón que era responsable. Volvo insistir en que é vítima, por unha razón, porque hai moitos particulares afectados por esta problemática dos seguros. ¿Como se explican vostedes que un particular que vela con total e absoluta dedicación polos seus investimentos, polo seu gasto no seguro, estea enganado polas compañías de seguros porque o documento que ten asinado non é correcto? Isto foi o que pasou. Hai un montón de documentos presentados que non eran os correctos.

Non é certo, como dixo o señor deputado do BNG, que a Consellería de Educación, cando houbo o accidente o 20 de maio do 1997, non comprobouse absolutamente tódolos extremos. O secretario xeral desprazouse a Reinante, comprobou todo, pediu novamente a documentación e comprobou que estaban os selos e todo correcto. Isto era o que tiña que face-la Consellería de Educación, o demais non é papel noso, é papel de Tráfico, que xa interveu no caso.

Ó señor deputado do Grupo Mixto por enésima vez nesta Cámara dígolle que estamos mesturando calidade educativa con actividades complementarias, como xa ocorreu outras veces, e non teñen nada que ver. As actividades complementarias ou aquelas actividades que se fan fóra do horario e do curriculum normal poden non ter ningunha relación absolutamente cos curricula, e, polo tanto, se non teñen relación cos curricula, non teñen que ver coa calidade educativa. A calidade educativa está enmarcada nun contexto oficial e é perfectamente definida por programas, por horarios e por unha serie de parámetros. Vostede creo que é profesional do ensino e sabe que ten a obriga de dar unha serie de horas, unha serie de materias, facer unha programación determinada, enmarcada no proxecto curricular do centro e no proxecto educativo do centro, e máis alá diso non hai calidade educativa desde o punto de vista da Administración educativa. Outra cousa é que haxa instancias, organismos particulares ou oficiais que colaboren a organizar nun centro clases de artes marciais ou clases de música ou clases de deportes, que son complementarias, pero nas cales a Administración, insisto, non debe de entrar. A proba está, por poñer un exemplo, en que na cidade da Coruña se están organizando, como ben sabe o señor deputado do Grupo Socialista, comedores escolares polas propias asociacións de pais, convencidas de que é un servicio útil para os pais e onde ademais os nenos poden aprender a comer, pero o único que fai a Administración educativa é prestar eses locais para que se imparta o comedor escolar.

As preguntas concretas da interpelación foron as seguintes, e resposto rapidamente: ¿Considera a Xunta de Galicia axustada a dereito a situación do transporte escolar na provincia de Lugo? Absolutamente axustada, adaptación á normativa vixente, de acordo coa comprobación da documentación.

¿Que medidas adoptou, diante das investigacións en curso, sobre as irregularidades no aseguramento dos vehículos? Non temos constancia, á vista da documentación, de ningunha irregularidade, a investigación está *sub iudice*.

¿Que medidas adoptou a Xunta para inspeccionar e controla-los vehículos de transporte escolar? Xa o dixen, inspección ordinaria e inspección de servicios.

¿Cantos autobuses funcionan sen seguro obrigatorio e de responsabilidade civil? Non temos coñecemento, é unha investigación que corresponde nestes momentos ó xulgado.

¿Considera a Xunta que cómpre un novo regulamento do transporte escolar? É responsabilidade, en principio, da Administración central, que, de feito, está elaborando un regulamento. Nós estamos colaborando e a normativa específica autonómica, se se cambia no ámbito nacional, sería cambiada no ámbito autonómico.

Máis nada, señor presidente, e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

INTERPELACIÓN DE D. EMILIO LÓPEZ PÉREZ E D. ALFREDO SUÁREZ CANAL, DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SOBRE O DESCONTROL ORZAMENTARIO DO GASTO NAS OBRAS DO PLAN COUREL.

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da súa interpelación ten a súa rolda o señor López Pérez.

O señor LÓPEZ PÉREZ: Señor presidente, señorías hai determinados grupos sociais, institucións, sectas, relixións, etc., que teñen como base fundamental e soporte do seu poder certas verbas, certas expresións, que son tabú, e gardándose neses tabús conseguen manter o seu poderío. Neste Goberno da Xunta hai unha palabra, unha expresión, que é base fundamental, é a fundación. Detrás destas fundacións, detrás destes tabús, como é o caso ao que nos imos referir, a Fundación de Desenvolvemento Local Río Lor, están 1.000 millóns de pesetas, en principio. Como esa institución ou fundación seguiu a funcionar e segue a funcionar, supoñemos que hoxe tamén se nos contestará dos gastos que ten dende o 1994 para acó, xa que no ano 1994 *malsequixo* por parte do Goberno dar unha inxustificación dos gastos e das actuacións. De todos os xeitos, sen ánimo de ser freudiano, os tabús desfázanse desde o momento en que se coñece a súa verdadeira esencia, dende que se coñece por qué e cómo están formados.

Se faláramos de corrupción, de fraude ou de usurpación, quedaría desfeito este tabú. Hai unha fraude

claramente no funcionamento desta Fundación Río Lor, e podemos dicir que hai unha fraude de tres tipos unha fraude institucional, unha fraude e unha usurpación económica e unha fraude e unha usurpación do futuro do país. Hai unha fraude institucional e a nós gustaríanos que o Goberno lle demostrase á sociedade, non aos do BNG, qué acontecería se xuntáramos a todos, non aos que pretendían ser beneficiados polas subvencións ou as axudas da institución, senón xustamente aos beneficiados. Se os xuntáramos a todos, ¡a ver se eles estaban de acordo en que foran tratados por igual, en que fose respectado o principio de equidade e en que houbera un mínimo de democracia na concesión de axudas!

A nós gustaríanos ver se eses sete alcaldes deses sete concellos nos que, casualmente, supoño, gobernaba o Partido Popular, ou goberna o Partido Popular, poderían diante do Pleno e diante dos veciños render contas, con facturas á vista, das actuacións que houbo no seu concello. Dende logo, o BNG pediu estas contas nalgúns dos concellos e a contestación é que iso depende da asociación, de Río Lor. Pero a Río Lor non a elixiu ninguén. Aquí temos un caso práctico do que esta mañá traía a debate, cun gran transfondo político, o BNG a esta Cámara. Aquí está un caso práctico, por parte do Partido Popular, de corrupción da democracia. Por iso falei antes da corrupción ou da usurpación institucional, que é da propia usurpación económica.

Pero podemos pasar rapidamente aos datos económicos: Secretaría Xeral para o Turismo, Orde do 21 de abril de 1992. Beneficianse 10 inmobles; gastos 84.653.494 pesetas; 37 aloxamentos de turismo rural; 28 aloxamentos de hoteis, hostais, hspedeserías; 122 prazas en restaurantes. Uns días antes —¡curioso!—, máis ou menos para os mesmos fins, outra orde, do 12 de xaneiro do 1992: 16 inmobles, 447 prazas, exceptúeme as do cámping do Courel e díganme agora cuántas prazas quedan, e sobre todo xustifiquenme o máis inxustificábel: ónde se empregaron 206.399.691 pesetas.

Dirección Xeral de Montes —estamos collendo só algúns casos—. Programa 342A: acondicionamento de sendas e marxes na devesa da Rogueira. Isto son 3.532.744. Pasamos ao Programa 601.10 da mesma Dirección Xeral de Montes: sinalización, itinerario,

montaxe de paneis, creación dun centro de interpretación na devesa da Rogueira, 13 millóns de pesetas.

Total, actuacións na devesa da Rogueira, 16.532.744 pesetas. Aquí, en honor á verdade, só houbo un tipo de fraude, a económica, porque non lle tocaron á devesa da Rogueira, e esa foi a sorte. O gran perigo sería que se lles ocorrera gastar 16 millóns, por exemplo, en meter pas ou *buldocers* na devesa da Rogueira, que, a estas alturas, non teríamos xa devesa da Rogueira. Dentro das fraudes que se poden producir no país, hainas de maior contía e de menor contía. A fraude na devesa da Rogueira é de 16.500.000 de pesetas e é unha fraude de menor contía, porque non se produciu o desastre ecolóxico que podía producirse de ocorréselle empregar o diñeiro.

Podemos pasar ás actuacións no terreo da cultura apoiadas pola Consellería de Cultura, aínda que dirixidas, manipuladas, ordenadas e controladas por esta asociación mixta, e digo mixta porque depende de moitos organismos Río Lor.

Castros de Vilar e da Torre e mina da Toca. Non sei, penso que non lle tocaron á mina da Toca, e posibelmente tamén fose o mellor que lle pasase á mina da Toca, que non a tocaran.

Supervisión do arqueólogo don Antonio Álvarez Núñez, non sei por que me soa este nome. Parece ser que foi elixido para este traballo en concurso público, que, xuntamente co seu equipo, desenvolveron as obras de limpeza, consolidación e sinalización nun prazo de 30 días, rematando o 12 de decembro. Cobraron por este traballo destes 30 días o señor don Antonio Álvarez Núñez e o seu equipo 6.700.000 pesetas. Teño entendido e sei de boa tinta que non se gastou moito nos materiais porque lles foron pedir as foudes —os podóns, que lle chaman noutros sitios— para limpiarl as uces, o toxo, a carqueixa e as xestas que había nos castros aos propios veciños, que, por certo, lles prestaron de bo grao e ata lles afiaron.

Agora supoño que o Goberno estará atento a contestarme a esta pregunta tamén, e antes de pasar á fraude de futuro, en canto á fraude económica, ¿canto se levaba investido por parte da Administración no Plan Courel en abril de 1994? Como segue existindo a fundación, ¿canto se está a gastar no día de hoxe? Porque se esa fundación era para uns determinados

proxectos que ían rematar de inmediato en 1994 ou en 1995, ¿para que queremos aínda aí o tabú? ¿Podemos ou non desmitificar xa o dito tabú?

E vou pasar xa finalmente a dicir que aquí hai unha fraude para o futuro do país. Hai unha fraude incluso porque, intermediando e actuando con todos estes organismos, impídese á propia Administración, sexa de quen sexa, desenvolver adecuadamente o futuro do país. ¿Para que o IDC?, ¿Para que o Río Lor? ¿Para que se queren as consellerías?, ou ¿para que se substitúen as consellerías por un tándem de varias bicis? Cursos da señora Besteiro, mulleres rurais, Río Lor, Deputación, alcaldes... Hai, por exemplo, unha actuación dun curso que implica, cando menos, a todas estas gloriosas institucións.

Dirección Xeral de Montes e Río Lor. ¿Pero é que non están a Dirección Xeral de Montes, os servizos forestais, os axentes forestais, os servizos de Extensión Agraria, os propios concellos, os servizos contra incendios, os servizos de Medio Ambiente? ¿Para que o tabú de novo? ¿Para que se quere aí a pantasma do Río Lor?

E imos xa rematar cunha cuestión básica. ¿Cales son as actividades económicas fundamentais destes sete concellos da montaña e parte do val de Lugo das que a xente pode vivir? ¿Cales son os recursos? Porque, curiosamente, nas actuacións deste grupo local non atopamos aquilo que é fundamental para a vida económica, para a vida social, para a vida cultural e xa non digamos para a vida deportiva, onde había un dos deportes estrela, o parapente, que tamén se paralizou porque o señor que mercou os parapentes non os pagou, e ao final pois non houbo parapentes.

Tamén tiñan previsto facer e non sei cuántas cousas, pero atravesáronse as minicentrales e o que non se pode é pechar a auga en Ferramulín ou pechar a auga cunha minicentral na parte alta do río Loureiro e despois mandar a facer eEn todo caso, mandarémolos que vaian a rastro, polo río abaixo, ou polo leito do río, porque xa non haberá auga.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, Delgado Arce.)

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Vaia rematando, señor deputado.

O señor LÓPEZ PÉREZ: O máis interesante —xa remato, señor presidente— de todo isto é a gran coherencia que ten a actuación, e xa non falemos do preciosos que quedan os restos socavados de determinadas explotacións mineiras nin falemos xa da transparencia de determinados ríos, como o río Quiroga, nin das actuacións que se prevén para o futuro. E ¿onde están as reforestacións con todos estes gastos que se fixeron?

O único que parece que coincide con algo do que alí se producía en tempos e de xeito moi importante é o mel. Como moito, podemos quedar, ao final de todas estas actuacións, con aquilo de "mel e circenses". Eu creo que máis de si non deu este plan. Se o pararan sería bo para o país, para eliminar a fraude institucional, económica e, sobre todo, do futuro do país.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Delgado Arce): Moitas grazas, señor López.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Rodríguez Rodríguez): Señor presidente, señorías.

Don Emilio Gil, eu vou responder-lle a parte seria da súa interpelación, que é a parte escrita, na que formula vostede distintas preguntas relativas á actuación do Río Lor. Considero a miña obriga institucional, con respecto a esta Cámara, contestar esas preguntas. E despois farei uns breves comentarios sobre esa peculiar intervención, que non teño outra maneira de cualificala.

Eu quero recordar ante esta Cámara que o Plan Courel nace como unha iniciativa do Goberno galego cando un proxecto presentado, o Plan Leader, no ano 1990, non foi aprobado pola Administración central e nin sequera chegou a Bruxelas, foi parado en Madrid. Entón decidiuse pola Xunta de Galicia que as actuacións principais que estaban aí subliñadas naquel Plan Leader, ían ser realizadas directamente pola Administración, en colaboración, se era o caso, con entes privados, neste caso era co Instituto de Desenvolvemento Comunitario, que colaborou par-

cialmente, no sentido de que el era o que deseñara inicialmente o Plan Courel, e que foi o xerme, a iniciación, da Asociación Río Lor.

En canto ás preguntas formuladas, direi que en canto a postos de traballo creados, só en turismo rural se crearon 36 postos de traballo, independentemente de 14 postos que se consolidaron, entendendo por consolidados os dos autónomos que estaban á fronte das empresas que non tiñan asalariados. Polo tanto, estes 14 empresarios contrataron 36 traballadores e, polo tanto, en definitiva, estamos falando de 50 postos de traballo entre autónomos e asalariados. E isto, sen incluír, como é natural, a rehabilitación do balneario do Incio —que se está realizando o proxecto de rehabilitación—, que, cando se termine, dará lugar á creación duns 20 postos de traballo como mínimo.

¿Que cantidade de fondos empregaron para as administracións? A Secretaría Xeral do Turismo empregou 222.524.538 pesetas; a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, 130.646.200 pesetas; para a rehabilitación de Seceda e Froxán empregáronse 118.282.316 pesetas; e despois simplemente con convenios coa Asociación Río Lor e coa Dirección Xeral de Estructuras Agrarias, 63 millóns; coa entón Consellería de Traballo e Servizos Sociais, 116 millóns; e coa Consellería de Cultura, 6.800.000. A isto engádense unha serie de obras que non estaban incluídas nesta relación relativas á rehabilitación de patrimonio nas adegas de Vilachá e na igrexa de Santa María de Val de Mao, e dános un total de investimentos directos, fundamentalmente a través da Administración, de 720 millóns de pesetas.

¿Cales son os cursos que se financiaron pola Consellería de Traballo e Servizos Sociais con 116 millóns? No ano 1992, 47 millóns dedicáronse a iniciativas turísticas no medio rural, cooperativismo e SAT, xestión empresarial, deporte natural, rural e campismo, acollida á restauración, transformación de produtos e formación do turismo rural. E no ano 1993 financiáronse iniciativas turísticas no medio rural, tamén de acollida e restauración, de teares, de transformación dos produtos queixo e mel e de transformación de produtos en xeral. Fundamentalmente se dedicaron, nos produtos, ó mel, ó queixo e á castaña.

Preguntaba qué rutas de sendeirismo. En Folgoso do Courel: Castro de Vilar, Devesa da Rogueira; en Bóveda, Penacova; en Samos, Val do Lóuzara; en Pobra de Brollón, Pena dos catro cabaleiros, Río Lor; en Quiroga, *La encomienda del aceite y la miel*, e en Ribas de Sil, a Cuvela. Son, en total, nove rutas de sendeirismo.

Restauración de castros: o castro de Vilar, en Folgoso, o castro da Torre en Folgoso e a mina da Toca en Folgoso. Son os 6-7 millóns de pesetas investidos pola Consellería de Cultura a través da Asociación Río Lor na rehabilitación destas tres actuacións.

Restauración de arqueoloxía industrial: a ferreiría de Penacova, que é un exemplo de restauración dunha ferreiría con 15,7 millóns. Monumentos ou similares: a iluminación da igrexa do Hospital con 2,5 millóns e a rehabilitación da igrexa de Santa María de Val de Mao do Incio, con 43 millóns, realizadas directamente pola Consellería de Cultura, como é natural.

Actuacións en poboados. En Seceda, 100 millóns de pesetas en dúas actuacións e en Froxán, 18 millóns de pesetas. Eu considero un orgullo que a Secretaría de Turismo, na miña época, que era responsable, dentro da Consellería de Presidencia, fixese a rehabilitación de Seceda, que é un exemplo dunha rehabilitación dun núcleo etnográfico. Tamén ten que constar a restauración das adegas de Vilachá por 20 millóns.

¿Cantas casas de turismo rural? En Bóveda, Arume, con 9 cuartos; Chamouco, con 17 cuartos, Penacoba, con 6 cuartos e Restaurante Azul tamén. No Incio, Romariz, con 10 cuartos; No Courel, O Mirador, con 8 cuartos, Dosinda, con 2 cuartos, O Comerciante con 2, Ferreiro con 10, Valín con 2 e o cámping con 8 bungalows, 16 cuartos; independentemente das prazas de cámping. En Pobra de Brollón, a Sala nova, con 7 cuartos, As Viñas, con 7 e Pacita con 5. En Ribas de Sil, As Vegas, con 10 cuartos. En Samos, Victoria con 4 cuartos e O Gayo. En total, son 119 habitacións.

¿Cales son as accións que se realizaron directamente pola Consellería de Cultura e Medio Ambiente Natural sen intervención doutra administración naquel momento en 1992? O refuxio de pescadores Bocaloureiro e Paramadela, en Folgoso do Courel; o

peche para caza maior do monte de Paramadela, o miradoiro Pena dos pasos, o miradoiro da Conchada, en Quiroga, o miradoiro Pena da Ladeira en San Clodio, o acondicionamento de sendas e marxe na Devesa da Rogueira e a adecuación de sendeiros e accesos na marxe do río Lor, no que se investiron 29,9 millóns.

Despois tamén a creación de devasas: 20 hectáreas, no monte Devesa de Paderne, parroquia de Meira (Folgoso), montes Devesa de Romeor, parroquia de Esperante (Folgoso), que son 6,6 millóns. Repoboación de frondosas, 34 hectáreas, Cabeza do Couto en Seoane, Pico do Couto en Folgoso do Courel, da Miranda, Seceda, Formigueiros, do Seixo, Alto do Boi, etc.,

Tamén se adquiriron vehículos para repoboación, para instalacións (...) e para equipo de depósito de transporte de peixes. Tamén se ampliaron áreas recreativas cabo do río, lugar de Sá, en San Pedro, e tamén no concello de Pobra de Brollón. E creáronse infraestructuras para o desenvolvemento de actividades de ocio e recreativas no Lor. Créronse despois tamén sinalamentos de itinerarios, montaxe de paneis e interpretacións da Devesa da Rogueira, centro de interpretación da Devesa, etc., etc. E despois equipos e miradoiros con paneis na serra do Courel, no miradoiro da Campa, Camposeixo, na Conchada, en Nogueira e en Paramadela.

Tamén se acondicionaron espazos naturais en Vilaboa, Ribaspequenas e Pobra de Brollón. En definitiva, un conxunto de actuacións. Á parte disto, teño que sinalar tamén o convenio da Dirección Xeral de Estructuras Agrarias naquel momento coa Asociación Río Lor por 63 millóns, para o equipamento das oito oficinas nos concellos de Folgoso do Courel, O Incio, Samos, Bóveda, Pobra de Brollón, Ribas de Sil e Quiroga, con equipos informáticos, fax, fotocopiadoras, mobiliario, instalación de oficinas, material deportivo para as escolas, vehículos todoterreo, vídeo promocional do Courel e actuacións conxuntas que están perfectamente xustificadas.

A súa señoría preguntaba pola xustificación dos gastos. Tódolos gastos realizados pola Administración autonómica son con cargo á administración ordinaria, coa xustificación ordinaria de calquera gasto da Administración, cos controis ordinarios de intervención previa, etc. O único que hai de

actuacións, de convenios, pero sometidos ós controis ordinarios da Administración, son os convenios coa Consellería de Traballo e os convenios de 63 millóns con Agricultura. Pero todo o demais está realizado directamente pola Administración con controis ordinarios.

Vostede preguntaba pola fundación Río Lor. Inicialmente, a Asociación Río Lor, que é a que colaborou nestas actuacións, despois transformouse nunha fundación e recepcionou un dos trece Leader que actualmente existen desde o ano 1996, da segunda fase. Ten un Leader, que está realizando as actuacións pertinentes que non son obxecto desta interpelación, como calquera outro Leader, e sobre o cal supoño que a súa señoría poderá preguntar á Consellería de Agricultura ou á propia asociación.

Os compoñentes desta fundación son os alcaldes de tódolos municipios. O presidente é o alcalde de Folgoso do Courel, o vicepresidente primeiro é o vicepresidente da Deputación, e despois os alcaldes de todos eles. Esta asociación terá un Leader II, como calquera outra das titulares dos Leader, que teñen a mesma natureza todos eles, no que se investirán 950 millóns na primeira fase; digo 950 millóns como investimento público e 950 millóns como privado.

Eu non quería termina-la miña intervención, que procurei facela o máis seria posible e o máis xustificada posible, sen ter que aludir necesariamente á súa intervención, que, sinceramente e con toda cordialidade, me parece deplorable.

Vostede é unha persoa intelixente, aínda que non o pareza ás veces. Hoxe, desde logo, non acertou, porque non se poden utilizar termos como "fraude" sen ningunha xustificación, non se pode descualificar sen ningunha xustificación, non se poden pegar tiros ó aire polas boas sen nada. Hai que ser un pouco máis serios, un pouco mais rigorosos e plantexa-los temas con seriedade.

¿De que estamos falando? Estamos falando dun proxecto dunha área que era absolutamente deprimida e que se ve frustrada porque lle denegan un Leader. Esa área non tiña futuro, parecía que non tiña futuro, pero gracias á acción da Administración autonómica, á colaboración da Asociación Río Lor e á colaboración de tódolos veciños da comarca, hoxe o Courel é

unha realidade e é unha realidade importante, de futuro.

Eu recordo nesta Cámara os múltiples debates que tiveron cun parlamentario —que era un magnífico parlamentario, amigo meu, co cal debatía aquí de cando en vez—, que era o señor Gato Soengas, sobre o tema de Río Lor. Eu pensaba que o señor Gato Soengas estaba equivocado, porque estaba actuando en contra do desenvolvemento do Courel. Parecía que lle molestaba o desenvolvemento do Courel. E a min dáme a mesma sensación de vostede, parece que se sente frustrado porque o Courel está saíndo adiante, parece que vostede está en contra do Courel.

Pola súa intervención, non o digo por outra cousa, eu non teño por que cualifica-las súas intencións, eu teño que cualifica-la súa intervención aquí, nesta Cámara. E quero dicirlle que O Courel se vai desenvolver e que o que se fixo constitúe unha fase importantísima para ese desenvolvemento e que van seguir outras fases.

(Ocupa a Presidencia o seu titular.)

O señor PRESIDENTE: Rógolle que remate.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Rodríguez Rodríguez): Na segunda intervención detallarei estas segundas fases de actuación que van proseguir. Non está terminado o plan Courel, non está determinado o desenvolvemento do Courel, hai que facer máis cousas; pero todo o feito constitúe unha garantía, constitúe unha seguridade para os veciños do Courel e para os veciños dos demais concellos de que se está actuando e de que haxa hoxe un futuro claro, cunha demanda efectiva e cunha preservación ambiental moi importante. E en canto á actuación da Administración, foi absolutamente correcta e exemplar.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos que queiran intervir? (Pausa.)

Ten a palabra o señor Sineiro García polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor SINEIRO GARCÍA: Si, señor presidente, hai algunhas precisións que quixera facer ó ritmo do que foi a intervención por parte do señor conselleiro da Presidencia.

Eu entendo que máis alá do que son algunhas das preguntas concretas da interpelación, que dalgunha maneira son preguntas concretas sobre graos de execución e de fiscalización dunha serie de gastos, quixera comeza-la exposición por parte do noso grupo cunhas consideracións de tipo xeral.

En primeiro lugar, afirmando que os temas de desenvolvemento rural son uns temas importantes para o presente e moito máis para o futuro, e nos que témo-la sensación de que a Xunta está a perde-lo tempo, que está usando un mal modelo. Está a perde-lo tempo porque, señor conselleiro, o primeiro que quixeramos escoitar de vostede é que, se hai unha fundación que se constitúe hai seis anos, un Plan especial Courel, único en toda Galicia, ó mesmo tempo que é unha discriminación positiva cara a eses concellos tamén había que preguntar qué se fixo en relación cos outros concellos de Galicia. Para o primeiro que tiña que saír aquí, aínda que non foran esas algunhas das preguntas específicas do deputado, sería para dicir: Seis anos despois de comezar podemos facer unha avaliación positiva do que é o método de traballo de futuro, estamos contentos da participación e da colaboración por parte dos veciños... E non nos fale dese futuro balneario de Incio, que xa foi balneario, e eu teño-me aproveitado dos seus servizos —era un balneario de interese—. Pois ó mellor eses vinte postos de traballo non chegan a se-los trinta e tantos que eu entendo que chegaron a ser non hai máis de dez ou quince anos. E simplemente foi unha empresa con problemas pola propia xestión da empresa familiar que o levaba. A min gustárame, señor conselleiro, sobre todo tendo en conta que na propia Axenda 2000 se está a falar dun certo cambio e de facer unha política cada vez máis adaptada a distintos territorios, e que se está falando da importancia de facer unha política rural integrada, de facer unha política rural pola que dalgunha maneira se trata de diversificar rendas e actividades, saber qué é o que fixo a Xunta. Porque probablemente algúns dos financiamentos específicos que haxa nesa Axenda 2000 van ser plans de financiamento específico polos que países, rexións e territorios que teñan experiencias positivas, modelos pro-

bados de desenvolvemento rural, estarán en situación de vantaxe cara ó futuro. E eu penso que nese sentido o balance por parte da Xunta de Galicia é negativo. É negativo nun principio básico: precisamente cando estamos falando de territorios que teñen unha actividade económica deficiente, unha das primeiras cousas das que falan os libros de texto é de que dalgunha maneira se trata de mobilizar recursos, de coñecer-los recursos que hai, pero, sobre todo, de promover un certo cambio de actitudes, forma-la xente, pero sobre todo promover actitudes emprendedoras que dalgunha maneira animen a través da formación, a través dun apoio participativo desde abaixo —non desde arriba, señor conselleiro— a emprender novas actividades; que se lle financie, que se lle preste atención nos primeiros tempos, normalmente e economicamente os máis duros, e incluso que se lle axude a superar limitacións como poden se-la xestión das pequenas empresas, unha información axeitada e a propia comercialización dos seus produtos. ¿Onde está ese modelo aquí?

Recordemos, señor conselleiro, e eu quérolle corri-xilas súas palabras, que o Plan Leader é un plan demostrativo. A Comunidade Europea trataba de seleccionar a través do primeiro Plan Leader algúns programas —non moitos, eran poucos— que tiveran unhas actividades demostrativas e nas que se valoraba precisamente que os grupos de iniciativa local, grupos nados de abaixo para arriba, foran os grupos que dalgunha maneira garantiran o futuro desenvolvemento deses proxectos. Eu entendo, señor conselleiro, que aquí o primeiro Plan Courel non era un proxecto no que había un grupo de iniciativa local, había un instituto de desenvolvemento alleo ó Courel, situado en Santiago... Porque estes foron os nacementos da fundación. Hoxe vostede obviou un dato: ¿quen foi o primeiro presidente da fundación? ¿Vostede acórdase? O señor Fraga, o ausente. ¿Vostede acórdase de que tamén houbo algún conselleiro máis nesa fundación, de que o presidente da Deputación de Lugo era outro membro da fundación? ¿Vostede acórdase de que algún deputado do seu grupo era outro membro desa fundación? ¿Vostede pode dicir que este é un modelo de abaixo a arriba? ¿Ou máis ben podemos estar falando dun modelo paracaidista? ¿Non nos recordará este modelo o modelo das fundacións de desenvolvemento comarcal? Señor conselleiro, non faltarán moitos meses para que aquí un detrás de outro lle vaia-

mos pedindo resultados desas comarcas piloto, de comarcas que empezaron con moito ritmo de trompetas na Terra de Ordes, no Deza... E que ó mellor no Deza si temos un síntoma visible de que hai un plan comarcal; e é ese edificio de exposición de produtos comarcais. Pero en cambio non temos un síntoma visible de participación e de promoción de novas actividades, non temos un antes e un despois do que significaron eses plans de desenvolvemento. E nese sentido, señor conselleiro, vostede non é un funcionario, é un responsable político que dalgunha maneira debера de aproveitar iniciativas que, sobre todo, cando veñen como interpelacións é porque significan un tema de interese xeral para Galicia. E pode ser un tema de interese xeral se nós, como algún grupo, como oposición, tratamos de controlalo que foron malos usos duns fondos. Pero vostede nun plan positivo debía dicir: "Estamos interesados, contentos, polo Plan Courel, porque foi unha iniciativa positiva para o conxunto de Galicia".

E vostede non pode dar ningún argumento nese sentido, señor conselleiro. Vostedes están pola Galicia de control de arriba a abaixo. E respecto do Plan de desenvolvemento rural teremos efectivamente un cambio no desenvolvemento rural se dalgunha maneira nos próximos anos conseguimos facer cambios de rumbo en comarcas. É verdade que haberá que axudar desde a Administración a tratar de supera-las eivas e as barreiras, de información, de financiamento, de busca de mercados e de novas actividades. Pero vostedes o que tratan de facer, como no mesmo listado de investimentos, foron, por unha parte, investimentos a melloras de espazos naturais que se deben de facer con ou sen Plan Courel; pero nós precisamente na zona do Courel, que foi unha zona onde houbo unha atención especial desde o punto de vista financeiro e ata desde o punto de vista dun mecanismo que naceu aí por parte da Xunta, non vemos ónde están os resultados. E temos moito que criticar do que vostedes din que foi unha falta de marxinação. Mire, vostedes non aprenderon. No Plan Proder o ano pasado adxudicáronse unha serie de proxectos por parte da Xunta de Galicia cun mecanismo de valoración que nós pensamos que estaba escrito a posteriori —segundo os resultados imos poñer un mecanismo de valoración—, con fondos escasos para zonas rurais. Resulta que se lles dan plans de desenvolvemento rural a territorios concretos do concello de Vigo, do concello de

Ourense, do concello de Lugo, e que se pon precisamente unha puntuación de tres puntos para aqueles proxectos nos que existe conflito entre zonas urbanas e zonas rurais. ¿Vostede sabe que ó darlles tres puntos evitaron que proxectos tipicamente rurais e necesitados, como o de Mondoñedo —polo que un deputado desta Cámara preguntaba o outro día especificamente na Comisión de Agricultura—, pois foran eliminados da lista? ¿Vostede sabe que, por exemplo, se dicía que nas iniciativas que teñen meteron unha serie de índices que en absoluto trataban de medi-lo que pode ser desde un punto de vista obxectivo a valoración deses proxectos? Pero sobre todo, se hai algo en común neses proxectos que se aprobaron, tanto na segunda etapa do Plan Leader como nesta etapa do Proder, é que, non sendo un proxecto singular na zona norte da provincia da Coruña —que por certo fora desbotado no Plan Leader e despois foi aceptado no Proder—, que era un tema relativo ó das fragas do Eume, os demais teñen en común que desde o punto de vista da Administración local o Partido Popular lles é alí maioritario. ¿Iso significa desenvolvemento rural ou significa control rural, señor conselleiro?

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Sineiro.

Réplica do autor da interpelación.

Ten a palabra o señor López Pérez.

O señor LÓPEZ PÉREZ: Señor conselleiro, voulle contar unha historia que ao mellor vostede sabe algo dela.

En certa ocasión, xustamente en Seoane do Courel, había un conselleiro que ía a unha inauguración ou estivera de inauguración, xunto con outras autoridades. E posiblemente por culpa tamén do Plan Courel estaban mal limpas as marxes da estrada e caeu por un barranco abaixo; por pouco máis vai parar ao río Lor. Un rapaciño de alí andou axudando a quitalo cunhas cordas. E cando saíu díxolle: "¡Home, e vostede como foi caer aí, non sabe andar aquí polo monte!". "Eu xa me encomendei a Deus", díxolle o conselleiro. E o rapaz, que era así da aldea, coma min, dixo: "¿E quen será Deus?" Dixo: "¡Home, non saber iso! E os atributos que ten, que Deus, por exemplo, é todopoderoso. Vouche dicir máis: sábeo todo, é inmensamente sabio, é moi intelixente. Ponme un

exemplo, que ti tes cara de ser intelixente aínda que non o pareza."

E vai o rapaz e di: "¡Moi fácil! Deus é tan intelixente, tan intelixente, que é capaz de quitarlle a albarda ao noso burro e poñerlla a vostede".

¡Fíxese vostede se era intelixente aquel rapaz do Courel!, bastante máis intelixente que os que fixeron o susodito plan.

Teño que felicitalo. Non sei, señorías, se se percataron de que o Plan Courel naceu por ansias de autodeterminación. É un plan feito enfrontándose duramente co Goberno central, porque aquí tamén hai líderes, e ¡vaia se hai líderes! O propio líder do Partido Popular está dando o *callo* tódolos días nesta Cámara e tenos *agobiadísimos* coas súas demostracións de sabenza e de goberno. Ademais, fíxese se é intelixente vostede, señor conselleiro, que me vén explicar agora, por exemplo —que eu pensei que non ía falar disto—, que o balneario do Incio se vai amañar. Fíxese: "Orde do 12 de xaneiro de 1993, balneario do Incio, investimento, 123.537.338 pesetas; apórtase de subvención, 65.924.294 pesetas ao señor Gasset, importante cargo do Partido Popular e amigo persoal do señor Fraga. ¡Pero é que neste momento lles van dar vostedes este diñeiro do novo proxecto que está feito ao señor Gasset! Non, o señor Gasset acaba de vender o balneario do Incio sen saber qué foi dos 65.924.294 pesetas. Responda vostede aquí deses cartos, porque do contrario temos que ir ao xulgado. Actualmente está en mans doutro propietario.

Señor conselleiro, ¿sabe vostede o que lle pode caer enriba se lle cargan ao lombo unha cousa que se chama Alba S.A., (...) e outros nomes? A vostede e a alguén máis. Alguén que está moi perto de vostede sabe seguramente máis destas cousas ca vostede mesmo. E se efectivamente soubera o que lle poden cargar enriba, igual se paralizaban agora mesmo determinadas actuacións, nas que algún señor agarda recibir cartos para un proxecto dun teórico couto de caza maior, ou TECOR, unha reforma nun balneario que xa foi pagada e que se vai facer cunha nova subvención. E veremos cómo saen vostedes desta.

Podía citarlle máis fraudes: o da aula da natureza, do Courel —a menor escala—. Calquera albanel cuns

coñecementos mínimos se dá conta de que dalí faltan ao redor de catro ou cinco millóns de pesetas.

O BNG preguntou na Cámara, e cando chegou o momento non se puideron presentar facturas. E é a terceira vez que pedimos esas facturas e non se presentan, porque é imposible xustificar nunha mesa de madeira de catro táboas catrocentas e pico mil pesetas, por exemplo. E hai moitas máis fraudes, ou sexa, o dos cursos e todo isto é todo fraudulento. Nin se fixeron tales cursos nin se fixeron tales cousas. Pero mire, está aí no *Diario de Sesións*, falou vostede de máis de 640 millóns de pesetas no ano 1994. Está no *Diario de Sesións*, señor conselleiro, no mes de abril. Se quere, despois —non o teño aquí—, dígolle exacta a cifra. É igual, millón arriba millón abaixo; despois do que roubaron aí, ¡que máis dá un millón máis ca un millón menos! Tampouco imos reñer por unhas pesetiñas, (*Murmurios e risos.*) aquí traballamos polo grande.

O señor PRESIDENTE: Señor López, a palabra de que roubaron, esa afirmación, é mellor que a retire vostede.

O señor LÓPEZ PÉREZ: Si, retiramos a afirmación de roubo, falamos de que cambiou o diñeiro de sitio, da dislocación de diñeiro. (*Risos.*)

Hai unha tremenda dislocación do diñeiro e iso, claro, produce un despiste colectivo, porque a estas alturas...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, señor deputado.

O señor LÓPEZ PÉREZ: ... nin no xulgado nin no Valedor do Pobo nin nos concellos nin nas deputacións nin no máximo órgano que representa a vontade popular damos localizado os cartos.

Aquí, á mañá, creo que era un compañeiro meu que falaba de paraísos, e isto cada vez é máis espiritual; e supoño que para alguén debe ser máis paradisíaco porque ten, desde logo, moitos camiños para chegar ao paraíso con tantos medios e con tantas axudas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor deputado.

O señor LÓPEZ PÉREZ: E xa remato. Pero como parece que quedou bo sabor de boca, non chega co Plan Courel. Aínda veñen agora os Leader, Leader I e Leader II, ou sexa, que xa estaba ben amañada esta fundación e vén vostede agora e dinos que aínda houbo outras dúas novas adquisicións: teñen vostedes dous "Leader" máis. E iso tamén xera unha enorme confusión, porque quen empezou fundando isto pois é un deputado que está agora presente nesta Cámara — que ata o domicilio era o seu propio domicilio—; pero neste momento xa hai novos "líderes". Entón recorreremos a novas iniciativas, a ver se damos localizando os cartos e mais os "líderes".

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor López.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Rodríguez Rodríguez): Señor presidente, señorías.

Señor Sineiro, voulle responder moi brevemente porque, dada a natureza da intervención de don Emilio López, quero centrarme nesa intervención.

Eu quero dicirlle con respecto á súa que nós temos un modelo de desenvolvemento. Obviamente estamos todos de acordo en que o desenvolvemento é de abaixo a arriba, para eso están os plans Leader, sabémolo todos, sabemos cómo funciona todo esto. O que si é certo é que nun momento determinado, co entón Goberno Socialista, non se tramitou o Leader I para o plan para O Courel, que tiña dereito lexítimo porque é unha das zonas de Galicia que máis o merecen. Non se tramitou, e o que fixo o Goberno galego foi substituí-la iniciativa que tería que levarse a través dun Plan Leader e desenvolver actuacións directas que estaban contempladas e actuacións doutro tipo. E despois foi evolucionando ata constituírse a fundación como un modelo típico dun grupo de desenvolvemento local, como calquera dos outros doce que recibiron plans Leader. Son todos iguais, todos teñen a mesma natureza... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non interrompa, señor Sineiro.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Rodríguez Rodríguez): Por favor, señor Sineiro, eu atendino a vostede con moita cortesía. Rógolle a mesma.

(O señor Sineiro García pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Non interrompa, señor Sineiro, por favor. Se non, vereime obrigado a chamarlle a atención.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Rodríguez Rodríguez): Polo tanto, eu suxeríralle, señor Sineiro, que vostede practicara un deporte que outras veces practicou: viaxe, vaia ó Courel. Porque dicía: "¿Onde están os resultados?" Pregunte alí. Pregunte por alí e verá como o Plan Courel está funcionando realmente e crea iniciativas.

Señor López, eu teño que dicirlle a vostede que ten cobardía política, non persoal, cobardía política, porque se o que di aquí nesta Cámara o di fóra dela, está vostede querelado inmediatamente.

Vostede atrevese a falar de roubo, atrevese a falar de fraude. Pídlle respecto para as súas palabras. Vostede dixo que se lle pagara ó señor Gasset unha subvención de 61 millóns de pesetas, ¡falsidade absoluta, falsidade absoluta! Eso non é pagar, concedéuselle unha subvención que foi anulada porque non realizou o investimento. E a subvención concedida anulouse porque non realizou o investimento. E a un novo proxecto, a un novo empresario que realiza o investimento concédesele a subvención. É unha falsidade absoluta o que dixo vostede, e é unha vergonza que un membro desta Cámara non teña información suficiente para formular acusacións graves tan infundadas coma estas. *(Risos.)* ¡Acusacións infundadas coma esa é unha falta de respecto a esta Cámara! E parece mentira que vostede sexa deputado desta Cámara, ¡parece mentira! *(Pronúncianse palabras desde os escanos que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non entren en diálogo, por favor, señor conselleiro.

(O señor López Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Rodríguez Rodríguez): Non se poden dicir esas cousas. Hai que sabe-lo que se di. Non se pode falar de pagos se non existen, non se pode falar de roubos se non existen. Non se pode utilizar esa linguaxe nesta Cámara, somos unha Cámara parlamentaria, representamos ó pobo e temos a obrigación... *(O señor López Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor López, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Rodríguez Rodríguez): ...de falar con seriedade e de ser responsables. E vostede non o foi na súa intervención. A súa intervención é deplorable e é unha mentira. Está comprobado e é así. Nin sequera sabe que non existía Leader I neste caso, como dixen na primeira intervención. Nin sequera entendeu o que eu dixen.

Eu respéctoo a vostede como membro desta Cámara, o que non respecto son as súas palabras. Pídolle que no futuro sexa unha persoa seria e que cando formule unha acusación estea debidamente fundada e que fale con propiedade. Non insulte a un membro desta Cámara nin insulte a un Goberno que está actuando con lexitimidade. Podemos equivocarnos, non somos deuses, podemos face-las cousas mal; pero non se poden formular ese tipo de acusacións absolutamente gratuítas, infundadas, sen ningunha xustificación e sen ningunha seriedade nin nada máis.

E non teño nada máis que dicir da súa intervención porque non ten vostede dereito a que lle responda...

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor conselleiro.

A seguinte interpelación debaterase mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e corenta minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS POR CADA
CIRCUNSCRIPCIÓN

PROVINCIA DA CORUÑA

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- Antonio Couceiro Méndez
- 3.- José María Hernández Cochón
- 4.- José Antonio Orza Fernández
- 5.- Gerardo Conde Roa
- 6.- Juan Manuel Juncal Rodríguez
- 7.- Manuel Ruíz Rivas
- 8.- Jaime Pita Varela
- 9.- José Manuel Vila Pérez
- 10.- María Elisa Madarro González
- 11.- Jesús María Fernández Rosende
- 12.- Manuel López Outeiral
- 13.- María Marta Álvarez Montes

B. Polo Bloque Nacionalista Galego

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- María Pilar García Negro
- 3.- Camilo Nogueira Román
- 4.- Xosé Henrique Tello León
- 5.- Xesús Vega Buxán
- 6.- Xosé Díaz Díaz

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Miguel Cortizo Nieto
- 2.- Anxo Guerreiro Carreiras
- 3.- Javier Losada de Azpiazu
- 4.- Emilio Pérez Touriño
- 5.- José Luis Méndez Romeu

PROVINCIA DE LUGO

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- Mauro Varela Pérez
- 3.- Dositeo Rodríguez Rodríguez
- 4.- Fernando Carlos Rodríguez Pérez
- 5.- José María García Leira
- 6.- Celso Currás Fernández
- 7.- Fernando Pensado Barbeira
- 8.- José Manuel Barreiro Fernández
- 9.- María Jesús Tapia Fernández

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Isabel Salazar Bello
 - 2.- Francisco Sineiro García
 - 3.- Ismael Rego González
-

PROVINCIA DE OURENSE

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Celso Delgado Arce
- 2.- Castor Gago Álvarez
- 3.- Daniel Barata Quintas
- 4.- Miguel Santalices Vieira
- 5.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 6.- Manuel López Casas
- 7.- Roberto Castro García
- 8.- Joaquín Muñoz González

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Manuel Veiga Pombo
- 2.- Xabier Casares Mouriño
- 3.- María Antonia Álvarez Yáñez

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A. Polo Partido Popular:

- 1.- José Cuíña Crespo
- 2.- Alberto Durán Núñez
- 3.- Miguel Domínguez Vaz
- 4.- Jesús Palmou Lorenzo
- 5.- Pablo Crespo Sabarís
- 6.- Jesús Pérez Varela
- 7.- Juan Pedrosa Vicente
- 8.- Juan Manuel Casares González
- 9.- Justo José González Ballesta
- 10.- Ramón Cortegoso Fernández
- 11.- José Enrique Sotelo Villar
- 12.- María del Carmen García Campelo

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- María Olaia Fernández Davila
- 4.- María Salomé Álvarez Blanco
- 5.- Bieito Lobeira Domínguez
- 6.- Rosa Darriba Calviño

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Abel Caballero Álvarez
 - 2.- María Dolores Villarino Santiago
 - 3.- Xosé Manuel Pazos Varela
 - 4.- Antón Louro Goyanes
-

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Blanco, María Salomé	(BNG)
2. Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3. Álvarez Montes, María Marta	(PP)
4. Álvarez Yáñez, María Antonia	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
5. Barata Quintas, Daniel	(PP)
6. Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8. Caballero Álvarez, Abel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
9. Casares González, Juan Manuel	(PP)
10. Casares Mouriño, Xabier	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
11. Castro García, Roberto	(PP)
12. Conde Roa, Gerardo	(PP)
13. Cortegoso Fernández, Ramón	(PP)
14. Cortizo Nieto, Miguel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
15. Couceiro Méndez, Antonio	(PP)
16. Crespo Sabaris, Pablo	(PP)
17. Cuíña Crespo, José	(PP)
18. Currás Fernández, Celso	(PP)
19. Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
20. Delgado Arce, Celso	(PP)
21. Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
22. Domínguez Vaz, Miguel	(PP)
23. Durán Núñez, Alberto	(PP)
24. Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
25. Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
26. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
27. Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
28. Gago Álvarez, Castor	(PP)
29. García Campelo, María del Carmen	(PP)
30. García Leira, José María	(PP)
31. García Negro, María Pilar	(BNG)
32. González Ballesta, Justo José	(PP)
33. Guerreiro Carreiras, Anxo	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
34. Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
35. Hernández Cochón, José María	(PP)
36. Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
37. Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
38. López Besteiro, Manuela	(PP)
39. López Casas, Manuel	(PP)
40. López Outeiral, Manuel	(PP)
41. López Pérez, Emilio	(BNG)
42. Losada de Azpiazu, Javier	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
43. Louro Goyanes, Antón	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
44. Madarro González, María Elisa	(PP)
45. Méndez Romeu, José Luis	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
46. Muñoz González, Joaquín	(PP)
47. Nogueira Román, Camilo	(BNG)
48. Orza Fernández, José Antonio	(PP)
49. Palmou Lorenzo, Jesús	(PP)
50. Pazos Varela, Xosé Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
51. Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
52. Pensado Barbeira, Fernando	(PP)
53. Pérez Touriño, Emilio	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
54. Pérez Varela, Jesús	(PP)
55. Pita Varela, Jaime	(PP)
56. Rego González, Ismael	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
57. Rodríguez Feixóo, Alberto Xullo	(BNG)
58. Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
59. Rodríguez Pérez, Fernando Carlos	(PP)
60. Rodríguez Rodríguez, Dositeo	(PP)
61. Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
62. Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
63. Salazar Bello, Isabel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
64. Santalices Vieira, Miguel	(PP)
65. Sineiro García, Francisco	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
66. Sotelo Villar, José Enrique	(PP)
67. Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
68. Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
69. Tello León, Xosé Henrique	(BNG)
70. Trigo Durán, Francisco	(BNG)
71. Varela Pérez, Mauro	(PP)
72. Vega Buxán, Xesús	(BNG)
73. Veiga Pombo, Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
74. Vila Pérez, José Manuel	(PP)
75. Villarino Santiago, María Dolores	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf: (981) 56 16 00.

Impresión: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735